

Unha nova xeración encabeza as listas do BNG

(Páx. 7)

Nº 1.169
Do 31 de marzo ao 6 de abril de 2005
Ano XXVIII - IV Xeira

ANOSA TERRA

FUNDADO EN 1907

1,75 euros



Ramón Villares
'España nunca será federal'

(Páx. 9)

Xosé R. Gaioso
'Eu ia para xuíz e acabei en Luar'

(Páx. 31)

Salustiano Mato

'Non hai que mirar só os postos de traballo que crea unha empresa, senón tamén os que destrúe'

(Páx. 8)

TEN TODO O DEREITO XOSÉ M. BEIRAS A QUE AS BASES do BNG se pronuncien sobre a súa percepción de se debe de encabezar a candidatura pola Coruña ou Pontevedra. Poida que sexa, ademais, un claro exercicio de democracia interna como tenta presentalo a Executiva nacionalista. Mais, ao mesmo tempo que dan esta "lección democrática", o proceso no que se meten os nacionalistas ten uns claros perigos. Un triunfo das posturas de Xosé Manuel Beiras sería visualizado tanto interna como externamente como a derrota de Anxo Quintana. Viríase así abaixo o seu liderado e a renovación nacionalista aparecería como un intento fallido. As consecuencias electorais serían catastróficas e, se a dinámica que comezaría o BNG non é fácil de enxergar, si son doados de comprender os seus riscos. A aposta de Beiras, sobre todo cando algúns dos seus achegados ameazan con confeccionar candidaturas propias á marxe do BNG, pode ser tamén negativa para unha figura que xa ten o seu lugar na historia e indiscutíbel até agora para todos os nacionalistas. O veredicto das bases que el reclama, se non se coída o debate, non só vai ser lido como un referendo ou rexeitamento puntual da súa persoa, senón que tamén vai crear desafectos, críticas acedas e rexeitamentos que alpurmarán unha traxectoria singular dentro do panorama político galego. O nacionalismo, ás portas de chegar ao goberno, non pode expoñerse ledamente a botar por terra o traballo de lustros, mesmo derrubando referentes sociais en batallas políticas. Comeza unha semana perigosa para o BNG. ♦

AS TRES MORTES DE LORENZO VARELA

Antón Lopo



LETRAS GALEGAS 2005.
Un libro mosaico de toda unha época e un tempo que Lorenzo Varela viviu nas trincheiras do campo de batalla, nas barricadas da literatura, no seu combate interior entre razón e emoción.

O Foro das ideas e das artes
(Oito páxinas especiais)

A economía da UE supera xa a dos EE UU
(Páx. 20)

A historia doutro grande empresario emerxente

Manuel Xove, de carpinteiro a multimillonario

Manuel Xove Capelán fundou FADESA, empresa do sector inmobiliario que obñta con máis de 11 millóns de euros de capital social e é unha das máis importantes do Estado do sector.

O coruñés Manuel Xove, de sesenta anos, é o seu fundador FADESA, o outro milagre económico galego

PERFECTO CONDE

Fálase moito da expansión de Inditex e do liderazgo de Amancio Ortega, agora xa integrante do gran *gotha* dos máis ricos do mundo. Pero non é o de Arteixo o único milagre económico dos últimos tempos de Galiza. Está Fadesa, por exemplo. O gran emporio da promoción, construción e comercialización inmobiliarias. Manuel Xove Capelán, un carpinteiro do antigo Campo da Leña coruñés, é a súa *alma mater*.

Hai sesenta anos, cando naceu Manuel Xove Capelán, o Campo da Leña da Coruña era un enclave do popular Monte Alto no que compartían as súas vidas obreiros e artesáns. O fundador do que hoxe é o emporio inmobiliario Fadesa estaba chamado a ser un deles. Aprendeu o oficio de carpinteiro e montou, co seu irmán Ánxel, un taller no que rapidamente se especializaron en facer portas de madeira.

Aquel era aínda o tempo da longa noite de pedra, pero a economía do franquismo xa estaba virando cara o desenvolvemento e o incremento do consumo. Os irmáns Xove, nos primeiros anos setenta, xa estaban metidos no negocio de construír e vender vivendas. Pouco despois, separáronse. Manuel Xove fundou Fadesa, hoxe un imperio inmobiliario, e Ánxel orientou os seus pasos con Irco, agora outra poderosa empresa construtora e promotora.

Segundo conta Xosé Manuel Pereiro, bó coñecedor da vida coruñesa, Fadesa rematou de mala maneira a súa primeira década de existencia, debido ao fracaso de Fincas Galicia, unha promoción de vivendas posta en marcha no que empezaba a ser a periferia residencial de Santiago. Apareceu entón Xosé Luis Colado, un antigo Gobernador do tempo de Adolfo Suárez, co seu bote salvavidas en forma de crédito de mil millóns de pesetas a un 5 por cento de interese, nunha época na que o prezo dos cartos era do 15 por cento.

Coa axuda de Colado, a empresa de Manuel Xove planeou a construción de conxuntos residenciais que puideran resultar practicamente autosuficientes e que non abundaban ou nin siquera existían daquela na periferia coruñesa. Foi, como di a propaganda de Fadesa, o comenzo,



O director de banca minorista para España e Portugal de BBVA, Julio López, con Manuel Xove na firma do acordo entre ambas compañías para a adquisición inmobiliaria. AGN

dun "novo modo de escoitar, de entender, de proxeccionar, de deseñar, de comercializar, de construír, de competir" o que inspirou a filosofía dun grupo galego que pronto se estendeu por case toda España e por algúns puntos de Portugal e Marrocos.

Xosé Luis Colado, o muñidor do préstamo salvador, safu da empresa pero entraron dende amigos persoais do fundador, coma Modesto Rodríguez Blanco, un mariño que pouco tiña que ver coa construción, até "astros"

da emerxente economía galega coma Xosé María Castellano Ríos, un dos "cerebros" de Inditex.

Grupo familiar

Hoxe, Fadesa Inmobiliaria, S.A. ten un capital social de 11.136.607 euros totalmente suscritos e desembolsado, dividido en 111.366.070 accións con valor nominal de 0,10 euros, todas da mesma clase e serie sen que existan accións privilexiadas. No seu consello de administración hai

catro persoas que non participan directamente no capital da empresa, Xosé María Castellano, Xosé Enrique Fernández-Llamazares, Xoaquín Sánchez-Izquierdo Aguirre e Xosé Luis Suárez Barragato. O resto teñen o capital repartido da seguinte maneira: Manuel Xove Capelán, 54,101 por cento do total. Modesto Rodríguez Blanco, 3,5 por cento. Xosé Luís Macía Sarmiento, 0,104 por cento. Manuel Ánxel Xove Santos, 0,082 por cento. Felipa Xove Santos, 0,082 por cento. Os dous

últimos son fillos do fundador, Manuel Xove Capelán.

No que ten que ver cos principais cargos directivos da empresa, o reparto é familiar. Manuel Xove é presidente executivo. A súa filla, María Felipa Xove Santos, vicepresidenta primeira, e o seu fillo, Manuel Xove Santos, vicepresidente segundo. O conselleiro delegado é Xosé Luís Macía Sarmiento, e as vocalías están ocupadas por Modesto Rodríguez Blanco, Xosé

continúa na páxina seguinte



Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:

Presidente: Xosé Fernández Puga.

Vogais: Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Mª Doharro, Manuel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.

Secretario: Xan Piñeiro.

Director: Afonso Eiré López.

Redacción: Xan Carballa, Manuel Veiga, Horacio Vixande, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Rubén Valverde, Paco Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.

Edicións Especiais: Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta: Xoselo Taboada.

Coordinación Humor Gráfico: Picho Suárez.

Colaboradores: GALIZA: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muíñoz Portabales, Martina F. Bantobre, X.C. Garrido Couceiro, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, Nª Pilar García

Negro, V.M. Vázquez Portomeie, A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois Diéguez, Antón Grande, Xavier López, Manuel Lugo, Xosé M. Abell, Manuel Rivas, Carlos Aymerich.

Sociedade: X. Vázquez Pintor, Xavier Queipo, Henrique Harguindéy.

Economía: Manuel Cao, X.F. Pérez Oia, Xosé García.

Península: G. Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.

Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena, Ignacio Ramonet, Ramón Chao.

Deportes: Manuel Pampín.

Cultura: Ramiro Fonte, Vitor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Carme Vidal, Celso López.

Pazos, X.M. Eyré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, Xesús González Gómez, Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Heitor Mera Herbelo, Xosé M. Buxán Bran, Marta Da Costa, Xosé Valiñas, Damián Villalán, Xerardo Pardo de Vera, José Viale Moutinho.

Fw de Sábana: Francisco Carballa, Marga Romero, César Varela, Xurxo F. Ledo, Francisco A. Vidal, Antón Patiño Regueira, Rudesindo Soutelo, Irmandade dos Vinhos, Xosé Miranda.

Lezer: Xesús Vaamonde Cid.

Última Páxina: X.R. Pousa, X.A. Gacibo, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía: Andrés Panaro, Xosé Marra.

Ilustración: Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín, Ana Pillado Vega, Hemo, Garrincha, Uxia e Brais, Roi Caggio.

Xefe de Publicidade: Carlos Martínez Muíñoz publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración: Blanca Costas

Subscripcións: Lola Fernández Puga subscripciones@anosaterra.com

Redacción e Administración: Príncipe 22, baixo, 36202 Vigo. Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica: www.anosaterra.com

Teléfono: 986 433 886 - 222 405. Fax 986 223 101.

CORREO ELECTRÓNICO: info@anosaterra.com

ADMINISTRACIÓN, SUBSCRIPCIÓN E PUBLICIDAD: 986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legat: C-963-1977.

ISSN: 0213-3105.

Vén da páxina anterior

María Castellano Ríos, Xosé Enrique Fernández-Llamazares Nieto, Xosé Luís Suárez Barragato e Xoaquín Sánchez-Inzquierdo Aguirre. A secretaría do consello é exercida por Francisco Xavier Acebo Sánchez e o cargo de vicesecretario non conselleiro é exercido por Federico Cañas García-Rojo.

A empresa Ernst and Young S.L. é a encargada de auditar externamente o grupo Fadesa ao que, por exemplo no exercicio do ano 2003, facturou servizos por importe de 301.504 euros.

Fadesa suscribiu coa compañía aseguradora norteamericana St. Paul unha póliza por 73,02 millóns de euros para garantir os investimentos que fan os seus clientes. Segundo declararon Manuel Xove, presidente de Fadesa, e Kent Urness, presidente da seguradora, esta é a póliza de caución inmobiliaria de máis valor que se ten firmado en toda Europa, e garántelles aos compradores de Fadesa a devolución total do capital investido, máis un 6 por cento de intereses, en caso de quebra financeira ou de calquera outro imprevisto que lles impida acceder á propiedade dos produtos adquiridos.

No 2004, Fadesa presentou unha conta de resultados, pola súa actividade inmobiliaria, cunha cifra de negocio de 658,7 millóns de euros e unha marxe bruta de 239 millóns (un 28 por cento superior a do ano anterior). Por venda de activos inmobiliarios obtivo 14 millóns de euros. Por actividade de hoteleira, 11,4 millóns e unha marxe bruta do 1,4 por cento. Por actividade industrial, a súa cifra de negocio foi de 16,4 millóns de euros, marxe de 9,7 millóns. E por outros ingresos de explotación, Fadesa rexistrou 702,2 millóns de euros, cunha marxe bruta total de 257,8 millóns.

O vento de popa

No citado exercicio os gastos xerais de Fadesa foron de 47,2 millóns de euros, e o resultado antes de impostos foi de 185,6 millóns de euros. Pagou 65,3 millóns de imposto de sociedades, e logrou un resultado neto atribuíbel de 120,3 millóns de euros, un 41 por cento superior ao conseguido no ano 2003. Segundo estas cifras, é evidente que a Fadesa dalle o vento pola popa.

Como fai este grupo empresarial galego para gañar tantos cartos? Construindo e vendendo non só casas senón hoteis, campos de golf, centros sociais, complexos turísticos, etc. Fadesa deseñou, construíu e comercializou en Galiza urbanizacións como Ciudad Jardín, Residencial Vegamar, Las Gavias, Marina del Pombal e Costa Anácara na provincia de A Coruña. En Ourense, a Urbanización Mirasol. E tamén en localidades como Oviedo, Ribadesella, Valladolid, Jaca (Huesca), Barcelona, Tarragona, Alacant, Valencia, Málaga, Almería, Granada, Sevilla, Ayamonte (Huelva), Santa Cruz de Tenerife, Las Palmas ou Lisboa.

A división patrimonial do grupo Fadesa ten actualmente centrada a súa actividade na construción e explotación de campos de golf. É a promotora



Oficina na Avenida da Mariña na Coruña.

AGN

inmobiliaria europea con maior número de proxectos que están a desenvolverse de forma asociada aos campos de golf, vinte e total, dos que 12 están en carteira e 7 en execución de obra. Por citar algúns exemplos: Club de Golf de Guadalmina, na urbanización Campos de Guadalmina; Arroyo de la Envcomienda, na urbanización Sotoverde; Illescas (Toledo), na urbanización Solagua; Ciudad Jardín de Aranjuez; Residencial Lomas de Badaguás

(Huesca); Sojuela en Moncalvillo Green (La Rioja); Urbanización Costa Esuri, en Ayamonte (Huelva), Santa Fe (Granada), etc. En Torrelago (Valladolid) construíu un club social.

Fadesa tamén ten en marcha varios proxectos de parques industriais, dos que xa empezou a ser exemplo o Centro Loxístico de Transportes de Culleredo (A Coruña), a sete quilómetros do aeroporto de Alvedro a a 15 da capital da provincia.

Dentro da actividade hoteleira, o grupo coruñés está desenvolvendo varios proxectos na Coruña, Barcelona, Zaragoza, León, Isla Cristina (Huelva), Saïdia (Marrocos), etc.

Grandes obras en Marrocos

Recentemente, Manuel Xove volveu aliarse empresarialmente co seu irmán Anxel que, con Fadesa e Anjoca, constituíron un consorcio para conseguir a construción dun gran complexo turístico en Marrocos.

Trátase do proxecto Tanger City Center, orzamentado en algo máis de 63 millóns de euros, para o que a Société Nationale d'Aménagement de la Baie de Tanger convocou un concurso público restrinxido. Sobre unha superficie de 3,4 hectáreas, con 180.000 metros cadrados edificábeis, xusto no centro da bahía de Tánxer, onde foi construída a nova estación do tren, preténdese erguer un gran centro comercial e de negocios, tres hoteis de entre

tres e cinco estrelas, 700 vivendas e máis de mil prazas de aparcadoiro. As empresas dos imáns Xove compiten na adxudicación deste proxecto, que está prevista para o próximo mes de xullo, con outras españolas como Martín Casillas e BCN Med Land.

De lograr este propósito, Fadesa entraría na execución do seu segundo gran complexo residencial e turístico en Marrocos. En agosto de 2003, o goberno de Rabat adxudicoulle a promoción e desenvolvemento do complexo turístico Mediterranea Saïdia, cun investimento total de 1.500 millóns de euros, até agora a obra máis grande e máis complexa executada por Fadesa. Está situado entre a cidade de Melilla e a fronteira de Marrocos con Arxelia, perto da cidade marroquí de Saïdia. Contará con seis hoteis de catro e cinco estrelas cos que se poderá ofrecer un total de 5.364 camas. Fadesa ten previsto rematar a primeira fase das obras a fin do ano 2006. A cadea hoteleira Barceló xa ten comprometida a explotación de dous destes hoteis.

Máis recentemente aínda, Fadesa estableceu coa empresa investidora en vivenda protexida Lazora un acordo, que alcanza a varias comunidades autónomas, para comprar e vender vivendas. Nunha primeira operación, Lazora xa lle comprou a Fadesa 76 vivendas en Tenerife e Las Palmas.

Con todo isto, Fadesa ten 21 delegacións en España, Portugal, Marrocos e Hungría. A familia Xove é dona do 71,3 por cento das accións. Cotiza na Bolsa dende o 30 de abril de 2004. Xa en 1998 estivo a piques de conseguilo, pero a valoración da empresa que se facía daquela e a volatilidade do mercado impediulle durante varios anos dar ese transcendental paso a Xove, que tamén viu perigo

Fadesa ten 21 delegacións en España, Portugal, Marrocos e Hungría. A familia Xove é dona do 71,3 % das accións.

o seu liderazgo no sector inmobiliario cando perdeu fronte a Bami a aposta por comprar a construtora de Altadis, Zabáburu. A morte da súa filla María Xosé Xove Santos, no 2000, cando era unha eficaz vicepresidenta executiva de Fadesa, tamén influíu moito no ánimo do fundador e na marcha dunha empresa que xa tiña tasado algunha vez o seu crecemento anual no 40 por cento.

O antigo carpinteiro do Campo da Leña coruñés, que empezou a facer negocios coas vivendas cando só tiña 17 anos, é agora un dos homes máis ricos de España. Morgan Stanley é un dos seus socios, Caja España igual, pero tamén o é Artinver, a empresa de Xosé María Castellano e Xosefa Ortega (de Inditex). A mediados do ano pasado tiña un stock de 8.320 contratos de vivenda frimados por valor de 1.211 millóns de euros e unha carteira de solo de once millóns de metros cadrados edificábeis. Ocupaba o terceiro posto do sector inmobiliario español, cun volume de negocio de 525 millóns de euros, e situábase inmediatamente despois de Metrovacesa e Urbis. ♦

Presentación do proxecto de Fadesa en Marrocos, na Barcelona Meeting Point. No centro, o ministro de Turismo de Marrocos, Adil Douiri, á esquerda, o presidente de Fadesa, Xosé Manuel Xove Capellán.

AGN



Non esqueceu a gubia

Segundo contan os que o coñecen, Manuel Xove Capellán non cambiou moito de persoa. Aínda que está adicado en corpo e alma á súa empresa, non é home alleo aos goces desta vida. Gústalle os bos viños, dos que vai facendo con esmero unha dotadísima colección, e non esqueceu o

manexo da gubia. Durante fins de semana adica unha parte do seu tempo libre á artesanía da madeira facendo móbeis de época no taller que ten na súa propia casa. Tamén é afeccionado a arte, e ten unha importante colección de pintura galega de todas as épocas. A perda da súa filla María

As fins de semana adica unha parte do seu tempo libre á artesanía da madeira.

Xosé, que faleceu dun derrame cerebral, significou moito para Manuel Xove. Empezara de avogada no departamento xurídico da empresa e era vicepresidenta executiva cando Fadesa xa facturaba anualmente 370 millóns de euros. Coordinaba as seis direccións xerais do grupo: inmobiliaria, construción, comercial, financeira, patrimonial e industrial. Pouco antes de morrer recibira o premio da Xunta de Galicia, otorgado á participación das mulleres. ♦

Vivimos no mellor dos mundos posibles
Felipe González

Vén de lembralo Eco. O seu Péndulo de Foucault é unha parodia dos Códigos da Vinci, anticipada 15 anos, e de todos os libros que resolven misterios con argumentos esotéricos. Volvan ler o Péndulo, un bo libro. O humor sempre é máis instrutivo e grato que as explicacións histórico-macarrónicas.

Unha nena fala galego nunha cafetería luguesa. Unha camareira sudamericana, de trazos indíxenas, di: Que graza, unha nena falando galego.

O ex campión do mundo de xadrez, Bobby Fischer, perseguido agora pola policía norteamericana. (Lembran: 1972, duelo co soviético Spasski. Gañara Fischer. Fora festexado como un triunfo de Occidente na guerra fría). O delicto agora de Fischer foi xogar unha partida na ex Iugoslavia, violando o embargo. Os EE UU parecen condenados a devorar os seus xenios, como Chaplin que emigrou ou como o físico Hans Bethe –recén finado– que sufriu graves ataques por opoñerse ás probas nucleares.

Cento e pico profesores vascos critican o Goberno “que lles impón o eúscaro”. Xa son

O 22 de xuño de 1633, Galileo Galilei escoita a sentenza do Tribunal da Santa Inquisición: “...sospitoso de herexía, é dicir, de ter mantido e crido falsas doutrinas contrarias ás sagradas e divinas Escrituras”. O físico e astrónomo italiano mantiña que a Terra xiraba arredor do sol cando asumir o sistema heliocéntrico supuña quebrantar os máis elementais preceptos da Igrexa católica, segundo a cal a Terra era o centro do Universo. Obrigóuselle a aburrar e foi sentenciado a cadea perpetua no que supuxo un dos máis claros exemplos de loita da razón e a lóxica fronte á imposición do dogma imperante.

Case catrocentos anos despois o dogma principal é o neoliberalismo e a súa ascensión acrítica tradúcese en Europa nunha nova Biblia: o Tratado polo que se institúe unha Constitución para Europa. A liberalización da economía, a desregulación do mercado de traballo, a privatización de “servizos económicos de interese xeral”, a política económica orientada á estabilidade de prezos, a alta competitividade como principio básico e como obxectivo, e o crecemento sostido do PIB son mandamentos incontestábeis de obrigado cumprimento que hoxe unen políticos, sindicalistas e cidadanía das máis dispares tendencias e que adquiren rango normativo con esta falsa Constitución. Isto supón certificar a derrota ideolóxica da esquerda e a consagración do pensamento único, esa falsa idea do pluralismo que se basea no esmagamento da minoría, materializado na recente campaña para o referendo do pasado 20 de febreiro: unha campaña excluínte que esqueceu intencionalmente a explicación do texto, que se baseou na eliminación do adversario político nos medios de comunicación e foi capaz de converter un sofisma en elemento propagandístico.

“Necia e absurda desde o punto de vista filosófico e formalmente herética”, continuaba a sentenza de Galilei. O noso “non” foi vilipendiado desde amplos sectores da chamada esquerda, argumentando que carece de razoamentos de peso e responde a unha posición eurocéptica. Nada máis inexacto. Somos herdeiros do máis puro internacionalismo. Pero, sobre todo, existe unha avultada diferenza entre a campaña explicativa do “non” e unha campaña do “si” baseada na retórica, nunha miseria argumental, en ocasións escudada nun abstracto “si crítico” que en política case sempre enmascara unha cesión incondicional.

O posicionamento negativo, e desde logo

nada cómodo, só se produciu logo dunha lectura atenta e meditada, e o seu correspondente debate. Baste lembrar telegraficamente que o primeiro déficit democrático do tratado foi a súa elaboración por unha elite que responde fundamentalmente aos intereses das grandes corporacións transnacionais. Ademais, é un tratado que só considera competencias exclusivas da UE as directrices económicas (o 70% do seu articulado), que lle dá rango de lei a un único modelo económico (o neoliberalismo), que consagra unha Europa-Potencia no plano militar, que non reconece os dereitos dos pobos sen Estado, que institucionaliza, en definitiva, aquelas políticas contra as que se viñeron manifestando millóns de traballadores nos últimos anos.

‘Agora é cando comeza a campaña, posto que o proceso está nos seus inicios. Cada futuro ataque aos dereitos fundamentais poderá relacionarse cun tratado que delimita claramente dous modelos políticos, económicos e sociais antagónicos’

partidos e sindicatos obreiros, as que fixeron avanzar na sociedade os ideais de igualdade, liberdade, xustiza e solidariedade fronte a un sistema baseado na explotación da maioría en beneficio propio por unha minoría. Eses principios, reivindicacións e ideais seguen hoxe tan vixentes coma onte, nuns tempos onde a

O Tratado da UE comeza agora

CARLOS PORTOMEÑE

A pesar de que os partidarios do ‘non’ no referendo do 20-F sufriron a condena de parte da esquerda, para o autor do artigo, era fundamental opoñerse ao ideario político do Tratado da Constitución Europea.



Laurent Fabius, dirixente socialista francés e un dos líderes do non ao Tratado.

involución de dereitos e liberdades conquistados se produce a un ritmo vertixinoso. Precisamente, agora é cando comeza a campaña, posto que o proceso está nos seus inicios. Cada futuro ataque que se produza aos dereitos fundamentais poderá relacionarse cun tratado que delimita claramente dous modelos políticos, económicos e sociais antagónicos, e que permitirá neutralizar á esquerda virtual. Haberá que estar atentos á aplicación dos principios e obxectivos do texto “constitucional” que acaba de ser aprobado por un 30% da sociedade, comezando pola anunciada “reforma do mercado de traballo”. Isto evidencia que a esquerda ten pendente un debate amplo sobre os retos actuais, as estratexias e, sobre todo, as alternativas; moito máis profundo que a habitual liorta electoral á que se renderon a maioría dos partidos e sindicatos, renunciando á reivindicación e á mobilización.

Por iso, aínda que sen adxurar, debemos dicir como Galileo: “E, no entanto, móvese”. ♦

CARLOS ANXO PORTOMEÑE PÉREZ é Secretario Xeral do Partido Comunista de Galicia e forma parte do Consello Político Federal de Izquierda Unida.

Cartas

Correo electrónico: info@anosaterra.com

A manifestación de ENCE

Acaba de celebrarse unha manifestación, en Pontevedra, para apoiar unha ilegalidade: a construción da papeleira en Lourizán. Pedían tamén (como se fose posíbel) a permanencia de ENCE na ría máis alá do ano 2018. Enganouse a algunha xente convocando “a favor dos postos de traballo”.

Que postos de traballo quere CC OO? Acaba de saír na prensa que quedou vista para sentenza a demanda presentada pola CIG contra Norfor (filial de ENCE) polo sistema de contratación que ten e que desvirtúa a antigüidade dos traballadores. CC OO pediu que se desestimase esta demanda por considerar que os traballadores tiñan que ter presentado demandas indi-

viduais (o mesmo argumento deu o representante legal da empresa). Non estaban os sindicatos para velar polas melloras laborais e defender e asesorar os traballadores?

Tamén acaba de publicarse en prensa a enquisa trimestral de custo laboral que realiza o INE. Aí podemos ler que o salario medio en Galicia é o terceiro máis baixo do Estado español. Un 18% inferior á media do Estado e case un 40% menor que en Madrid, o País Vasco ou Navarra, que son as comunidades cos soldos máis altos.

Así as cousas, o PP apoia e asiste á manifestación “polos postos de traballo”. Pero, non é este partido o responsable do descalabro laboral? (grande índice de desemprego, salarios inferiores pese á xornada laboral máis alta...) Desde cando lle interesan os postos de traballo? Pensemos en Metalúr-

xica Rías Baixas, Álvarez, Ponteasa, o sector naval... e os máis de 100.000 traballadores do campo (e a estas alturas o PP pide “ideas para revitalizar o campo”).

De que estamos a falar? De desprestixiar outra opción política que, en Pontevedra, está traballando pola creación de emprego. As cifras volven cantar e, tamén lin en prensa, desde o ano 2002 houbo nesta cidade 4.000 novas altas na Seguridade Social... un índice de actividade importante, ou non? Estamos a falar dunha opción política que non ten trato diferente co poderoso á hora de facer cumprir a lei. Non “todos os políticos son iguais”.

Estamos falando da necesidade urxente dun cambio político no goberno de Galicia. ♦

MERCEDES VÁZQUEZ (PONTEVEDRA)

“Tremendo, tremendo! Que está a dicir este home! Non semella dos nosos! Que vai pasar se o sabe Don Manuel... Que tremendo!...”. A deputada do PP Emma González Bermello laíabase deste xeito mentres o conselleiro de Economía, Carlos Otero Díaz, interviña no parlamento para rexeitar o traslado de Fenosa a Madrid. Falaba de espolio aos labregos, de terras anegadas sen contrapartidas sociais, do interese de Galicia por encima das familias capitalistas e das multinacionais que colonizan o país...

Ao rematar o pleno deume un abrazo. “Hai cousas que hai que dicir e xa está. Un é político, pero ante todo é un mesmo. Véxote o domingo na miña casa e falamos”, díxome mentres subía ao coche oficial.

A unha do mediodía estaba

Leo en *A Nosa Terra* que un grupo de persoas pretenden artellar unha plataforma cívica entre simpatizantes socialistas e galeguistas para que BNG e PSOE presenten un programa común cara ás próximas eleccións ao parlamento galego. E leo tamén un artigo de Miguel Barros "Camiñamos. Sobre a alternativa de Goberno Galego".

Non dubido da boa fe de todas as iniciativas para propiciar esta alternativa, pero ás veces teño a impresión de que moita xente non quere partir da realidade, xustifica o que é inxustificábel e mira para outra parte cando hai declaracións e actuacións políticas que dinamitan a construción desa posíbel alternativa ao PP. Non se pode gardar silencio ante estes feitos e facer, seguidamente, un chamamento en abstracto á unidade.

Aquí hai dúas posicións de partida perfectamente diferenciadas. O Secretario Xeral do PsdeG-PSOE e candidato á presidencia da Xunta declarada na cadea SER que "teremos maioría suficiente para gobernar e non necesitaremos do nacionalismo excluído do BNG". Por outra parte, Francisco Vázquez repite sempre o mesmo discurso: se ninguén ten maioría absoluta, debe gobernar a lista máis votada, que pode ser a do PP.

É público que a estratexia do BNG, desde hai anos, está centrada na derrota do PP e que para conseguilo hai que sumar as forzas do BNG máis do PSOE. Pola contra, o PSOE tratou sempre de ningunear o BNG e non move un dedo para que se visualice unha alternativa conxunta ao PP, poñendo os seus estreitos intereses electorais e partidistas por riba dos intereses do país.

Está moi ben que Miguel Barros manifeste o seu apoio a unha visión de Galiza como totalidade, fuxindo dos localismos; que sitúe o respecto ás leis como base da credibilidade das institucións representativas do pobo, engadindo que "cumprir as leis é un acto de profesión de fe democrática, un acto de afirmación galeguista". Pero teño que lembrar algunhas cuestións sobre os localismos, a defensa da legalidade, da democracia e da dignidade e a loita contra a corrupción, que el coñece perfectamente.

O goberno municipal da Coruña, que preside Francisco Vázquez, leva vinte anos burlándose da xustiza e negándose a cumprir a Lei de Normalización Lingüística, aprobada por unanimidade no parlamento, que sinala A Coruña como topónimo único da cidade. Non só gasta centos de miles de euros en recursos ante o Tribunal Supremo e Tribunal Constitucional, que sempre perde, senón que leva ao pleno da corporación unha resolución sobre a cooficialidade, absolutamente ilegal porque non ten base xurídica ningunha. Cando o BNG recla-

Sobre as bases para un goberno BNG-PSOE

MANUEL MONGE

O autor formula varias dúbidas sobre as posibilidades de que socialistas e nacionalistas constitúan un goberno para Galiza no caso de que o PP non logre a maioría absoluta nas vindeiras autonómicas.

ma o respecto e o cumprimento da lei, Emilio Pérez Touriño acude en axuda de Vázquez, xustifica a súa decisión, invocando a autonomía municipal, e acúsanos de "practicar o fundamentalismo". E os "galeguistas" do PSOE calan.

Mentres o parlamento aproba por unanimidade o Plano Xeral de Normalización da Lingua Galega, que na Coruña o PSOE se nega a cumprir, nas nosas rúas aínda figuran como nomes oficiais: Arteijo, Baldayo, Cabañas, Forecarey, Mellid, Noya, Orense, Oza de los Ríos, Rianjo, río Arnoya, río Jallas, Tuy, villa de Lage, villa de Ordes... e así até trinta. E os "galeguistas" do PSOE calan. Por outra parte, o PSOE impulsa a Fundación Iniciativas 21 e fá-lase do "xiro galeguista" deste partido. A quen pretenden enganar?

A Coruña é a capital da simboloxía franquista: nas rúas (Generalsimo, Sanjurjo, Mola, División Azul, Caídos...), nos monumentos (Millán Astray), nas placas (talla de madeira de Franco no mesmo salón de Plenos). Aínda pervive o escudo ilegal de España da ditadura en numerosos edificios públicos e na escaleira principal do Palacio de María Pita, onde hai tamén unha placa lembrando a inauguración por Franco. E cando o BNG reclama nun pleno a supresión desta simboloxía franquista e que se retire a declaración de Franco como "fillo adoptivo e predilectísimo", aprobada pola corporación en 1936, o grupo municipal do PSOE non só rexeita esta proposta, senón que Vázquez nos insulta, cualificándonos de fascistas, que actuamos con rancor, rabia e revanchismo... E os "republicanos" do PSOE calan.

E da corrupción? Cando Anxo Quintana

fai unha proposta para que se investigue a corrupción no noso país e que haxa un compromiso público de todas as forzas políticas para acabar con ela, Touriño contesta que "está noutra onda".

Vázquez volve á carga e alimenta agora desde A Coruña o localismo máis reaccionario, intentando desviar a atención pública sobre os graves problemas urbanísticos que ten. Resucita o tema da capitalidade—cuestión aprobada por unanimidade do parlamento— porque, segundo Vázquez, foi unha decisión "arbitraria e inxusta". Ameaza dicindo que "non renuncia á posibilidade de recuperar a capitalidade".

Se Touriño continúa xustificando ou apoiando publicamente estas actuacións de Vázquez, pensando unicamente na rendibilidade electoral, moitos podemos pensar que asistimos a unha representación indecente, unha auténtica farsa; non habería, como pensan algúns, varios PSOE, senón un único PSOE, cun reparto interesado de papeis—uns disfrazáanse de galeguistas, outros de republicanos, etc— pero onde todos traballan na eliminación do BNG da escena política"

tempo, considero que deberían denunciar e combater as actitudes prepotentes e sectarias que só benefician o PP. ♦

MANUEL MONGE é sociólogo e concelleiro na Coruña polo BNG.

heroes en Madrid. Non é para tanto. Páganlles tres anos sen traballar, esixenlles un nivel básico e as materias que imparten seguirán sendo en castelán. Até o bispo Blázquez aprendeu a lingua de Aresti mentres atendía a parroquia.

Que non morran o mesmo día Raniero e o Papa. Non darían feito as casas reais e as televisións.

Portada de El Mundo (25 de marzo): "Un millar de avalistas de Aukera están vinculados ao aparato militar da ETA, segundo a Avogacía do Estado e a fiscalía". Un millar! Pois entón a ETA debe ter un exército tan grande, polo menos, como o de Portugal.

En Francia aumenta o non ao Tratado europeo. Hoxe gañaría, segundo as sondaxes. Un non de esquerdas, amparado pola CGT e boa parte do PS. Aquí o nacionalismo recibiu epítetos duros polo mesmo.

A revolución das rosas en Xeorxia (contra o ministro de Exteriores da perestroika: Shevardnadze), revolución laranxa en Ucraína, revolución rosa e amarela (ou dos tulipáns) agora no Kirguizistán. Tamén a Gorbachov o tumbaron, un tal Ieltsin que agarraba boas trallas, entregou o país ás mafias e deixou saír os cartos para os bancos de N.Y. ♦

Na morte de Carlos Otero Díaz Un conselleiro distinto

A. EIRÉ



en San Fiz, na ribeira miñota. O conselleiro viña subindo cara ao campo da festa, alí estaba a súa

casa (o de Compostela era "o piso"), na que vivía coa súa nai coa que sempre estivo moi vencellado. Viña vestido como calquera labrego e traía un rodo ao lombo. Explicoume que viña de abrirles ás pozas e tornar a auga nos prados, coma todos os domingos logo de ir á misa.

Non era a primeira vez que estaba na súa casa. Nos anos do franquismo convidaba polo San Fiz (a imaxe que sae cun acio de uvas na man en procesión nos primeiros días de agosto) a cear un grupo de mozos da zona. Case todos estudantes e, a maioría, militantes antifranquistas.

Por aqueles anos, Otero Díaz, profesor de Dereito, intercedía en máis dunha ocasión por militantes de ERGA para aprobar algunha materia ou para impedir que lles abrisen expedientes.

Anos despois seguía tomando os viños cos paisanos ou con estes "revolucionarios". Costume que non perdeu cando foi nomeado en 1982 conselleiro de Economía, cargo no que repetiu en 1986 ("cando teñen liortas dentro, chaman por min", díxerame), ante o escándalo da dereita bempensante chantadina á que lle parou en máis dunha ocasión os pés publicamente, como nun-

ha ocasión no bar Centro cando lles dixo que "o presidente escolle os conselleiros, pero os meus amigos escólloos eu", ao pedirlle que sentase á mesa ocupada por altos cargos do PP e deixase "esa xente da aldea" coa que estaba en conrobela.

Carlos Xilberto Otero Díaz (San Fiz, 1932) licenciouse en dereito con premio extraordinario, ocupando logo a cátedra de Economía Política e Facenda Pública. Tamén foi o primeiro decano da Facultade de Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais, director do Colexio Universitario de Vigo, ou presidente do Consello de Contas.

Carlos Otero Díaz, Xilberto para os amigos, descansa agora para sempre na súa terra, escoitando o rosmar do Asma, pois o Miño hai anos que non canta, encorador polas presas de Fenosa. ♦

Reseñas

BIETO IGLESIAS

O caro amigo Luís Gonçalves Blasco –ou ben Foz– escribeme un billete pra encoraxarme no labor de columnista (Deus cho pague) e, de paso, confiame as súas opinións, nada afagadoras, sobre certo crítico literario. Concordo en tan severa apreciación e, por non caír no subxectivismo, vou atarranchar o xuízo propio cun argumento de

autoridade (Félix de Azúa, *Diccionario das artes*): *Ata hai poucos anos só se coñecían dous tipos de crítico: o de touros e o de teatro. Na actualidade hai críticos de libros, de cinema, de televisión, de fútbol, de alta costura, de gastronomía... Nun xornal de Madrid mesmo hai un crítico de misas. O crítico, a diferenza do sabio que todo o sabe e do profesor que sabe algo, non sabe absolutamente nada pero está informado. A súa información atende ao actual: é un perito en actualidades.* Advirto que – neste semanario – se nota a falta dun crítico eucarístico. O meu xenro ponse crítico nos zagales da serrañía andaluza e describe unha

estampa que vale por tódolos tratados sobre o amor –*Ars amandi, De l'amour*–: Cada vez que pasa un rapazolo rumbando na súa motico, unha meniña ergue o dedo pai de todos e berra “¡toma!” (se fose galega berraría ¡teto!). Un día o motorista apéase e reprochalle o aceno groseiro: “¿Por que te metes comigo?”; “porque estou louca por ti”; “Pois, jala!, monta que imos dar unha volta” Despois diso, esgótase o tema. Calquera caneta, pena ou computador avezado no xénero rosa podería armar, con estes vimbios e baixo o título de *O mundo do motor ou vice-versa*, un romance de sucesos apoteótico nos estantes do Corte Inglés. ♦

EN POLEA? ALLE

Madrid, capital dos deportes náuticos

O bisneto de Franco, **Alfonso de Borbón**, foi entrevistado por *Onda cero* (20 de marzo) por ser un dos organizadores do Salón Náutico de Madrid. O Borbón lembra que a capital española “ten moita tradición e cultura náutica”. Contra o final da conversa, reconece que sae un pouco caro levar os barcos até Madrid “polo prezo do transporte especial en estrada e pola necesidade de guindastres para montar e desmontar os estands e cargar os camións”. ♦

Os 21 ‘xornalistas’ presos en Cuba

O embaixador de Cuba en España, **Alberto Velazco**, responde nunha carta a *El País* (22 de marzo) ás afirmacións veridas anteriormente por Reporteiros Sen Fronteiras. Responsábeis deste grupo chamaran a atención do ministro español Mi-

guel **Ángel Moratín** sobre “a sorte de 21 xornalistas encarcerados en Cuba” polo delito de “exercer a profesión á marxe dos medios de comunicación autorizados polo poder da Habana”. Segundo Reporteiros Sen Fronteiras, os encarcerados viven en celas insalobres, sen auga potábel, privados de visitas, sufrindo maos tratos, falta de cuidados médicos, etc. O embaixador de Cuba responde nesta carta que “en primeiro lugar, dos 21 presos citados con nome e apelidos, só cursou estudos desa profesión e exerceuna algunha vez na súa vida un deles, que foi comentarista deportivo. O delito polo que os condenaron os tribunais cubanos é o de ‘actos contra a independencia ou a integridade territorial do Estado’, delito (...) contemplado nas lexislacións de numerosos países do mundo, incluídos os Estados Unidos”. O embaixador afirma tamén que “no tocante ás condicións do seu encarceramento, as numerosas visitas realizadas por organizacións de dereitos humanos e institucións internacionais como o Alto Comisionado de Nacións Unidas para os Dereitos Humanos, varias organizacións non gobernamentais como *France Liberté* e *Human Rights*

Watch, entre outras, deixaron constancia do cumprimento de Cuba da lexislación vixente e das normas mínimas que establece a ONU e, por suposto, ningunha desas acusacións expresadas por Reporteiros Sen Fronteiras é verdade. Nin existe ningún problema de insalubridade nas prisións, nin falta de auga potábel, nin privación de visitas, nin maos tratos, nin ausencia de visitas médicas”. ♦

A globalización e a ‘ideoloxía das linguas grandes’

Albert Branchadell, profesor catalán, comenta en *El País* (29 de marzo) as opinións dalgúns dos defensores contemporáneos do español, fronte ás outras linguas do Estado, caso de **J.R. Lodares**, o filósofo **Félix Ovejero** ou os membros da Real Academia Española, **Francisco Rodríguez Adrados** e **Gregorio Salvador**. Branchadell afirma que “a internacionalización do español brándese para desacreditar o uso do guaraní no Paraguai

ou do euskera no País Vasco, mais enfúndase discretamente cando o español ten que verse con linguas de máis usuarios, como o inglés nos Estados Unidos ou as grandes linguas da UE en Bruxelas. O incidente protagonizado recentemente pola portavoz da Comisión Europea, **Françoise Le Bail**, é moi instrutivo ao respecto. Co loábel propósito de aforrarlle uns cantos euros ao contribuínte europeo, a Le Bail ocorrúselles reducir o xeneroso sistema de interpretación nalgunhas roldas de prensa da Comisión ás tres linguas de máis uso na Unión: inglés, francés e alemán. Un auténtico ‘internacionalista’ aínda tería xulgado insuficiente o recorte: se co inglés abunda, ¿para qué complicarse a vida tamén cos superfluos francés e alemán? Por fortuna para o español, o noso embaixador ante a UE, que non cumgula con Lodares, protestou enerxicamente pola redución imposta por Le Bail, xuntamente co seu colega italiano e o apoio dos seus Gobernos respectivos, e a portavoz non tivo outro remedio que dar marcha atrás na súa resposta inicial, para escándalo do ‘internacionalista’ auténtico, que se



EL GAT INVISIBLE / El Temps
Do 22 ao 28 de marzo do 2005

non quería tres tazas agora vai ter sete (as tres de Le Bail máis o español, o italiano, o polaco e o neerlandés). É moi interesante ler a argumentación de **Carlos Bastarreche**: o problema non é que os xornalistas españois acreditados en Bruxelas non entendan o inglés, o francés nin o alemán (mal iríamos se fose así), ¡senón que ‘a defensa do español é unha das prioridades do meu Goberno’!“. ♦

O tempo vital de Manuel María

CAMILO GÓMEZ TORRES

Unha crónica sociolingüística de Galiza baixo o franquismo e na restauración democrática.



A súa poesía axudounos a agrandar os nosos universos íntimos; a descubrir as arelas, ensoñacións, paixóns, conflitos, ilusións... dos que nos precederon. Estas páxinas abren un diálogo entre o home e o poeta, arredor da súa traxectoria.

Fascismos ao axexo

X.L. FRANCO GRANDE

Penso que hai razóns nos nosos días para temer que a democracia poida ser destruída pola loita antiterrorista. Os casos dos EE UU ou da Gran Bretaña son moi claros, aínda que ben distintos entre si. Os dous países contribuíron de maneira especial a que a democracia sexa unha forma superior de organización das sociedades máis avanzadas. Pero, ¿que ocorre hoxe?

Que a loita contra o terrorismo está poñendo en dúbida dereitos e liberdades esenciais, de maneira que un e outro país veñen recuando na defensa daquelas e destes, como é ben coñecido. Tanto que é lícito facerse a pregunta de se non estaremos asistindo a un intento de instauración dun estado parafascista, prescindindo practicamente do poder xudicial, culpando ao terrorismo da necesidade desas e outras medidas –incluída a tortura, os ataques preventivos a terceiros países e calquera medio co que se conte por brutal que sexa.

Hai ben pouco que, entre nós, unha mentalidade parafascista fixo a súa aparición na escena política. Menos mal que o país soubo afastala, ao menos por agora. Pero hai outros síntomas máis preocupantes, por exemplo a unanimidade nunha resolución xudicial que impide a participación política a cidadáns non condenados nin de ningunha maneira impedidos para esa actividade –unanimidade, ademais, sen probas, só fundada en indicios, e ben frouxos todos eles, resolución celebrada, xa antes de ser coñecida, por un alto dirixente do partido que goberna.

Aínda que o Tribunal Constitucional a anule, como sería lóxico pero non de agardar, non por iso deixa de nos resultar preocupante que a limitación de dereitos e de liberdades, nun país que acaba de empezar a estrealos, se instale na nosa sociedade. O mimetismo, o tan soado “efecto dominó” que algún país produce nas nosas sociedades, é un feito que está aí. E non velo sería non querer ver.

É tamén preocupante que só un único xornal, que nós saibamos –en concreto, *La Vanguardia* do 28 de marzo último– mostrase a súa estraniedade por semellante resolución xudicial. O problema é de tal alcance que xa Jefferson o viu e temeu. En carta a Madison, que teño citado máis dunha vez, dixó que quen cambie “un pouco de liberdade por un pouco de orde perderá aquela e máis esta e non merecerá ningunha das dúas”. ¿Ata onde iremos recuando? ♦

Dos históricos só Beiras se mantería nas listas Cambio xeracional no BNG

A. EIRÉ

Cinco caras novas que non chegan aos 50 anos. Unha nova xeración. Esa é a aposta do BNG para liderar as listas nas próximas eleccións autonómicas. O candidato á presidencia da Xunta, Anxo Quintana, será o número un pola Coruña. Seguirao Ánxela Bugallo. En Pontevedra encabezarán a lista Carme Adán, en Lugo Fernando Blanco, e Iago Tabarés en Ourense. Xosé Manuel Beiras, ao que a Executiva lle ofrece “calquera outro posto que queira”, decidiu que sexan as bases as que se pronuncien.

O BNG decidiu apostar pola renovación, pero os mesmos militantes que a demandaron e a apoian tardan en dixerir os profundos cambios que están a ocorrer na fronte nacionalista. Non é fácil pasar da teoría á práctica.

O anuncio dos catro cabeceiras de lista para as eleccións autonómicas, ademais do xa electo candidato, Anxo Quintana, sacudiu as bases da organización po-

la profunda renovación que representan. É a promoción á cabeceira de cartel dunha nova xeración política que non chega ao medio século. Ningún deles era parlamentar. Algúns, como a número un por Pontevedra, Carme Adán, sen ningunha experiencia en cargos políticos. Algo impensábel até o de agora no nacionalismo no que a traxectoria interna era a base no currículo.

Desaparecen así dos primeiros postos e tamén do Parlamento históricos como Bautista Álvarez e Alfredo Suárez Canal. Tamén Alberte Xullo Rodríguez Feixoo. Pero unicamente son as cabezas máis visíbeis. A renovación continuará no resto das listas que, aínda non analizadas oficialmente pola Executiva nacionalista, seguirán o mesmo signo da renovación.

O único que pode continuar dos até de agora primeiros españais parlamentarios será Xosé Manuel Beiras. Propostas as catro cabeceiras provinciais (Quintana tería unha característica especial por ser candidato á presidencia da Xunta), a Executiva ofreceulle ao presidente do Consello Nacional que ocupe un lugar destacado “no posto e circunscrición

que considere conveniente.”

Beiras defendeu na Executiva que sería positivo electoralmente a súa presenza como número un pola Coruña ou Pontevedra. A súa proposta será debatida polas asembleas o mesmo que a aprobada pola Executiva por once votos a favor e tres abstencións: a do propio Beiras, Encarna Otero e Santiago Domínguez Oliveira.

Desde a dirección nacionalista consideran que este debate asembleario “demostra o carácter democrático e participativo do BNG, onde se poden debater non só as propostas da Executiva senón outras que se realicen como a de Beiras”.

Un Beiras ao que Anxo Quintana lle reclamou o “apoio no proceso de renovación e modernización” do nacionalismo. ♦



Carme Adán, cabeza de lista por Pontevedra; Fernando Blanco, por Lugo; Iago Tabarés, por Ourense; e Ánxela Bugallo, segunda pola Coruña.

As novas caras

Ademais da renovación, desde o BNG presentan as súas cabeceiras de lista como clara expresión da “política plural e participativa do noso proxecto”. Ánxela Bugallo (A Coruña), profesora da USC, procede de Unidade Galega, desempeñando na actualidade o cargo de adxunta á portavoz nacional. Carme Adán (Pontevedra), non ten na actualidade ningún cargo orgánico no BNG, sendo a coordinadora da Aula Castelao de Filosofía. A súa sensibilidade política estaría próxima a Beiras e ao seu grupo de apoio. Está relacionada tanto con Vigo, onde traballa, como con Pontevedra. Fernando Blanco (Lugo) milita na UPG sendo gabado polo seu gran labor como responsable da área económica do Concello de Lugo na anterior lexislatura cando os nacionalistas gobernaron co PSOE. Iago Tabarés (Ourense) é un avogado que milita no PNG, sendo o veicoiro municipal na cidade das Burgas.

Os nacionalistas destacan

tamén dos seus candidatos tanto a súa capacidade política como o seu ascendente social, con claro prestixio nas súas actividades persoais o que demostraría a capacidade do BNG como “alternativa de goberno”.

Á par diso, no BNG poñen de manifesto a aposta decidida pola paridade de xéneros, coa igualdade real de dereitos entre homes e mulleres que levaría a intercalar en todas as candidaturas persoas de distinto xénero.

Este efecto cremalleira tráelle algunha dificultade como a de que Beiras non poida ocupar o número dous pola Coruña e tamén a necesidade de atopar dúas mulleres axeitadas para encabezar dúas provincias. Pero, ao mesmo tempo, a renovación faise máis evidente.

Aínda así, desde o BNG afirman que o cambio xeracional que se produce nestas eleccións autonómicas nas listas “non significa unha exclusión, senón que unha nova xeración colle o capi-

tal político dos anteriores parlamentarios que pasarán a desempeñar outros papeis importantes dentro da organización”.

Quintana resalta que “non se trata de prescindir de ningún nin de malgastar o capital político acumulado, moi importante a nivel persoal, senón de que exista rotación nas responsabilidades para que non se anquilese a organización nin se patrimonialicen os cargos”. Así, a anterior asemblea decidiu que ningún ostentara o mesmo cargo por máis de tres lexislaturas.

O proceso

As diferentes asembleas marcadas nas que se divide o BNG organicamente discutirán agora tanto a proposta da Executiva como a de Xosé Manuel Beiras de encabezar a lista ou ben por Pontevedra ou pola Coruña, opción que presentara ao principio como excluído.

A Executiva “valorará logo o

proceso” e, tendo en conta a opinión das bases, presentará a súa proposta ao Consello Nacional. É este máximo órgano entre asembleas o que finalmente decidirá os cabeceira de lista, podendo modificar a proposta da Executiva. Aínda que non é probábel pois semella que os nomes agora propostos foron froito dun amplo consenso interno. O mesmo consenso que pretende conseguir na Executiva co resto das listas, que o Consello Nacional aprobou que se debatesen por separado, por máis que algúns, como Beiras, opinasen que era mellor procedemento aprobalas conxuntamente. Pois na proposta do presidente do Consello Nacional non se trata unicamente do lugar que ocupe persoalmente nas listas, senón no que el considera como “respecto á pluralidade”, porque, como tamén afirmou, “non estou actuando por libre”.

O próximo 7 de abril o Consello Nacional do BNG deberá pronunciarse. ♦

O don de agradecer

XOSÉ M. SARILLE

Na última edición de *A Nosa Terra*, anterior á Semana Santa, escribía Camilo Nogueira un artigo no que criticaba a liña da actual dirección do BNG.

Son consciente, tal e como me dicía un amigo, de que Nogueira forma parte do pasado, despois de ter perdido (el tamén) o escano no Parlamento Europeo, e de ser derrotado (el só) por unha extraordinaria diferenza nas eleccións internas da fronte política. Mais como as opinións vertidas neste periódico influen moito no mundo nacionalista, pois eu quero comentar a conduta política de Nogueira nos últimos meses.

É evidente que a dirección do Bloque está a tomar decisións importantes, mesmo algunha con fondas repercusións estratéxicas, e que a cidadanía e os militantes poden apreciar como acertadas ou non. E tamén Nogueira. Outra cousa é a oportunidade, o lugar, o tempo e a intención á hora de expresalas. E no caso de Camilo chove sobre mollado.

No Bloque houbo unha importante corrente interna que propuña o voto favorable á constitución europea. Despois do debate interno, esa corrente foi exquisitamente respectuosa e leal coa decisión maioritaria dos militantes. Camilo non. Camilo fixo campaña polo si cunha actitude olímpicamente despectiva.

Despois das eleccións para a nova dirección, suponse que o lóxico é deixarlles traballar aos electos e non andar trapaceando, cuestionando e censurando as decisións da executiva seis meses antes dos comicios autonómicos. Camilo si.


Ten tanta autoridade o noso home? Ten tanta *autoritas*, que é o mesmo pero en latín? É un linxe da estratexia?

Ate soutra triunfos tan incuestionábeis como para erguerse senlleiro e sinalar o camiño igual que Moisés? Pois non.

Mesmo foi responsábel de manter o cisma no nacionalismo de esquerdas até a extenuación e a total desaparición do seu partido, aquela Esquerda Galega de varios nomes. Cando todos sabíamos que ese partido estaba acabado había varios anos, el aguantou sen negociar coa organización emerxente, até que perdeu o seu escano, o derradeiro baluarte, e foise para a casa nunha situación de indexencia política total, da que foi rescatado polo BNG a cambio de nada.

Nogueira debería falar de todas estas cousas antes de volver dar leccións en voz alta. Porque só con pensar en Camilo Nogueira escollendo estratexias e decidindo, un xa adiviña a catástrofe. Mais é pasado. ♦

FORO PARA O NOVO ESTATUTO



PACO VILABARROS

Salustiano Mato

'O noso futuro non pasa por ser atractivos para empresas deslocalizadoras'

RUBÉN VALVERDE

Coordinou a mesa de desenvolvemento sustentábel do Foro para o Novo Estatuto. É catedrático de ecoloxía animal e vicerrector de investigación da Universidade de Vigo. Nesta entrevista analiza as posibilidades que ten Galicia para desenvolverse economicamente minimizando a perda de recursos naturais.

No seu relatorio aposta por un crecemento sustentábel. Como se concreta isto no articulado?

Esta declaración de intencións concrétese en dúas cuestións. A primeira refírese a competencias directas que debe asumir Galicia para poder ser autosustentábel. Nalgúns casos sería necesario cambiar algún artigo da Constitución para asumir plenamente aspectos fundamentais para nós como son a investigación ou as obras públicas e desenvolver competencias que xa están transferidas pero nas que Galicia non conta con soberanía real como é o caso da pesca ou do medio ambiente. Por exemplo en Europa os problemas da nosa flota negócios o Goberno central dende unha perspectiva xeral e non dos afectados. Vese que cando un Conselleiro leva a carteira e asesora á Ministra de turno, o coñecemento máis profundo do asunto provoca unha mellora perceptíbel na capacidade de negociación. Por outra banda, no relatorio tamén fago fincapé nas políticas sectoriais e económicas que son fundamentais.

A que se refire?

O desenvolvemento sustentábel debe partir de dúas ideas básicas. En primeiro lugar, non podemos caer no erro de pensar que o desenvolvemento económico só consiste en instalar máis indus-

trias e xerar empregos directos. En segundo lugar, non se pode pensar que a contaminación e o medio ambiente son cuestións de peaxe que hai que ir racionalizando porque sae caro. O exemplo máis claro é a polémica de Ence. Cando unha empresa se instala nun territorio non só hai que valorar cal é a súa conta de resultados, senón a cantas persoas beneficia, a cantas prexudica e canto se deixa de gañar en xeral.

Pode pasar Galicia de ser un país de economía primaria a un de economía terciaria sen pasar por un desenvolvemento extenso do sector industrial tal e como se entendeu tradicionalmente?

A industrialización non se pode entender en sentido restritivo, senón que en xeral é a xeración de tecido produtivo. En Galicia é posible desenvolver este tecido baixo as premisas do desenvolvemento sustentábel. Esta é unha tendencia no mundo occidental e non podemos quedar á marxe. O que temos que facer é un estudo de perspectiva que nos diga, cos recursos que temos, en que debemos especializarnos para competir no futuro a nivel mundial. Cómpre elaborar planos en cada un dos sectores, como a pesca, a gandería, a enerxía, etc. Dende o punto de vista do desenvolvemento sustentábel temos que sa-

ber onde podemos ser punteiros e escoller o que nos interesa. O exemplo de éxito económico en Europa e no mundo non está vencellado na actualidade a grandes potencias, senón a pequenos países que definiron os sectores polos que querían tirar e apostaron por eles. Así están os exemplos de Finlandia, Dinamarca ou Irlanda.

Cales considera que poden ser os sectores estratéxicos polos que debe apostar Galicia?

Evidentemente o máis interesante para a cultura da sustentabilidade e rendíbel sería o campo das novas tecnoloxías. O noso interrogante é saber en que medida estamos capacitados para xerar empresas de base tecnolóxica, especialmente relacionadas coas tecnoloxías de innovacións. No sector tecnolóxico de abastecemento industrial tamén temos moito que dicir. O exemplo máis claro sería nestes momentos o mundo da automoción. O que acontece é que debemos de cambiar a nosa percepción de considerarmos a sede de algo, para pasar a ser o centro neuráxico. Para iso hai que investir moito máis en I+D+I. Un terceiro aspecto consistiría en desenvolver o potencial ambiental que temos. Por exemplo, as rías son zonas produtivas privilexiadas das que aínda non se aproveitou toda a potencialidade. A mellor forma de protexer estes

espazos naturais é convertelas en lugares de alta produtividade económica. Para iso habería que facer unha especie de concentración parcelaria no mar coa fin de facer extensiva a acuicultura e outros xeitos de marisqueo e pesca. Se non se ten unha especial protección sobre este espazo é moi probábel que sexa tomado por multinacionais e polo tanto os beneficios dos recursos creados co noso patrimonio non redundaría na súa maior parte en Galicia. Por iso non comparto a idea dos que apostan por non tocar ás Rías. Penso que hai que incluílas na cultura da sustentabilidade xa que van ser básicas no futuro para a produción de riqueza. Ao exemplo das rías tamén podería engadírselle o do potenciamento da biotecnoloxía ou a ecoeconomía, que consistiría en potenciar o consumo ecolóxico implantando novos cultivos como plantas medicinais, etc.

Hai outras visións que apostan por potenciar o transporte marítimo e para iso sinalan que é esencial facer máis aterrados nas rías.

Hai que delimitar onde e como se poden facer as cousas. Pensar canto lle imos sacar no futuro a uns metros de ría e canto deixaremos de gañar porque se impedirá outro tipo de produción. Ademais, tampouco se teñen en conta os intanxíbeis dos que cada vez falan máis os economistas. Habería que facer estudos serios sobre cal é o custe de perder unha praia ou o contorno medioambiental. Todas estas visións teñen que ver cunha cultura do subsidio. Pensamos que o que nos fagan está ben porque senón imos deixar de recibir cartos de fóra. Temos que pasar a unha perspectiva de autosuficiencia e de autoxeneración dos recursos. Levamos moitos anos pensando en fondos externos e en ser un lugar atractivo para empresas deslocalizadoras ás que practicamente se lles deixa facer o que queren. Esta é unha visión que pode resultar a moi curto prazo, pero que ten moitos custos de cara o futuro.

Un dos maiores problemas ambientais é o da gran cantidade de CO2 que emitimos por mor da presenza das centrais térmicas de Meirama e As Pontes. Que alternativas enerxéticas temos?

A situación das centrais térmicas ou das eléctricas que enchén os ríos de encoros podería ter unha xustificación se as empresas propietarias fosen de capital galego e reinvestisen a súa riqueza no país. Neste sentido estamos funcionando como un país terceiro mundista. Endesa e Fenosa establecen plantas de produción aquí porque lles sae máis barato. Pero hai que ter en conta que a meirande parte desa enerxía que se obtén é para exportar. En segundo lugar, cómpre falar de consumo responsábel. Estamos nunha cultura do gasto sen control. En terceiro lugar, na medida en que invistamos máis en I+D+I poderemos desenvolver as enerxías renovábeis de maneira que sexan rendíbeis sen subvención por cada kilowatio producido. Tamén hai que ir substituíndo o carbón e o petróleo por gas natural e outros biocombustíbeis. ♦

FORO PARA O NOVO ESTATUTO

Para que é necesario un novo Estatuto?

Son da opinión que un Estatuto non resolve, senón que é un instrumento para o debate político que permite renovar o pacto dos galegos co resto do Estado e resituír a Galicia na España das autonomías. Este debate vennos un pouco inducido dende fóra. Non xorde da sociedade galega. Cataluña e Eukadi deron varios pasos neste sentido e ademais o Goberno central anunciou que se vai modificar a Carta Magna. Polo tanto Galicia ten que estar aí, porque ten unha singularidade constitucional, como nacionalidade histórica, que debe preservar. Non é unha cuestión de privilexios, senón de ser como un quere. Polo tanto é imprescindible entrar no debate estatutario. Aínda que é certo que co actual pódense facer cousas distintas e que o novo non vai arranxar os problemas de golpe. Dependerá máis da acción política.

Cal será o resultado da reforma constitucional e estatutaria?

Hai moitos que din que España é un Estado federal, pero penso que non o vai ser nin pode serlo. O federalismo consiste nunha vontade unitaria dentro da diversidade. Supón a eliminación das diferenzas de carácter étnico, histórico, cultural, etc. En España existe certa vontade de unión na diversidade pero tamén existen feitos nacionais en Cataluña, Euskadi e Galicia que son irredutíbeis a unha situación tipicamente federal. Sería desexábel un certo compromiso federal. Para iso habería que arranxar certos problemas simbólicos. Por exemplo, as linguas que hai no Estado son de toda España. Non digo que o galego deba ser obrigatorio para unha persoa de Almería, pero o Estado debería asumila como propias aínda que se falen só nas comunidades. En España hai un aparente recoñecemento das distintas linguas, pero na práctica non se admiten máis que como linguas das autonomías. Outro exemplo sería o recoñecemento das identidades, que evitaría conflitos como o do Arquivo de Salamanca. Logo tamén habería que reformar o modelo de financiamento, que é básico para nós.

Que eivas presenta o actual Estatuto en materia de educación e investigación?

Está claro que co actual Estatuto poderían facerse moitas máis cousas das que se teñen feito. No meu relatorio non se trata pois tan só unha modificación xurídico-política do actual texto senón que trata de incluír reflexións de máis longo alcance. Ao longo deste vinte anos puidemos constatar basicamente tres grandes eivas. En primeiro lugar, unha deficiente xestión no ensino preuniversitario. Sobre todo nas relacións entre o ensino público e o privado, na adecuación entre a oferta e a demanda e no seguidismo excesivo de programas feitos no conxunto de España. En segundo lugar, en materia universitaria o problema fundamental é que non existe un modelo de xestión do sistema universitario, o cal propicia a confrontación e a rapañota entre as tres institu-



PEPE FERRIN / AGN

Ramón Villares

'Galicia debe afrouxar no cemento e investir en coñecemento'

RUBÉN VALVERDE

Foi reitor da Universidade de Santiago e decano da Facultade de Xeografía e Historia, na que posúe a cátedra de Historia Contemporánea. Coordinou o apartado de Ensino e Investigación do Foron para o Novo Estatuto encargado polo BNG a diversos expertos. Ramón Villares aposta por fortalecer a investigación como eixo da economía galega do futuro.

cións. Habería que establecer unhas pautas de cooperación e especialización entre os tres centros. En terceiro lugar insistimos na necesidade de ser ambiciosos en política científica. Temos que apostar por un cambio de modelo económico que se resumiría na premisa de que Galicia debe afrouxar no cemento e aumentar no coñecemento. Até agora apostouse demasiado polas obras públicas e infraestruturas e non se destinaron recursos a investigación. A nosa política científica é nula. Temos unha rede de galeguidade no mundo froito da nosa emigración que nos permitiría estar presentes científicamente en moitas partes cun custo baixo. Esta estratexia permitiríanos ser máis competitivos e crear un maior valor engadido.

Existe un problema de financiamento?

Precísanse máis recursos para investigación e política científica. Propoñemos diferenciar carreira docente de carreira investigadora. Un profesor non ten porque ser un bo científico e viceversa. O modelo español é equivocado e pode lastrar o coñecemento. Polo tanto ademais de máis recursos hai que cambiar tamén o modelo.

Falaba de que o sistema preuniversitario seguía as pautas do modelo español. Como se podería adaptar ás nosas características propias?

Hai que recuperar o Gabinete de Reforma de Currículos, que comezaron na Consellería nos anos oitenta e agora están esquecido. Isto serviría para potenciar o debate en materia pedagóxica. Hai moitos campos, non só no ámbito lingüístico, nos que debemos ter un modelo educativo diferente. Aposta-

mos por fomentar a relación co mundo luso-brasileiro, que lle daría grandes posibilidades de futuro ao noso sistema educativo.

O ensino debería ser en galego?

A lingua vehicular debe ser o galego, porque nestes momentos a súa convivencia co castelán é difícil. O seu illamento do portugués tampouco axuda a corrixir esta situación. Até agora emprégase como lingua literaria dalgunhas materias, pero non é lingua básica nin tan sequera nesas. Esta situación debe cambiar. Alén disto, está claro que o alumnado galego tamén debe coñecer perfectamente o castelán e o inglés. Os galegos do futuro deben ser trilingües, pero co galego como lingua básica.

Nunha recente entrevista González Laxe afirmaba que Galicia precisa un nivel de títulos universitarios aínda maior

e máis especializados porque está lonxe da media europea.

Coincido con el na idea de que Galicia non exporta cerebros, senón candidatos a cerebros. Moitos dos que acaban aquí logo van a universidades estranxeiras a completar a súa formación investigadora, polo que aínda non son cerebros. A nosa política científica, ademais de precaria, está demasiado centrada na Universidade. Fan falta máis centros especializados e sobre todo unha implicación máis directa das empresas. Os empresarios falan da necesidade de especializarse, de ser produtivos, competitivos e globais pero non invisten nin apostan por este modelo. Galicia gasta menos que a media española en I+D+I e España menos que a Unión Europea, polo tanto estamos nunha situación de déficit.

Como se poden establecer acordos coas empresas para que aposten pola investigación?

Non é fácil. O modelo de política científica europeo e español está baseado nos recursos públicos e non privados. Por motivos fiscais, de tradición cultural e no noso caso pola pequena dimensión das empresas, aquí en lugar de ser as empresas as que pagan a investigación, son as institucións públicas as que achegan o coñecemento científico e polo tanto estase financiando ás empresas e non ao revés. Debería esixírselles ás empresas que destinen unha parte dos seus beneficios a estes cometidos. En Galicia temos exemplos positivos no ámbito da pesca, da viticultura, da industria alimentaria, da moda ou do medio ambiente. Estes son os sectores sobre os que hai que traballar e dotar de máis recursos.

Un dos grandes problemas do sistema universitario galego é o das saídas laborais. Como se pode mellorar esta situación?

Indo polo camiño contrario ao que piden as empresas. Os empresarios queixáanse de que os alumnos teñen pouca formación práctica. Deberían ter aínda menos. A Universidade está para dotar de coñecementos e destrezas aos alumnos, non para facer o traballo que debería desenvolver a empresa. Unha persoa vai traballar ao longo da súa vida en diferentes sitios, non podemos preparar a un alumno para desenvolver o seu posto de traballo nun lugar, porque agora as coutras xa non son como antes que comezabas e rematabas no mesmo sitio. Hoxe non se pode ensinar para traballar nun sitio concreto porque iso dálle moita rigidez e agora hai que ser flexíbeis.

Pensa que estas propostas poden ser asumidas por todas as opcións políticas?

A área que coordinei penso que si pero hai outras que son máis discutíbeis. Esta é unha área de propostas políticas máis que estatutarias e as tres forzas poden asumir as premisas. No resto vai depender da representación que teñan as distintas forzas. O texto de Inicativas XXI, vencellado ao PSOE, presenta moitos puntos conciliábeis con estas bases. Hai diferenzas pero pode chegarse a un acordo e polo tanto o camiño está aberto. ♦

As peaxes de Touriño

CARLOS AYMERICH

Non, descoiden, non me vou referir ás peaxes que o goberno español mantén en Galiza e que vai eliminar en Andalucía. Non. Querolles falar das peaxes que o inefábel Emilio Pérez Touriño ten que pagar para ser o candidato do seu partido. Peaxes elevadas que demostran, por se algún tiña dúbidas, que no seo do PSOE galego o poder non pasa precisamente polas súas máns.

Por iso Touriño ten que lle pagar peaxe a Francisco Vázquez, acompañándoo nos seus ataques á lexislación lingüística, calando sobre a capitalidade e, sobre todo, encubrindo na compra fraudulenta da súa nova casa en Tabernas, 22, en plena "milla de ouro" coruñesa. Onde a Fiscalía –por fin!– advirte indicios delitivos, Touriño só ve unha actuación intachábel do alcalde coruñés realizada "baixo o imperio da lei" (sic). A cidadanía galega en xeral –e a coruñesa en particular– gustaría de saber que é

o que o candidato do PSOE entende por "imperio da lei" e, de paso, porque se converte en cómplice de Francisco Vázquez nun asunto de cada vez máis escuro.

Touriño ten que lle pagar tamén peaxe ao envarado Xosé Luís Méndez Romeu, outro dos homes de confianza de Vázquez. Nomeouno coordinador do programa electoral do PSOE para as próximas eleccións galegas, ratificando para onde abala a balanza neste partido e a fasquia centralista e conservadora das súas propostas. Porque Romeu é, como Vázquez, un conspicuo defensor do ensino privado e, no seu actual cargo de Secretario de Estado de Administración Territorial, é dos que considera que Galiza non pode reclamar máis competencias e que o único pendente é a "segunda descentralización" cara a municipios e provincias. Con estes vimbios non é de estrañar que o proxecto de reforma estatutaria de Touriño, presentado o martes pasado en Madrid (como corresponde), renuncie a considerar Galiza como

"comunidad nacional" e teime non no autogoberno senón na "solidariedade". Coincidindo co PP na visión dunha Galiza subsidiada, incapaz de se desenvolver por si propia.

E claro, con tanta peaxe, o home anda amargado e teñen que pagala os demais. A falta de autoridade produce, xa se sabe, autoritarismo. Esoutro día, nunha comparencia ante os medios, o candidato Touriño contestoulle de moi maos modos a unha nova xornalista. Ao punto de que outras compañeiras, incluídas a redactora da axencia de noticias estatal, abandonaron a sala como mostra de solidariedade coa agraviada. Se cadra é que vai aprendendo de Francisco Vázquez, un experto no maltrato aos xornalistas que onte mesmo (mércores, 30 de maio) sufriu un plante de protesta dos reporteiros gráficos da Coruña.

Como os que sufrira, canda o asasinato de Xosé Couso, o seu amigo Aznar. Touriño presidente ... de que? ♦

Lugo

Turismo

ANTÓN GRANDE

Pasou a Semana Santa e Lugo volveu demostrar que, a nivel de turismo, deixa moito que desexar a pesar de contar cun monumento, a muralla, declarado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO.

En toda a semana festiva, o nivel de ocupación hostaleira superou en pouco o 50 por cento de ocupación e aínda que durante o día si se apreciaban moitos visitantes polas rúas, o certo é que a cidade segue sendo para moitos turistas e axencias de viaxe un lugar de paso onde dar unha volta, visitar a muralla, xantar por facer honra ao dito de que "E para comer... Lugo" e coller cara a outra das cidades galegas para facer noite.

Non ten que resultar estraño isto pois Lugo, amais da muralla, a catedral, o museo, un par de igrexas e o seu casco vello, pouco máis ten que ofrecerlle ao visitante para tentalo a quedarse.

A maioría dos restos arqueolóxicos topados na urbe tópanse clasificados, ninguén o dubida, pero

baixo toneladas de cemento que serven de base a edificios ou mesmo ás propias rúas cunha política levada a cabo deica agora de que a historia e os seus vestixios son para os estudosos, pero non para contemplar, pagando como se fai noutras cidades de orixe romana, e deixando bos dividendos na cidade.

Aquí segue faltando o Museo da Romanización, do que a Xunta fala sempre que se achegan unhas eleccións pero que segue a ser unha entelequia; moitos dos restos que se toparon e conservaron, gárdanse en queixóns ou en trasteiros por parte dos propios responsábeis das excavacións ou

das empresas construtoras.

A iso habería que engadir a falla dunha verdadeira política de promoción da cidade, cunha presenza real en certames estatais e internacionais que difundan a imaxe real da oferta turística aquí existente e non como se veu facendo deica agora, dun xeito cutre, con catro

folletos e un par de vídeos.

Outra cousa foi a ocupación hostaleira na provincia, en especial por onde pasa o Camiño de Santiago, que segue tendo tirón e encheu albergues e hoteis durante toda a semana.

Aínda que a solución ceceais deuna un concello cativo como o de Rábade, que organizou durante eses días o campionato de España de fútbolín e encheu os establecementos hostaleiros da vila ao cento por cento con xentes procedentes de todo o Estado demostrando con iso que, por veces, as pequenas cousas e as boas ideas, son máis efectivas que os grandes fastos de cara á galería, á loita política e a recadar votos. Non estaría mal que outros fosen tomando exemplo. ♦

A fiscalía só presenta indicios por uns actos en 2002

Un mozo de AMI xulgado por unha protesta polo *Prestige*

H.V. Rubém Lopes Quintás, militante da Asemblea da Mocidade Independente, foi xulgado o pasado luns 28 de marzo en Compostela tras ser detido no decurso dunha protesta polo *Prestige* acontecida o primeiro de decembro de 2002.

A fiscalía e a acusación particular basearon as súas incriminacións en indicios, non en probas.

Rubém Lopes foi detido nunha mobilización e a consecuencia disto resultou acusado de delitos de desordes públicas e danos pola súa presunta participación en ataques

incendiarios contra entidades financeiras. Os acusadores son o concello de Santiago e varios bancos. Rubém enfrontase a unha petición de dous anos de cadea e o pagamento dunha indemnización de 25.000 euros de multa polos danos. Trátase da única persoa xul-

gada polos moitos incidentes producidos durante aquela xornada e a organización á que pertence considera desproporcionada a pena solicitada, ademais de denunciar que non hai probas contra el.

En efecto, durante o xuízo tanto a fiscalía como as acusacións

admitiron que só existen indicios para incriminar a Rubém. Durante a detención atopáronlle obxectos contundentes que podería empregar para lanzar e provocar danos, pero durante o xuízo non presentaron ningunha testemuña que acreditase a presenza de Rubém en actos contra entidades bancarias.

A consecuencia da ausencia de probas, o avogado do acusado solicitou a súa absolución ou, en todo caso, unha condena por unha falta de desordes públicas. Ademais, lembrou que "non se pode incriminar a ninguén pola existencia de indicios". O xuízo quedou visto para sentenza.

Por outra banda, mentres tiña lugar o xuízo, no exterior da sala produciuse unha concentración en apoio do acusado. Os asistentes ao acto, que mantiveron un comportamento pacífico en todo momento, estiveron vixiados por un forte continxente policial. Ademais, un dos aspectos que criticaron os asistentes ao acto de protesta e a Plataforma Nunca Máis é que até o momento non foi condenada ningunha persoa pola catástrofe ecolóxica máis importante acontecida no país. ♦

PRESENTACIÓN

EN
A CORUÑA

DE
"MEMORIA DE FERRO"
DE ANTÓN PATIÑO REGUEIRA
A NOSA TERRA

O VENRES 1 DE ABRIL ÁS 20 H.
NO AUDITORIO DE CAIXA GALICIA
COA INTERVENCIÓN DO AUTOR E

MANUEL RIVAS,
XURXO SOUTO E
XAN CARBALLA.

PRESENTACIÓN

EN
SANTIAGO

DE
"A POLÍTICA ECONÓMICA DA XUNTA DE GALICIA"
DE MANUEL CAO
A NOSA TERRA

O XOVES 7 DE ABRIL ÁS 20 H.
NA GALERÍA SARGADELOS
COA INTERVENCIÓN DO AUTOR E

XOSÉ CARLOS ARIAS,
XOQUÍN FDEZ. LEICEAGA E
FERNANDO VARELA.

Recalificacións urbanísticas e falta de transparencia os principais motivos O plan xeral provoca un novo conflito social en Cangas

H. VIXANDE

Volven os conflitos municipais en Cangas e até retornan vellos protagonistas dos incidentes que remataron coa alcaldía do socialista Lois Pena. A razón agora non é o catastro, senón un plan xeral que se fixo de costas aos veciños.

Mal aprendeu a lección de Lois Pena o actual alcalde de Cangas, Henrique Sotelo (PP), que agora se enfrenta a súa propia base social por ignorala na elaboración do plan xeral e de ocultarlle o seu contido. Durante o seu primeiro mandato parecía que lle collera a medida ao cargo. Daquela, os plenos municipais eran tan aburridos como en calquera outro concello no que dominase a normalidade democrática, aínda que a oposición non deixaba de queixarse do *rodillo* da maioría absoluta. Pero recentemente os plenos recuperaron o ton dos mellores tempos de Lois Pena. Até regresou Carmeliña, incansábel veciña opositora de lingua afiada, que agora acude como público ás reunións da corporación xa avellentada e armada cunhas muletas que a axudan a camiñar.

¿De que se queixan os veciños? De falta de transparencia na elaboración do plan e de que este prexudica os seus intereses. ¿É verdade que prexudica os seus intereses? “Non sempre, pero houbo tanta ocultación na súa elaboración que hoxe a xente desconfía tanto que non hai outra solución que comezar de novo co plan”, responde Clara Millán, a líder do BNG en Cangas.

O plan xeral de Cangas, que está nos últimos días da fase de presentación de alegacións dos afectados, incorpora varios convenios urbanísticos moi discutidos no concello e que están a servir de catalizador da oposición ao novo planeamento xeral, un documento cuxa necesidade ningún discute. Porén, os citados convenios foron aprobados en pleno municipal o 31 de xullo de 2004 sen que houbera máis oposición que a do BNG e a FPG. Tanto o PP como o PSOE votaron a favor e a veciñanza de Cangas permaneceu á marxe deste acordo.



Unha das actualizacións máis polémicas é a recalificación dos terreos da fábrica de Massó. Abaixo, Clara Millán, portavoz do BNG.

Reportaxe Gráfica: PACO VILABARROS

Senllos convenios están inzados de decisións polémicas, pero non foi iso o que alporizou os veciños. Moitos deles en principio estarían dispostos a ignorar unhas recalificacións urbanísticas que agora denuncian, pero a ocultación sistemática do plan á maioría da poboación foi provocando un malestar que hoxe está a piques de estourar. Os primeiros incidentes xa tiveron lugar en varios plenos municipais e todo derivou nunha manifestación celebrada o domingo 27 na que participaron seis mil persoas, das que moitas forman parte da base social do Partido Popular. O acto estaba convocado polos partidos BNG e FPG, varias entidades sociais e culturais e o Foro Social pola Defensa do Pobo.

Motivos de descontento

Basicamente, os conflitos en torno o plan están na ampliación dos viais –que non sempre empregan os mesmos criterios en prexuízo dalgunos veciños para beneficio doutros–, nos cambios de cualificación urbanística de moitas propiedades e na proliferación de espazos preparados para actuacións urbanísticas que implican edificabilidades importantes. Esta última posibilidade é unha figura presente no planeamento de todo o país e per-



mite ao posuídor do 51% dunha zona destas a expropiación do resto das fincas para elaborar unha actuación urbanística. Os veciños sosteñen que os especuladores poderían facerse coas súas leiras, pero non se exclúe a posibilidade teórica de que os propios veciños sumen o 51% do terreo e impulsen eles a urbanización. Outra cuestión é se en Cangas comparten o modelo do alcalde Sotelo de facer, nas súas palabras, “unha pequena cidade”. “Non temos capacidade para asumir a poboación dos milleiros de vivendas previstas nos convenios e no plan xeral e a xente se vive en Cangas porque non quere vivir en Pontevedra ou en Vigo”, dixo Clara Millán, a líder do BNG no concello.

Proba da falta de debate do plan xeral é todo o seu proceso de elaboración. A súa redacción en-

cargouse no pasado mandado da corporación á empresa arousán *Arteplan* (a mesma que prepara o de Moaña, tras unha decisión da pasada corporación, cando gobernaba o PP). Xa os primeiros pasos da redacción agoiraban un feixe de problemas. Os textos iniciais incluían unha mención a oito parroquias cando en Cangas só hai cinco e empregaban unha cartografía desfasada.

En 2001 aprobouse o primeiro avance o plan e aínda que nos anos 2002 e 2003 houbo varias comisións de seguimento do mesmo, estas foron descontinuas e con pouca información. En xullo de 2004 aprobáronse os convenios máis polémicos eludindo a información relativa ao plan en preparación. En agosto o concello traslada á Xunta o plan para a súa información por parte de varios departamentos e o pasado dez de xaneiro, no decurso dunha reunión da Comisión municipal de urbanismo, o equipo de goberno entrégalle un disco compacto á oposición coa redacción do plan, que ademais resultou incompleta. Dez días despois, o 20 de xaneiro, sen a penas tempo para analizar un documento tan complexo, nun pleno extraordinario celebrado ás nove da mañá –habitualmente eran pola tarde– aprobaba inicialmente o plan cos votos a favor do PSOE e

do PP e en contra do BNG e a FPG. Tras comezar o período das alegacións, que remata o catro de abril, o PP non informou detalladamente aos veciños do plan nin facilitou persoal para que puidesen alegar. As únicas reunións con informacións realmente detalladas e presenza de técnicos celebráronas o BNG e, a partir do 28 de marzo, o propio alcalde. Sotelo convocou por sorpresa aos veciños de Aldán por primeira vez nunha reunión ese 28 de marzo, a dez días de concluír o prazo de presentación de alegacións. A reunión, celebrada na súa parroquia –que lle deu a maioría absoluta nas últimas municipais–, resultou tumultuosa, pero Sotelo non sufriu agresións.

A reunión de Aldán tomou un cariz que fai temer que o vindeiro pleno ordinario do venres un de abril remate en enfrontamentos. Nese acto a oposición presentará solucións que tranquilicen os ánicos. A FPG levará unha moción para deixar de lado o plan e o BNG pedirá a celebración dun referendo sobre o mesmo. Aínda que non se produzan incidentes, as mobilizacións xa son imparábeis, á manifestación celebrada o domingo 27 sumarase outra que terá lugar o domingo tres. Un *tempo* de conflito que fai lembrar os primeiros pasos do fin de Lois Pena. ♦

Os dous convenios polémicos

Frigoríficos do Morrazo e Madeiras Lago e Rei son os asinantes dos dous convenios urbanísticos que se incorporan ao plan xeral e que están cargados de polémica.

O primeiro deles implica a urbanización e a recalificación de todo o terreo da fábrica de *Massó* desde esta última até a vella baleeira. A operación implica plusvalías importantes, xa que todo o terreo foi adquirido por un millón douscentos mil euros pero agora pasa a valer substancialmente máis sen que as contrapartidas que se lle dan ao concello satisfagan á oposición.

A zona, unha área litoral céntrica e moi extensa, pasa a ser considerada chan residencial, turístico e de servizos, pero isto entra en contradición coa presenza na mesma da factoría de *Frigoríficos* –que continúa na zona malia ser promotora da iniciativa– e dunha estación de servizo situada xusto no seu acceso. Ademais, o cambio de cualificación do solo xustificase no anunciado polígono industrial que a Zona Franca de Vigo dixo que ía construír no Alto da Portela, aínda que agora parece que está en suspenso

por indecisión da Zona Franca.

O outro dos convenios é o coñecido por *Madeiras Lago e Rei*, unha entidade vinculada á familia do conde de Aldán. Os terreos nos que se asenta esta promoción urbanística en Aldán están en litixio porque os veciños consideran que foron usurpados polo conde de Aldán, ao seren monte comunal. Este conflito vén de vello e xa en tempos os afectados denunciaron o deseño dun novo ramal da vía rápida do Morrazo para achegar esta estrada á porta mesma deste polígono, que prevé centos de vivendas. ♦

As vistas do chalé do alcalde

O novo plan xeral modifica a cualificación urbanística dunha bolsa de doce propiedades en Mendiña, Aldán, que antes eran edificábeis e que están xusto diante dunha finca herdada polo alcalde, na que constrúe un chalé desde hai un ano.

Un dos propietarios das fincas é X. Manuel Novas Duarte quen, hai dous anos, solicitou ao concello unha información urbanística sobre as posibilidades de construír nese terreo. Sendo a información positiva, encargou un proxecto de vivenda e solicitou a correspondente licenza de obras. Pasados tres meses sen contestar o concello, o silencio ad-

ministrativo dáballe dereito a construír. Aínda así agardou aos seis meses e comunicoulle ao concello tanto a situación de silencio e que comezarían as obras. O día que lle notificou ao concello o comezo das obras, no outono de 2003, a policía municipal presentouse na finca e díxolle que lle denegaban a licenza porque a propiedade non tiña saída a ningún vial, o que desmente o apunte do rexistro de propiedade e o catastro.

Ante a situación, Novas Duarte levou o caso ao xulgado, mediante a presentación dun contencioso administrativo que está pendente de fallarse. ♦



Praza do Obradoiro, manifestación convocada por Nunca Máis o 1 de decembro de 2002. ROBERTO RIBAO



Ante a falta de medios, os mariñeiros enfrontáanse ao chapapote coas mans na ría de Arousa. VITOR MEIUTO/IVG



Camelle, novembro de 2002.

FERNANDO CÁRDENAS/Interviu



Muxia, 30 de novembro de 2002.

ANTÓN GARCÍA



MEMORIA DA MAREA

A Fundación Galiza Sempre doa imaxes do *Prestige* a diversas institucións

A marea de voluntarios en Muxia.

NANNI FONTANA

(...) E logo estaba o silencio activo dos fotógrafos na máis importante fronte: onde se dirime o que é visible e invisible O grande relato da luz.

Manuel Rivas

SANDRA GONZÁLEZ
Lembramos aqueles días do afundimento do *Prestige* en interminábeis fotogramas: a deriva do barco, a incompetencia dos gobernantes, o chapapote que nos afogaba, centos de mariñeiros e voluntarios a limpar nunha tarefa imposible e, por fin, a so-

cidade que se organizaba baixo un paraguas de dignidade –*Nunca Máis*–, naquela mañá chuviosa de decembro.

Buscamos nos medios de comunicación a verdade fronte aos que tentaban minimizar a catástrofe, e temos que agradecer a labor daqueles xornalistas e foto-

xornalistas que, en moitos casos remando contracorrente, fixeron o seu traballo con rigor.

Como mostra deste bo facer, o Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia en colaboración con *Burla Negra–Nunca Máis*, organizaron a exposición *Marea Negra* con algunhas das imaxes máis impactantes.

No mes de marzo do 2004, unha escolma desta mostra chegou até o Parlamento Europeo por mediación do eurodeputado do BNG Camilo Nogueira Ro-

mán quen adquiriu a obra como mostra de colaboración e solidariedade con este proxecto fotoxornalístico de gran valor e calidade.

Posteriormente, as fotografías foron cedidas á *Fundación Galiza Sempre* que, por suxerencia do propio Nogueira, decidiu doalas a diferentes entidades e institucións (Parlamento Galego, Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, Valedor do Pobo, Consello da Cultura Galega, Real Academia Galega,

reitorías das universidades de Santiago, Vigo e A Coruña, Centro Galego de Arte Contemporánea, Museo do Pobo Galego, Consello da Xuventude de Galicia, Fundación Penzol, Coordinadora Galega de Ongs, ADEGA e Salvamento Marítimo). Hoxe estas fotografías, alí onde están, son testemuño da resposta cívica que protagonizou o pobo galego, mostra de agradecemento aos milleiros de voluntarios e pegada imborrable para os tempos futuros. ♦

O xefe de salvamento de Fisterra afirma que Galiza ten os mellores medios do Estado

O *Prestige* afastouse seguindo só criterios políticos, din os técnicos marítimos

A.N.T.
Foi oportuno afastar o *Prestige*? Para aqueles técnicos marítimos que dependían ou dependen da Xunta, si. Mais outras voces critican unha toma de decisión caótica que se tomou seguindo criterios políticos.

Nesta semana na comisión de investigación do Parlamento foron os técnicos e especialistas en mariña civil, navegación e comunicacións no mar quen tomaron a palabra. E faláron para cuestionar de novo a decisión do afastamento do buque.

Antón Salgado, oficial radioelectrónico da Mariña Mercante, e Rafael Lobeto, ex director xeral da Mariña Mercante, incidiron na descoordinación e no caos que houbo na xestión da crise, así como criticaron os erros nas tomas de decisións das autoridades responsábeis. Salgado concretou que "hai culpábeis por acción e omisión dentro do plano de continxencias" que non se desenvolveron correctamente, e que en Galiza non existía no momento da crise do *Prestige*. Salgado criticou o comportamento da Xunta pola súa nula política preventiva na contaminación por hidrocarburos, despois de tantos sinistros nas nosas costas.



Salgado, Lobeto, Girín e Sanxurxo na comisión do *Prestige*.

OTTO/AGN

Lobeto sinalou que "sabíamos que o naufraxio do *Prestige* podía acontecer, e como as causas non están resoltas continúan en risco vidas e territorios". Este ex director xeral de Mariña Mercante polemizou na comisión coa intervención do director técnico de Salvamento Marítimo, Fernando Novoa, quen defendeu o afastamento do buque das costas

Xoaquín Maceiras, xefe do centro zonal de Salvamento Marítimo de Fisterra, afirmou que Ga-

liza tiña unha cobertura de medios sen paragon en todo o Estado, o que provocou sorrisos cómplices entre os comparecetes anteriores.

Tamén compareceu José Ramón Iribarren, o autor das simulacións nas que o goberno galego gastou 260.000 euros, quen defendeu o seu modelo, que ten a utilidade de amosar como nas peores circunstancias posibles o *Prestige* non se podería levar nin a Corcubión nin a Vigo. Simulacións que foron duramente criti-

cadas pola oposición, e mesmo cuestionadas polo outro comparecente, Felipe Louzán.

Louzán, profesor de Ciencia e Tecnoloxía de Navegación na Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas da Universidade da Coruña, daba a súa solución sobre o destino do *Prestige*. "Na mañá do 14 de novembro, os ventos eran do oeste-noroeste de 20 a 25 nós de velocidade e a altura das ondas era duns 2,5 metros, é dicir, unhas condicións

meteorolóxicas adecuadas para levarlo ao seo de Corcubión ao abrigo do cabo de Fisterra."

Ademais, Louzán engadía "e dígoo eu que son de Fisterra e coñezo a ría, os petroleiros e o fuel; era preferíbel sacrificar unha zona para salvar miles de quilómetros de costa, fondos mariños, etc".

Visitas ao exterior

Ao final da comisión, os tres grupos parlamentares debateron o calendario das visitas que realizará esta comisión: un total de oito días fóra do Hórreo.

Ao longo de catro días os membros da comisión percorreren Galiza, para ver as zonas afectadas así como as balsas de residuos e os medios contra a contaminación dos que dispón a Xunta.

Os outros catro días desprazáranse a Euskadi, Cataluña e Andalucía para ver que medios existen de salvamento e contra a contaminación, e tamén visitarán en balsas de residuos do *Erika* en Francia.

Estas visitas foron aprobadas cos votos a favor exclusivamente do PP, xa que a oposición considera estas visitas como unha perda de tempo e un paseo para dilatar a elaboración do ditame desta comisión. ♦

Felipe Louzán

'A mellor solución era levar o buque a un lugar abrigado da costa'

Comparecencia na Comisión do *Prestige* de Felipe Louzán Lago

Introdución: En Galiza vivimos cantidade de accidentes marítimos con perda de vidas, contaminación das nosas costas e danos os nosos recursos. Citarei algúns deles: *Andros Fortune* (1961); *Bonifaz* (1964); *Spyros Lemos* (1968); *Polycommander* e *Erkowitz* (1970); *Urquiola* (1976); *Andros Patria* (1978); *Cason* (1987); *Aegean Sea* (1992), e agora o *Prestige* (2002) que volve poñer en evidencia a carencia de medios para controlar e protexer as nosas costas e recursos.

Polo corredor de Fisterra circulan perto de 45.000 buques ao ano, dos que uns 12.000 transportan mercadorías perigosas. Temos graves accidentes e cantidade de incidentes, e porén, nin se investigan nin se toman medidas para evitar que volvan acontecer. Levamos case dous anos e medio esperando polo informe do *Prestige*, e vai facer un ano que esperamos polo do *O Bahía*. Algo totalmente vergoñento e incomprendible a esta altura.

Para o *Prestige* había dúas opcións principais, que a continuación exporei:

Afastar o *Prestige*. É evidente que a decisión de afastar o *Prestige* tómasse sen realizar



Felipe Louzán, no centro.

OTTO/AGN

previamente unha avaliación sería e ampla por un equipo de inspectores cualificados e coa experiencia adecuada.

É máis, a decisión tómasse xa na tarde do día 13, como se manifesta polas notas públicas do Ministerio de Fomento ou pola declaración do Inspector Xefe da Capitanía da Coruña. As autoridades españolas podían tomar esa decisión, pero era preceptivo que antes se faga unha inspección. Na mañá do día 14 embarca un inspector de máquinas da Capitanía da Coruña, que non fai sequera

unha mínima inspección, e vai coa única orden de arrancar a máquina para afastar o buque o mais axiña posíbel das costas galegas.

Conclusión: A decisión de afastar o *Prestige* foi precipitada, errónea e inadecuada; sen base técnica nin científica e sen avaliar danos, riscos ou alternativas. Só se pretendía afastar o problema sen ter en conta as consecuencias; provocar unha marea negra coa pretensión de ter tempo para limpala e afundir o buque e coa esperanza de que o fuel se conxelase nos fondos mariños.

Levar o *Prestige* a unha rada abrigada ou a un porto de descarga. Había outras opcións que non se avaliaron debidamente e

que terían salvado o buque e evitado a contaminación. O envío dun equipo de expertos para facer unha avaliación do buque, danos, carga, e tendo en conta a climatoloxía, e sen consideracións políticas ou emocionais, concluiría que a mellor solución era levar o buque a un lugar abrigado da costa onde protexelo. Rodealo con dúas ou tres filas de barreiras e facer una operación de transbordo da carga. O fuel é moi contaminante, porén non presenta risco de lume ou explosión. O risco quedaba entón reducido á posíbel contaminación da rada ou porto a onde se levase o petroleiro, no caso de producirse un escape de fuel.

Tanto o capitán como a compañía Smit en varias ocasións solicitaron a entrada a augas abrigadas, incluso mediante fax na

'Só se pretendía afastar o problema sen ter en conta as consecuencias; provocar unha marea negra coa pretensión de ter tempo para limpala e afundir o buque e coa esperanza de que o fuel se conxelase nos fondos mariños'

mañá do día 15 de novembro, porén aínda se demorou o embarque dos técnicos de Smit unhas 12 horas, e lle fan asinar unha orde de afastamento en castelán!, en vez de colaborar con eles.

As declaracións de varios membros dos gobernos de Madrid e de Galiza de que nunha situación similar actuarían da mesma maneira constitúe un insulto á intelixencia e un desprezo ao coñecemento técnico e científico acumulado despois de

moitos anos e de tantos accidentes. Este feito constitúe un perigo para a seguridade marítima e a prevención da contaminación dos mares. ♦

O desenvolvemento sostíbel a nivel local foi o tema do discurso pronunciado polo alcalde de Pontevedra, Miguel F. Lores, na inauguración da XXII

Semana de Filosofía. As súas palabras recibiron a crítica dos sectores favorábeis á permanencia da celulosa na ría. Aquí publicamos un extracto.

ENCE, Pontevedra e a palabra 'sustentabilidade'

MIGUEL F. LORES

A Semana de Filosofía da Aula Castelao é o río polo que flúe anualmente parte da alma desta cidade. O lugar no que as palabras se deteñen tranquilas neste mundo hiperdotado de mensaxes entre os que case non dá tempo a pensar qué conteñen.

Esa inxente cantidade de palabras penduradas dos atrás, escritas nos xornais, recitadas nos ensaios, alumadas nas cátedras, descritas daquela maneira nos telexornais e vociferadas nas tertulias radiofónicas, necesitan de espazos como este para recibilas, facelas nosas, construílas e convertilas en pensamento, en guías para a acción. A Semana é, en definitiva, unha vacina de intelixencia contra a voraxine, a velocidade e o pensamento único.

Este ano, ademais, o motivo temático é a sustentabilidade, unha palabra que exemplifica na actualidade esa extenuación na que caen os conceptos maltratados polo delicto invisíbel da manipulación semántica.

A toma de conciencia sobre os problemas que reporta o desenvolvemento social e económico do planeta está na orixe deste controvertido termo que hoxe tanto serve de bandeira ao ultraliberal desarrollista que preside o Goberno deste país, como de palabra estrela da campaña publicitaria institucional dunha empresa multinacional con tubería directa ao fondo da nosa ría e chemineas que debuxan altivas a liña do noso ceo. Porque neste momento, os debates máis interesantes e eruditos que xenera a sustentabilidade do punto de vista social refírense á utilización desta palabra no ámbito do márketing e a influencia corporativa.

Cada pontevedrés que escoita a radio está sometido a un gran número de impactos diarios que vencellan a Ence coa sustentabilidade. Impactos, lóxicamente pagados e co obxectivo de cambiar



Miguel F. Lores, Alcalde de Pontevedra.

PACO VILABARRROS

conciencias, de calmar excitacións, de revertir un estado de cousas que non lles é favorábel.

De pouco serve que esta palabra, a sustentabilidade, nase da conciencia crítica do mundo, da mirada alternativa, da loita por un mundo máis xusto e equilibrado, do outro mundo é posíbel que hoxe resume o pensamento de tendencias humanistas e liberadoras: de qué maneira podemos entendernos para non continuar destruindo os valores naturais do planeta.

Traído ao ámbito local, pídemelo o corpo facerles unha confesión sincera: sinto un especial orgullo por ser alcalde desta cidade no momento en que está dando resposta tranquila, ordenada, racional e civilizada ao embite dunha gran empresa que, na súa ac-

tual ubicación, representa un grave problema ambiental para o noso futuro colectivo. Non está o mundo por estes pagos acostumado a gañar batallas legais e públicas ao gran capital financeiro do que Caixa Galicia é só unha pequena parte.

Queremos seguir plantando cara a posturas tan demagóxicas como "a única lei que serve aquí é a creación de riqueza" pronunciada polo presidente Fraga, e que resume o seu posicionamento en torno á sustentabilidade. Levamos con honra e dignidade que os quintacolumnistas do poder autonómico e da empresa nos vilipendien nos seus medios, utilicen sesudas análises para convencer os cidadáns coas súas monsergas e realicen millonarios investimentos para manter unha rede de opinadores cautivos para o ben da súa causa.

A que moitos chaman aquí "A guerra de Ence" é sobre todo unha guerra de opinión sobre a sustentabilidade. Onde están os límites, onde está ben ou mal utilizada esa palabra? Nós temos ben claro onde comeza e onde remata. Tan claro como as augas limpas que estamos a lograr no Lérez e que desexamos tamén para a nosa ría.

Como o urbanismo contido que promovemos e o territorio que desexamos nun país reconfortado consigo mesmo, amábel cos seus recursos, máis atento á súa rendibilidade social e colectiva que ao beneficio que uns poucos poden extraer deses recursos.

Así proxectamos tamén as teses da sustentabilidade á xestión do núcleo urbano, un espazo en plena transformación para convertilo en exemplo de dinámicas cidadás sa-

nas e de escala humana. Estamos a gañar superficie para os que os cidadáns poidan disfrutar da súa cidade, estamos logrando que as prazas, as rúas, os parques de Pontevedra se convirten en espazos de convivencia, de vida. Estamos recuperando os sinais da nosa memoria colectiva, cambiándolle aquel carácter trístico e grisallo de hai anos, interpretando os nosos espazos con linguaxes contemporáneas, limpas e variadas.

Pero por moito que en Pontevedra non pareza unha palabra sobre a que pivota parte do futuro da cidade, a sustentabilidade non só ten que ver con reorientar o uso que facemos do territorio e os recursos naturais. Tamén ten relación con outras perspectivas ás que nos aboca o estilo de vida actual.

Moitas persoas chegaron a ver con naturalidade a competencia alimentaria que se escenifica nos nosos supermercados, auténticos templos da abundancia que reflexan un case paranoico xeito de alimentarnos, cheos de invencións derivadas do marketing, do xogo das palabras, dos excesos de envoltorios, das chirriantes campañas publicitarias que invaden os nosos catódicos domicilios. Un gran número de persoas teñen por natural utilizar o automóbil de maneira intensiva, ese obxecto que convertiron nun dos tótems do poderío persoal e a aparencia.

Son só algúns exemplos de como a sustentabilidade debería imbricarse como filosofía en todo o sistema económico, que deba, ao meu xuízo, producir para satisfacer, e non, como ocorre agora, producir para competir, creando necesidades que hai que satisfacer.

Seguiremos procurando para Pontevedra e para Galiza unha acción pública sustentábel para o noso territorio, que consiste en non dicir si a todo, como se fosemos vasallos da avaricia. ♦

‘A que moitos chaman aquí a guerra de ENCE é sobre todo unha guerra de opinión sobre a sustentabilidade’

Guisa e Napo

UXÍA E BRAIS



Subliñado

Leva unha rosa a Outeiro

LOIS DIÉGUEZ

As agrupacións culturais da provincia de Lugo que máis traballaron co poeta Manuel María levarannos este sábado a Outeiro de Rei, a súa tribo, para percorrer a Viaxe Sentimental que el cantou nun dos seus innumerábeis artigos. Amigos, escritores e membros das agrupacións poñeránlle voz aos seus poemas en sete puntos que xiran arredor do río Miño e da capela da Santa Isabel, entre eles a súa propia casa natal; e os músicos cos que tamén traballou arreo, compoñerán as loas en notas certamente floridas. Despois, á noite, en Vilalba da Terra Cha, viaxaremos co Manuel por diversos países do mundo que coñeceu e cantou con emoción rebordada. Pero o que máis nos agrada deste acto é a Rosa que os organizadores piden para deixarlle ao poeta en Outeiro, pois é símbolo da súa palabra na expresión concisa e acertada que fixo poeticamente ao transformar a rosa branca en vermella por mor do rubor daquela ante a ollada do escritor, do amor, xa que logo, que sempre tivo como bandeira. Manuel María andou a Terra camiño a camiño ("todos os camiños levan á capela de Santa Isabel", dixo), e coñeceu a medio mundo. Ese mundo réndelle agora o seu tributo, como é de xustiza. E nós acudiremos o sábado 2 de abril a Outeiro coa nosa rosa ruborizada que lle ofendaremos con emoción, pois el foi quen nola fixo sentir na súa encantada beleza. ♦



A existencia de moitas reivindicacións de conservación dos ríos levou a presentación desta iniciativa.

Recollidas máis de dúas mil sinaturas nos primeiros días Unha iniciativa lexislativa popular pretende salvar os ríos galegos das minicentrais

H. VIXANDE

Unha iniciativa lexislativa popular avalada por numerosas organizacións ecoloxistas, sociais e culturais pretende que haxa unha Lei que regule integralmente os ríos galegos para preservalos dos danos da proliferación incontrolada de minicentrais.

En Galiza hai 34 grandes encoros, deles 23 están na conca do Miño e o Sil. Ademais, na actualidade hai 57 minicentrais e están en marcha outros 60 aproveitamentos hidráulicos máis, dos que 24 son grandes presas. Son datos provisionais porque o panorama muda cada día grazas a unha política da Administración que non facilita a transparencia. En calquera caso, o Plan Enerxético de Galiza de 1995 prevía que neste ano 2005 houbera no país 155 centrais hidroeléctricas. Non todos os proxectos foron adiante, pero si moitos, e outros están en marcha. É mais, a organización ecoloxista Adegas estima que só o río Sor, entre A Coruña e Lugo, é o único na Galiza que está libre de ningún aproveitamento hidroeléctrico. A enxurrada de proxectos xerou numerosos movementos de defensa dos ríos que levaron a presentar unha iniciativa lexislativa popular. A intención é unha lei que regule os ríos e sirva para preservalos.

“Non hai unha lei que regule todo o que ten que ver con eles, fora das normas que facilitan os aproveitamentos económicos, por iso é crucial que exista unha lei como a que propoñemos”, indicou Alberte Lema, presidente da Plataforma en Defensa do Río Verdugo e un dos membros da Comisión Promotora desta iniciativa lexislativa popular.

Unha iniciativa lexislativa popular é unha proposición de lei cun texto articulado presentada ante o Parlamento e avalada pola sinatura de quince mil persoas que figuren no censo electoral dalgun concello galego. “A iniciativa xa se presentara ante a Mesa do Parlamento no outono e para decembro contabamos con poder comezar a recoller as sinaturas, pero devolvérona hai dez días”, explicou Lema. O membro da Comisión Promotora indicou que a súa pretensión “é recoller as sinaturas en abril porque queremos que se debata antes do verán, senón vén o outono e veñen as eleccións, e quen queremos que responda ante o Parlamento é este Goberno, que é quen está a dar as concesións ás minicentrais”.

En moi poucos días, a comisión conseguiu máis de dúas mil sinaturas, de modo que antes de mediado o mes de abril poderían estar as quince mil rúbricas. Outra cuestión é que o Parlamento aprobe a iniciativa lexislativa popular, xa que o PP tería que dar o seu voto a unha proposición de lei que tira atrás coa súa política enerxética. “Eu presido unha Plataforma en Defensa do Río Verdugo na que hai tantas persoas do PP como do BNG, de forma que coído que non ten por qué ser rexeitada a iniciativa, a todo o mundo lle gusta ver os ríos en condicións”, indicou Alberte Lema.

A Comisión Promotora xurdiu por unha invitación formulada por Adegas e a Coordinadora de Defensa dos Ríos, Cogader. Tratabase dunha convocatoria aberta á que se sumou todo o ecoloxismo e numerosas organizacións sociais e políticas. “Con todo, faltan o PP, o PSOE, a UGT e CCOO”, laiou

Xosé Salvadores, un dos integrantes desta Comisión.

Intereses nos encoros

A pesar do optimismo de Lema nas posibilidades de que prospere a iniciativa lexislativa popular, o Goberno da Xunta e o partido que o sostén no poder comparten unha política enerxética que permite a proliferación de encoros, mesmo rescatando antigas concesións outorgadas hai corenta anos, en pleto franquismo. A iniciativa lexislativa popular fai referencia á Directiva Marco da Auga da Unión Europea de decembro de 2000, que establece un novo modelo de xestión da auga baseado no “bo estado” dos ríos no horizonte de 2015. A pesar de que esta Directiva é de obrigada referencia, a Comisión Promotora da iniciativa lexislativa popular denuncia que a Xunta atrasa os pasos previstos na Directiva cunha interpretación interesada da mesma para acelerar os proxectos de aproveitamentos hidráulicos previstos. Neste sentido, a iniciativa lexislativa popular

prevé nunha das súas disposicións transitorias a paralización de calquera proxecto en marcha. “Temos enerxía dabondo e uns ríos por estudar e que salvar, de modo que pedimos que se paralicen os novos aproveitamentos”, resumiu Xosé Salvadores.

Unha das preocupacións dos promotores da iniciativa lexislativa popular é a tolerancia que mostra a Administración cos proxectos de aproveitamentos hidráulicos e o rigor con que trata aos colectivos que defenden os ríos. “Para os promotores dunha central deste tipo, todas son facilidades –dixo Alberte Lema–, teñen todo o tempo que queren para facer os estudos de impacto, as avaliacións económicas, etc.; a nós, en canto formulamos alternativas, colócanos a declaración de utilidade pública e danos un mes de prazo para buscar un técnico que avalíe o proxecto; despois, se hai algún problema co concello, decláranos o proxecto supramunicipal e tamén pasan por riba, a cuestión é seguir para adiante”.

Picaresca oficial

Ás facilidades que dá a Xunta ás minicentrais hai que engadir as picarescas das empresas promotoras. “Saben que un proxecto grande implica un estudo de impacto ambiental, entón o que fan é catro proxectos pequenos, unidos sucesivamente con continuidade, como sucede no río Verdugo”, dixo Lema. E como colofón, a imposibilidade de presentar o mesmo recurso contencioso administrativo a varios proxectos que en realidade son o mesmo. “Isto limita a capacidade de defender un río, os aproveitamentos hidráulicos son seguidos, a auga que sae dun encoro entra noutra e a empresa é a mesma, pero os recursos contenciosos administrativos teñen que ser distintos”, denuncia Alberte Lema.

Pero ademais da cuestión da proliferación de encoros, está a xestión da enerxía que producen, que responde, segundo denuncia Xosé Salvadores, “á demanda”, o que leva a aumentar o consumo en lugar de reduci-lo. Este promotor da iniciativa reclama que “que os encoros sirvan para producir enerxía que se consuma no seu contorno, cando o que acontece é que se transporta lonxe. Un terzo da enerxía que producimos expórtase e no transporte da enerxía pérdese o 7% da produción, a mesma cantidade que xeran todos os aerogeradores que hai na Galiza”.

Ademais, á marxe da necesidade de reducir o consumo enerxético en Galiza mediante plans de aforro que non inciten a usar máis enerxía, Xosé Salvadores reclama a mesma política coa auga para abastecemento doméstico. ♦

O país dos cen encoros

- Na Galiza hai 34 grandes encoros, 23 no Miño e o Sil.
- O número de minicentrais na actualidade é de 57.
- Proxéctanse 60 novos encoros, 24 deles grandes.
- O Plan Enerxético de Galiza de 1995 tiña como obxectivo para 2005 un total de 155 minicentrais.
- Galiza exporta un terzo da enerxía eléctrica que produce.
- No transporte pérdese o 7% da enerxía que se produce, o mesmo que xeran todos os parques eólicos.
- A enerxía hidráulica representa o 20,55% da produción eléctrica galega.
- As minicentrais só producen o 1,13% da produción eléctrica pero son as minicentrais son as que máis danos provocan. ♦

Ante as próximas eleccións autonómicas

Cousas que non se comprenden

SUSO DE TORO

As eleccións próximas no mes de outubro deben ser vistas coa perspectiva de máis de dúas décadas nas que o noso país accedeu á autonomía dirixida pola dereita española. Todo un período histórico que deu o que deu de si. No mes de outubro a nosa sociedade vai facer unha confrontación histórica entre a esperanza e a fatiga.

A fatiga, o nihilismo que di que non hai futuro para nós, vai continuar o seu arrastrar. Ninguén dubide de que a parte da nosa sociedade máis desinformada, débil e envellecida acudirán a votar. Chegarán até a urna electoral polo seu pé ou acarrexados, mais todos eses votos entrarán nas urnas. O Partido Popular vai ser máis implacábel que nunca, votarán á dereita máis mortos que nunca, se poden.

Pola contra a esperanza, a confianza en que podemos ser un país digno e viábel, é máis volúbel e máis fráxil; o mesmo vai que non vai. A esperanza no noso país está sempre tentada polo medo, pola inseguridade. A esperanza entre nós é pouca e débil. A esperanza é rara e por iso non avulta moito nas urnas electorais.

Mais o dilema electoral non será favorábel á esperanza, non sumará máis votos, se non conseguimos que a xente albisque que esta vez é posíbel un cambio na marcha do país.

Non haberá cambio político, non haberá un relevo de política e de políticos se non hai unha alta participación electoral. Só se votan os que non aprenderon a insistir, a imaxinar e tamén a loitar polo imaxinado, só se votan os que se absteñen por norma poderá haber cambio político.

Igual que a participación masiva dos abstencionistas, maiormente a mocidade, lle deu a victoria ao cambio político nas pasadas eleccións lexislativas, así unicamente a participación electoral dos que son adoitado abstencionistas pode facer o cambio político na Xunta de Galicia.

E para que haxa un cambio, para que haxa ilusión é preciso que as dúas forzas políticas hoxe na oposición consigan que os apoien electoralmente todos os seus posíbeis votantes. Todos, todas, non se pode perder un. Mais eses votantes non se deixan acarrexar, eses votantes son dos que van

polo seu pé ou non van. Así que o cambio político depende do que fagan agora eses dous partidos.

Todos os inquéritos dan un desexo fondo de cambio: a xente quere cambiar a administración. O conto é saber se os partidos hoxe na oposición queren gobernar.

Esa corrente política de fondo que desexa un cambio político demostra que a xente non lle pide moito a eses partidos, está disposta a pasarlle moitas cousas, pero quere saber que efectivamente desta volta van a serio: que queren gobernar a Xunta. E polo de agora a cidadanía non o sabe, non o ve moi claro.

Somos os que somos, o país é o que é, e as organizacións sociais e políticas que hai son as que hai. O PSdeG é o que é e o BNG tamén. Pero de ambas as forzas esperamos que poñan esta vez sobre a mesa todo o que teñen.

Pasemos por alto as ocorrencias insultantes e disgregadoras e os disparates que aporta cada día Francisco Vázquez desde A Coruña, polo demais parece que Emilio Pérez Touriño quere gobernar. Faino á súa maneira, mais nunca o PSOE ofreceu aquí unha candidatura máis seria.

Mais atendamos ao que transmite o BNG, a moitos cidadáns parécenos unha mensaxe incomprendible.

O BNG, hai menos dun ano, tomou decisións que abríron debates dentro. Falouse dun cambio interno, político ou de persoas, ou das dúas cousas. Os que quixeron debater debateron e os que quixeron votar votaron, con razón ou sen ela, gañou quen gañou. Hai outra dirección, que foi a que escolleron os afiliados. E non é agora o momento de pararse a discutir iso, todo o contrario.

Agora que o que a cidadanía ten dereito a pedir é que lle fagan unha oferta electoral digna. Porque se non, a xente logo tamén ac-

tuará en consecuencia. E a única oferta digna nun momento histórico como este, cando o cambio é posíbel, non pode ser peor que a que se ten feito anteriormente. O BNG ten que ofrecerlle á sociedade toda a riqueza humana e política de que dispoña. Anxo Quintana é o candidato, mais non se pode entender moi ben que o BNG non o apresente rodeado de persoas como Xosé Manuel Beiras e Camilo Nogueira.

‘O dilema electoral non sumará máis votos se non conseguimos que a xente albisque que esta vez é posíbel un cambio na marcha do país’

Simplemente non hai explicación política, ou se a hai os electores non o poden comprender.

Os galegos non temos dereito a chorar por eses representantes políticos que temos, que nos representan, esa xente está aí porque unha maioría do censo votou por eles. Son os que merecemos. Mais tampouco é moito pedir que os partidos da oposición fagan sexquen unha parte de seu traballo, que sexan quen de ordenaren a súa casa primeiro e de ofrecérennos logo unha proposta política e unha oferta para o parlamento e o goberno que teña lóxica.

Para que haxa un relevo na Xunta o PSdeG ten de demostrar peso político propio e sentido nacional galego. E o BNG ten de ser quen de mobilizar todo o seu electorado posíbel, mais ese electorado non vai tragar calquera cousa, é exixente. E non se vai mobilizar se non hai ilusión. A ilusión é o que crea a esperanza. E os cambios políticos e sociais no sentido da xustiza sempre nacen da esperanza. Se non ofrecen ilusión, se ofrecen división e mesquindade, a xente vai ficar na casa.

Con todo, se non son quen de modificar o rumbo actual axiña, de facer un movemento enérxico integrador (e tan difícil é facer o que é imprescindible?) vai ser tarde. Mesmo vai ser tarde para que a propia militancia, hoxe descoñecida e desmobilizada, se ilusione e saiba que ten algo ilusionante polo que loitar. ♦

SUSO DE TORO é escritor.

Preguntas

XESÚS VEIGA

Tremeu o goberno da Xunta no parador de Santo Estevo e pariu un rato disfrazado de bonoloto electoral: se acordamos votar a Fraga teremos pleno emprego no ano 2010. E punto.

O rato non tivo tempo para imitar a vella pantasma marxiana e percorrer esa Europa que nos quere recortar o bendito maná dos fondos estruturais. Antes de comezar o camiño, os dirixentes da UE asinaron o certificado de defunción dos obxectivos proclamados no cumio de Lisboa do 2000: non existirá o pleno emprego anunciado para ese mítico 2010. O paraíso terrenal que nos prometían algúns defensores do voto afirmativo no referendo do 20 de febreiro ficará ao mesmo espellismo para consumo de futuros analistas das luces e sombras da construción europea.

De dúas unha: ou Fraga non ten bos informadores que lle anticipen o que se está a cocinar en Bruxelas para evitar ridículos tan sublimes coma este ou postie tal nivel de excitación preelectoral que vai ser capaz de verbalizar un catálogo de promesas que case nos farán lembrar as propostas dos socialistas utópicos do século XIX.

Aquí teremos emprego para dar e tomar mais non padecemos esa corrupción que agroma no balneario catalán. Que unha persoa denuncia nos xulgados o presunto plano do construtor Martínez Núñez para atentar contra a vida de Xosé Cuiña cando era conselleiro da CPTOPV? Que este mesmo cargo político foi destituído porque, supostamente, as súas empresas familiares se beneficiaron dun trato de favor da empresa TRAGSA durante a crise do *Prestige*? Que Henrique López Veiga proclama a súa convicción de que hai responsábeis políticos que se enriqueceron co exercicio dos seus cargos? Que a fiscalía abra dilixencias sobre o *affaire* da casa de Francisco Vázquez? Nada. Parvadas. “Pataca minuta” que diría un ex-dirixente deportivo de cuxo nome non quero lembrarme.

E vai o BNG e propón un código ético para rexenerar o sistema político galego. Ética na política?. Para que, se xa somos dirixidos polo brazo incorrupto de Fraga? Para que, se nin sequer Emilio Pérez Touriño, nos seus soños de presidente, atopa necesaria semellante proposta nacionalista? Xa o dicía aquel: non hai preguntas impertinentes, hai respostas intelixentes. E, ademais, evidentes. ♦

Protesta de familiares de vítimas da represión franquista

Máis dun cento de persoas, familiares de vítimas do franquismo, se manifestaron en Vigo ás portas do acto que o concello tiña preparado para entregar as medallas aos Vígueses Distinguidos. Moitos dos asistentes portaban carteis con fotografías dos seus familiares, baixo a lenda de “Asesinado” ou “Represaliado”. A asociación de vítimas do franquismo da comarca viguesa leva varios meses traballando a prol da recuperación da memoria do 36. Con esta protesta reivindicaban que os mortos, presos e represaliados tanto no momento do golpe como durante os corenta anos de ditadura tivesen o recoñecemento das institucións democráticas da cidade. O concello do PP negouse a incluír este recoñecemento na entrega de medallas. Nin os concelleiros do BNG nin os do PSOE asistiron ao acto. ♦



PACO VILABARROS

Considera esta cuestión un *test* sobre o futuro do Plano de Normalización

A Mesa insiste no incumprimento no ensino dos niveis obrigatorios de galego

A.N.T.
A controversia sobre o cumprimento do Decreto 247/95 entre A Mesa e Política Lingüística permanece. Para Carlos Callón, presidente da Mesa, este vai ser para eles o termómetro da vontade política de avanzar no Plano de Normalización Lingüística presentado recentemente e pendente de comezar a aplicar.

A Mesa fixo do cumprimento do decreto do galego no ensino un dos seus cabalos de batalla. Despois de no curso 2003/04 facer un seguimento do uso de libros de texto nos centros de ensino, comprobou que nun 75% dos casos, nas materias de ser o galego obrigatorio, non se cumpría a lei. Daquela fixo unha denuncia á Inspección Educativa e convocáronse paraos e concentracións estudantís. Despois daquela mobilización, por primeira vez, a Inspección publicou unha orde de subvencións, tamén por vez primeira, para que os departamentos dos centros de ensino mercasen materiais en galego.

Despois desa mudanza no presente curso volveu comprobar que nun de cada catro centros non teñen os libros de texto legais en galego e que a porcentaxe sobe a un 68% de incumprimento en canto á lingua vehicular na docencia.

Segundo Carlos M. Callón, "hai que seguir coas medidas de presión para corrixir unha década de negligencia. Continuaremos co recurso contencioso-administrati-



Xosé Gregorio Ferreiro, Responsabel da Comisión Técnica do Plano de Normalización Lingüística, e Xesús Paulo González Moreiras, Director Xeral de Política Lingüística, durante o acto de presentación o pasado 27 de xaneiro.

vo e exixindo que a Inspección rinda contas. Que están a facer os inspectores de ensino que non observan nin tan sequera se os libros de texto son legais ou non?".

A resposta da Dirección Xeral de Política Lingüística, que depende do Conselleiro de Educación, foi que non teñen datos sobre o cumprimento do Decreto no actual curso escolar e que non disporá deles até o mes de xuño, pero apesar diso afirmou que aínda que hai docentes que se negan a cumprilo, o decreto se aplica ao

cento por cento. O director xeral, Xesús Paulo González Moreiras, considera que é a crispación provocada polas denuncias da Mesa a que fai que se accentúe o rexeitamento á aplicación do Decreto, rexeitamento no que incurrirían tanto profesores que dan as clases en galego como en castelán. Mesmo así non desbota abrir expedientes disciplinarios a partir de xuño.

Os obxectivos do Plano

Despois da súa presentación hai

uns meses, o Plano de Normalización Lingüística segue o seu calendario, para algúns demasiado lento. A Consellería pediulle ás comisións –Ensinio e Industrias Culturais, Xustiza, Administración, Economía, Sanidade, Sociedade e Proxección Exterior–, que dentro do abano amplo de iniciativas que se propoñían, recomendasen unhas poucas para comezar a facer visíbel a utilidade do Plano, e que dentro delas escollesse aquelas que non precisasen un especial gasto económico.

As reunións fixéronse e tamén as recomendacións, pero aínda non se coñece a mecánica de aplicación que decidirá Política Lingüística.

En declaracións públicas González Moreiras considerou que o Plano non é ningunha norma senón unha estratexia de traballo que afecta a toda a sociedade.

Para o presidente da Mesa non se pode facer un xuízo precipitado, pero ao seu entender son dous os elementos que poden servir para medir a vontade política normalizadora do goberno, "proponíanse máis de catrocentas medidas, pero en todo caso para nós a proba do algodón pódese ver pronto. Por unha banda en relación a como se actúe no ensino para avanzar cara o 50% de galego e castelán previsto, por outro cando se concedan as novas licenzas de medios, e ver que consideración se lle dá ao galego na selección. En todo caso o que non nos serve é que se escollan aquelas medidas máis formais para lavarse as mans".

O Plano de Normalización presentouse en Compostela o 27 de xaneiro pasado. No acto a representación política da Xunta, reduciuse ao Conselleiro de Educación, o que foi interpretado como unha falta de respaldo unánime do goberno galego. O compromiso público é de facer un seguimento do plano desde o parlamento, para o que cada partido ten nomeado un representante, que tamén participaron na elaboración, xunto con amplo abanico de organizacións sociais e relacionadas co galego. ♦

DON QUIXOTE E BREOG «N



O EXÉRCITO DE OVELLAS

Indo de aventuras con Don Quixote e Sancho Panza, Breogán participou nunha batalla moi rara. Nela combateron un exército de carneiros contra outro de ovellas.

NA AVENTURA DOS MUÑOS

Breogán descubriu un libro marabilloso na biblioteca. Alí coñeceu a Don Quixote e con el e Sancho Panza marchará de aventuras. Mais uns muños sairánlles ao paso.

Obxectivos no ensino e nos medios de comunicación

■ A metade das materias en galego, como mínimo

No eido educativo, o Plano pide que tanto en educación Primaria, Secundaria e ciclos formativos "debe garantir que, como mínimo, o alumnado reciba o 50% da súa docencia en galego". Os relatores fixeron especial fincapé en que ademais das áreas de coñecemento natural, social e cultural, o galego debe estar presente no ensino das matemáticas e da tecnoloxía. Tamén se establece "a obrigatoriedade de coñecer a lingua para acceder á docencia, fixando prazos concretos e razoábeis para que o profesorado acrediten esta competencia".

No tocante á transmisión familiar, os relatores consideran que cómpre "realizar unha campaña que teña por obxectivo que as familias lle transmitan o galego aos fillos e que se use nas interaccións familiares". Ademais, para que os máis cativos non

perdan a lingua, "é necesario potenciar unha oferta de preescolar en galego" e propoñerlle á TVG que sitúe en horarios de maior audiencia o programa "Preescolar na casa". En canto os mozos, o plano pide que "se fomenta o uso do galego nos ámbitos de máis impacto e utilización polos máis novos (pubs, discos, bares musicais, etc.), establecendo convenios coas asociacións de hostaleiros e outras entidades e colectivos implicados".

■ Un 30% de galego nos diarios

No eido dos medios de comunicación e das industrias culturais hai falta de medidas concretas para acadar uns obxectivos razoábeis. O Plano establece que para fomentar a presenza do galego nos medios escritos cómpre "asinar acordos coas diarias de maior tirada para ir aumentando a presenza do idioma até chegar a un mínimo dun

30%". Tamén se pide que se "promova un diario deportivo en lingua galega" aínda que non se especifica de onde ten que saír o capital ou quen debería ter a iniciativa. Especificase, iso si, que se debe subvencionar a publicación en galego segundo a porcentaxe e non a prior, o cal implía unha crítica ao modelo de axudas seguido até agora.

No terreo audiovisual, os relatores do plano piden que "se lle imprima a CRTVG un carácter de maior modernidade" para conectar coa xuventude. Do mesmo xeito, consideran que "é necesario negociar con TVE para que aumente o tempo de emisión en lingua galega", así como "recuperar Radio 4 como emisora de RNE que emita integralmente en galego". No tocante á dobraxe, unha das medidas consiste en "promover a dobraxe ao galego de polo menos dez filmes anuais, dos que presenten maiores expectativas comerciais". ♦

Absolto do delito de coacción Multas leves aos sindicalistas acusados de danar autobuses de *Monbús*

H.V.
Os catro sindicalistas xulgados por danos a varios autobuses de *Transportes A Unión*, (o *Grupo Monbús*), foron absolto do delito de coacción e condenados a leves multas por danos continuados, así como ao pagamento dunhas indemnizacións moi inferiores ás que solicitaran as acusacións. A defensa, con todo, recorrerá.

A sentenza, comunicada aos acusados o 23 de marzo (o xuízo tivo lugar o oito e nove de marzo en Pontevedra), absolve da acusación de coaccións aos catro xulgados: Rafael Iglesias, secretario comarcal da CIG en Pontevedra, Antón Alcántara, secretario de Negociación Colectiva da CIG, Xosé Lois Díaz, secretario de Organización da CIG en Vigo e Marcos Rodas, da sección do Mar da CIG. Esta absolución implica que os feitos quedan desvinculados do conflito laboral, que o sindicato queda á marxe e que os catro inculcados eluden calquera pena de cárcere.

Os catro sindicalistas si foron condenados por danos causados a varios autobuses de *Monbús*, aínda que a sentenza admite que non hai proba directa, polo que chega a determinar que se produciron eses danos a través da interpretación de varios indicios. Con este punto de vista non está de acordo



Imaxe dos acusados durante o xuízo.

a defensa, que considera que hai outra forma de interpretar os indicios, o cal implica outras posibilidades que o fallo non valorou e que permiten demostrar a inocencia dos acusados.

En todo caso, a sentenza condena cada un dos acusados a unha multa de 7.920 euros e ao pagamento conxunto dunha indemnización de 37.593,11. Esta cantidade é moi inferior á que solicitaban tanto a fiscalía como a acusación particular e que roldaba os cen mil euros en total. Con respecto á multa, é igual á que pedía o fiscal e moi inferior á que reclamaba a acusación particular, xa que ascendía a

43.200 euros a cada un dos inculcados.

A sentenza é apelábel nun prazo de dez días a partir do momento no que foi comunicada ás partes. A defensa xa anunciou que pese á que a condena é moi leve, recorrerá tanto as multas como a indemnización. A defensa mantén a petición de libre absolución dos catro sindicalistas porque considera que se demostrou a inocencia. Ademais, non só non está de acordo coa interpretación que se fai dos indicios, senón que tampouco considera atinada a estimación dos danos porque non hai probas de que os producisen os acusados. ♦

A economía europea na encrucillada

MANUEL CAO

Os problemas que se albiscan no horizonte político-económico europeo funden as súas raíces nas dinámicas derivadas da integración na área UE e no avance do proceso de globalización. Os indicadores revelan unha baixa medra nas zonas máis desenvolvidas de Europa con situacións de desemprego xa moi graves en Alemaña (máis de cinco millóns), cunha caída de popularidade dos gobernos e unha inestabilidade social crecente. Esta situación trata de mitigarse con políticas asistenciais e de protección social que lles afectan aos equilibrios orzamentarios. A economía europea atópase nunha encrucillada na que se ha de decidir o seu futuro de competitividade a medio prazo nun contexto cada vez máis liberalizado no que as barreiras de entrada e o proteccionismo vense limitados pola emerxencia de novos e moi importantes actores na economía global.

En relación á globalización, a deslocalización empresarial é un proceso inevitábel, e aínda necesario, se as empresas preexistentes teñen vocación de permanencia no medio prazo. A adaptación resulta imperiosa pois os novos axentes empresariais son cada vez máis agresivos e ávidos de capturar novas posibilidades de negocio. Xa non son anécdotas as compras de empresas do mundo desenvolvido por firmas chinesas e o grao de penetración do capital emerxente non coñece fronteiras. A destrución de emprego ocasionada pola desindustrialización e pola falta de investimentos desviados aos novos países emerxentes trata de mitigarse coa redución dos dereitos laborais (aceptación de quedas, aumento da xornada laboral, rebaixas salariais, etc) e mediante os investimentos en I+D para poder competir naquelas actividades innovadoras e intensivas en tecnoloxía e que aínda non está ao alcance dos novos países en desenvolvemento acelerado (a China, a India). Os resultados destas medidas están sendo aceptábeis tal como se manifesta, particularmente, na retención de importantes actividades industriais en áreas de altos custos laborais e, globalmente, na forte posición da balanza comercial europea pese á cotización do euro, pero, desafortunadamente, estas actividades económicas altamente competitivas non son suficientes para empregar toda a poboación activa.

En relación ao proceso de integración europea, o avance no mercado único require a libre circulación dos factores da produción e a eliminación de barreiras institucionais e burocráticas para o establecemento de empresas en calquera dos países e para a produción e venda de mercadorías ou servizos en toda a UE. O informe Bolkenstein, transformado en directiva para a liberalización de servizos, vai afectar directamente ao tecido de pequenas e medianas empresas, profesionais liberais, etc, que representan a maior parte do PIB e emprego dos países. Moitas empresas alemás de servizos deslocalizan xa parte das súas actividades no leste, atraídos pola diferenza salarial.



‘Xa non son anécdotas as compras de empresas do mundo desenvolvido por firmas chinesas e o grao de penetración do capital emerxente non coñece fronteiras’

En principio, a liberalización dos servizos semella razoábel e positiva para o conxunto da economía tanto en competitividade e emprego a medio prazo, mais, na realidade, a aplicación efectiva e automática desta liberalización leva consigo graves problemas para aqueles países que manteñen custos e dereitos laborais superiores nun sistema de axuste que lles afecta a amplos colectivos de cualificación intermedia esenciais para a formación de maiorías electorais nos países máis ricos. Ademais, este proceso pode levar á destrución do sistema social europeo, que é un dos principais sinais de identidade do modelo de integración mediante o sistema de igualación por abaixo derivado do *dumping* social. Estas contradicións poden resumirse na idea de que para competir globalmente requirese máis Europa e máis políticas comúns pero para acadar vitorias electorais son necesarias máis políticas nacionais e menos directivas comunitarias. ♦

Obreirismo ferrolán

ELISEO FERNÁNDEZ



novidade

Nos últimos anos rexurdiu o interese pola historia dos movementos sociais, tentando o recoñecemento das organizacións dos traballadores na transformación da sociedade nun sentido democrático. E antes do dramático período de 1936-39 e nos anos da loita clandestina contra o franquismo, o obreirismo de Ferrol mantén unha traxectoria obrigada de salientar.

PRENSA E CRIACIÓN / A NOSA TERRA

A política económica da Xunta de Galicia

MANUEL CAO



Cando persiste o debate público para lograr un maior desenvolvemento da autonomía de Galicia, Manuel Cao percorre todos os fitos da súa implantación política e administrativa, desde os tempos da primeira Xunta preautonómica á plena institucionalización do autogoberno.

CAMPUS / A NOSA TERRA

O candidato socialista non aclara cal sería o seu aliado para gobernar Euskadi: como negociar co Estado

B. LAXE

Comeza a campaña electoral vasca cun escenario semellante ao de hai catro anos pero con elementos que non estaban presentes cando Juan José Ibarretxe se converteu en lehendakari. O parlamento vasco aprobou o Plano Ibarretxe, rexeitado en Madrid sen negociación; PP e PSOE rachan a súa fronte "constitucionalista" pero os socialistas non aclaran cal vai ser a súa política. Os independentistas de HB van quedar fóra das institucións mentres que á ETA non lle deu tempo de anunciar unha tregua.

O escenario político vasco ao comezo da campaña electoral non é moi diferente do de hai catro anos. A coalición nacionalista PNV-EA tenta lograr a maioría absoluta cunha idea clara: abrir un proceso negociador co Estado español. Proceso que tratan de impedir por todos os medios tanto PSOE coma PP. Todo indica que a negociación vai ter que darse. O que van ditir as próximas eleccións é o contexto e a forza con que cada quen encara o proceso.

Pero a saída está aínda menos clara en Euskadi que hai catro anos. A proposta política aprobada por maioría absoluta polo parlamento vasco, coñecida como Plano Ibarretxe, foi imposible de discutir axeitadamente nin en Euskadi nin no parlamento español pola negativa do PSOE e PP.

Pero este vai seguir a ser o eixo, non só da campaña electoral, senón da política vasca, nos próximos meses. Aínda así, a situación xa non é a mesma. O Plano Ibarretxe estaba formulado desde a perspectiva política de que o PP recuncara en Madrid catro anos máis. Tentaba procurar unha saída ante o enroque do PP e do PSOE, nunha fronte común antinacionalista, ou constitucionalista, como eles a denominaron. Pero tamén ante a postura inmobilista de HB e a ETA.

As cousas hoxe mudaron. O Plano Ibarretxe foi aprobado para sorpresa do PNV no parlamento vasco e rexeitado en Madrid sen argumentos, negándose a negociar con Euskadi. A postura do PSOE foi rabeleira da do PP, por máis que asumise o goberno central.

Fontes socialistas de Euskadi afirman que ao PSOE non lle deu aínda tempo para atopar un novo espazo desde o cal poder dialogar racionalmente sobre a proposta do tripartito vasco aprobada polo parlamento.

A proposta presentada polo seu candidato Patxi López non era máis que un atallo electoral que non estaban segura os socialistas en condicións de discutir

coa sociedade, porque mesmo internamente non foi aceptado pola militancia.

A pregunta é se o PSE está en disposición de recoller os froitos desa liña moderada, tan diferente nas formas á protagonizada por Nicolás Redondo Terreros hai catro anos.

Todo semella indicar que aumentará o seu peso no parlamento fronte á liña de confrontación directa que segue reivindicando e protagonizando o PP. Pero aínda que así sexa, non despexa ningunha dúbida. Porque o PSOE, en Euskadi, fiel reflexo de todo o Estado, está moito máis preocupado nas formas, no talante, que en definir unha política clara.

Só o PNV lanza unha mensaxe nidia apostando pola maioría absoluta. Só Ibarretxe afirma unha e outra vez que negociará cos Estados sexan cales sexan os resultados. Só el se reafirma na idea de someter a consulta o seu proxecto de relación Euskadi-Estado. Nos socialistas todo son vaguidades.

Primeiramente non despejan as dúbidas de cal vai ser a súa política de alianzas. Patxi López, o mesmo que Emilio Pérez Touriño en Galiza, contesta cunha frase que nada di: "queremos gañar as eleccións".

Esa resposta forma parte da indefinición ideolóxica, pero tamén de política práctica que José Luis Rodríguez Zapatero instalou o PSOE. Pode semellar que aí reside o éxito da súa política, pero o certo é que esconde as grandes diferenzas internas e a incapacidade para marcar unha liña clara de actuación.

En teoría, oficialmente, os socialistas rexeitan calquera acordo tanto co PNV coma co PP para formar goberno de darse o caso. Pero existen dúas liñas dentro do PSOE, tanto a nivel estatal, como a nivel vasco. Unha que apostaría por un goberno dos socialistas apoiado no PP se se dese o caso.

Así o defendeu publicamente Alfonso Guerra. Tamén Francisco Vázquez. Pero sobre todo esta presente entre os socialistas en Euska-

GONZALO



di. Era a liña do sector perdedor. A de Redondo Terreros e Rosa Díez. Pero tamén a dalgúns pesos pesados que rodean a López, como Ramón Jáuregui (agora en Madrid), pero, sobre todo, de Emilio Guervara, o ex peneuvista, cabeceira de lista por Araba, que afirmou que "non imos negociar co PNV sexa cal sexa o resultado electoral".

Outro sector, capitaneado por Odón Elorza, alcalde donostiarra, e no que están membros da corrente Izquierda Socialista, consideran que a saída para Euskadi é reeditar un goberno PNV-PSOE como existiu nas primeiras lexislaturas da autonomía. A súa negociación sería a negociación dun novo Estatuto, dunha saída política para Euskadi.

A eliminación do independentismo

A outra novidade destas eleccións é a eliminación electoral do independentismo. O PSOE, mesmo con críticas internas, seguiu tamén nisto o carreiro deseñado polo PP e ratificado paso a paso polos poderes xudiciais.

Impedindo a presenza de Batasuna ao aplicarlle a ilegalización por unha lei de Partidos á que mesmo xuristas do sistema

lle aplicaron cualificativos moito máis fortes que sospeitosos, rexeitaban o parlamento vasco como escenario axeitado para superar o enfrontamento político. Un enfrontamento ao que, por outra parte, eles lle negan ese carácter.

O case seguro rexeitamento tamén da candidatura de Aukera Guztiak -agárdase polo ditame do Tribunal Constitucional- corta outra saída electoral para o independentismo. Os argumentos para impedir a presenza desta candidatura, considerada como unha lista branca de Batasuna, teñen pouco fundamento democrático, como poñen de manifesto mesmo algúns dirixentes socialistas (ver recadro).

Baséanse sobre todo nun convencemento moral (aplicado xa entre outras sentenzas na condena a Xosé Luis Barreiro Rivas na Galiza), que salta a legalidade mesmo nos procedementos. A pregunta é: se fosen as listas de Batasuna non saberían e contarían con medios para que puidesen ser impugnadas? Se se realizase a mesma análise, non só ilegalizarían a maioría de organizacións vascas, comezando polo Athletic e a Real Sociedade, senón tamén o PSE, en cuxa dirección aparecen persoas non só vinculadas á

ETA noutros tempos, senón condenadas por delitos de terrorismo.

Queda a candidatura independentista de Aralar, con posibilidades de sacar algún deputado, pero que non serviría de interlocutor co mundo representado por Batasuna, da que se esgallou. Tamén o Partido Comunista de las Tierras Vascas. Candidatura xa aprobada pola Xunta Electoral, pero que, contrariamente ás faladorías, non semella que teña nada que ver con Batasuna.

Impedindo a presenza do independentismo no parlamento vasco, pódese impedir a maioría electoral do nacionalismo. O debate é se eses votos, máis do 10% que move o mundo abertzale van redundar en beneficio do PNV, ou se, pola contra, se van ir a un voto en branco como en anteriores eleccións para mostrar a forza desta corrente política marxina.

A negociación

Só é unha pregunta máis das moitas que se fan en Euskadi. Outra vai ser a dificultade de presentar socialmente calquera interlocución co mundo de HB para chegar a acordos políticos, disque, antes ou despois, necesarios. Os efectos negativos xa se ollan en moitos concellos onde tiveron que procurar fórmulas. Que non teñan forza electoral non quere dicir que non sexan decisivos socialmente.

Rexeitando a presenza de Batasuna na batalla electoral impedíuselle proseguir co seu proxecto político de diálogo e negociación presentado en Anoeta e asumido pola ETA. Non tivo tempo Arnaldo Otegi para poñelo en práctica. Nin a ETA foi quen de anunciar tampouco unha tregua definitiva que se vía vir, porque os socialistas, reféns do PP, se negaron a calquera aproximación ao diálogo. Confiados nos informes dos servizos secretos e nos éxitos policiais que reportan as diferentes toupas introducidas na organización, no goberno central prefíren agardar ás eleccións autonómicas para atoparse cuns abertzales sen poder institucional e cun escenario político que terán que estudar axeitadamente. O problema é que a ETA non está disposta a estar de brazos cruzados na campaña. Como sempre vai intervir ao seu xeito, con atentados. De momento, a policía foi quen de evitalos ♦

COUSAS DE ESPAÑA

ROI CAGIAO



Dirixentes do PSOE critican a ilegalización de Aukera Guztiak

O portavoz da corrente interna do PSOE Izquierda Socialista, Juan Antonio Barrio (membro do Comité Federal), declarou que é contrario, por razóns xurídicas e políticas, á impugnación de Aukera Guztiak. Barrio, que xa mostrou reticencias á Lei de Partidos Políticos, sinalou que está na liña xurídica de Javier Pérez Royo, ao entender, entre outras

cousas, que non se debe facer un xuízo de intencións previo ás listas, senón xulgalas a partir de feitos consumados. "Non se pode presumir a vinculación de Aukera Guztiak ao terrorismo polo feito de que algúns dos seus avallistas esteñan relacionados con Batasuna, cando ademais esta era unha forza legal en España", engadiu. ♦

A produtividade na maioría dos países de Europa occidental xa supera a de Norteamérica e os investimentos da UE nos Estados Unidos superan case nun 40% os norteamericanos na Europa. A rendibilidade social dos investimentos en educación e sanidade nos Estados Unidos é claramente inferior á europea. A longa polémica entre o capitalismo americano sen

rede para os traballadores (nin garantías nin seguros públicos) e o capitalismo europeo con previsións xa ten gañador, na opinión do historiador norteamericano Tony Judt, director do Instituto Remarque, da Universidade de Nova York. A edición deste artigo procede dun extenso traballo de Judt aparecido no número de xaneiro da *New York Review of Books*.

O capitalismo social da UE supera en produtividade o norteamericano O soño americano faise europeo

TONI JUDT

A vella discusión sobre as diferenzas entre Norteamérica e Europa está de volta. Son críticas mutuas que se expresan con palabras maiores, por veces airadas, arredor de dous argumentos coñecidos: os norteamericanos coidan que a economía de Europa está en vía morta, os regulamentos legais do traballo carecen de flexibilidade e obreiros e empresarios non teñen o mesmo criterio aberto que caracteriza aos da outra banda do mar para negociaren as condicións do traballo; a seguridade social e servizos públicos dos europeos son unha ruína e a poboación, avellecida e mimada polos Estados, produce pouco. Nun mundo globalizado, o modelo social europeo so pode sobrevivir coma unha planta de estufa. Isto é o que din os liberais, que se diferencian dos conservadores (e dos neo-conservadores) en que non experimentan un pracer especial cando critican os europeos.

Hai moitos europeos que ven o asunto polo revés e para eles o que están en apuros non a propia Norteamérica e o modelo de vida americano. Atopan esteticamente noxenta e catastrófica para a ecoloxía tanta cobiza de riqueza, fartura e grandeza, coma condición patética da felicidade. A economía norteamericana está construída sobre area, ou, máis concretamente, sobre o diñeiro dos demais. Para moitos habitantes dos Estados Unidos a promesa dunha vida mellor é unha esperanza que esmorece. O nivel cultural do país é baixo e comesto de banalidade. Non é de estrañar que tan alto número de cidadáns procuren consolo na igrexa.

Nos últimos vinte anos era un lugar común que Europa e Norteamérica corrían a fume de carozo cara un modelo común occidental de capitalismo avanzado baixo a dirección dos Estados Unidos. A lóxica do mercado, das escalas, da eficiencia e do beneficio daría cabo de diferenzas locais e barreiras culturais. Non se podía parar a norteamericanización (o outro nome da globalización) e a mellor e única esperanza para os fabricantes e empresas de servizos locais sería deixarse arrastrar pola galerna da mundialización e renacer baixo capa internacional para competir no mercado planetario.

Esta versión choca con outra evidencia máis forte: Norteamérica e Europa non son pasos diferentes nun mesmo percorrido histórico. De feito son realidades diferenciadas que seguramente están a moverse en direccións opostas. T.R. Reid no seu ensaio *The United States of Europe* e Jeremy Rifkin en *The European Dream* coidan que a que vive ancorada no pasado é Norteamé-



The Simpsons, unha serie de humor que pon en cuestión o soño americano e que é moi seguida en Europa.

rica e non Europa. Non se enganan sobre a identidade cultural de Norteamérica: relixiosidade acusada, escrupulosidade de conciencia para certos asuntos, entusiasmo polas armas e as cadeas (a UE ten 87 presos por 100.000 habitantes; Norteamérica 685) e confianza na pena de morte.

Os norteamericanos traballan moito máis que os europeos. Para a OCDE un traballador norteamericano fixera 1.877 horas no 2000 no canto das 1.562 dos traballadores e traballadoras franceses. Un de cada tres norteamericanos fai máis de cincuenta horas de traballo semanais e ten menos días de vacación ca na UE. En Suecia son trinta días de vacación pagas ao ano e no Reino Unido vinte e catro. En Norteamérica a mellor vacación é de dez días.

O paro é máis baixo en Norteamérica que en moitos países da UE e con todo, hai que desconfiar da estatística daquel país pois os parados perden de contado os seus dereitos e fican fóra do rexistro. Ora, Norteamérica é mellor na creación de emprego, moitas máis persoas adultas traballan e retíranse máis tarde ca na Europa. Pero que é o que saen gañando con iso? Non moito. En 1980 un directivo norteamericano gañaba corenta veces o que un traballador industrial. O tercio superior dos directivos de Norteamérica gaña agora 475 veces máis ca un obreiro. Esta comparación no Reino Unido é de 24/1, na Franza de 5/1 e en Suecia de 13/1.

En Norteamérica, unha minoría privilegiada ten acceso a asistencia médica de máis alto nivel do mundo mentres 45 millóns carecen de seguro. A Organización Mundial

da Saúde certifica que os Estados Unidos está á cabeza en gasto médico pero o seu lugar na lista de calidade da atención por países é só o trinta e sete. A consecuencia é que os norteamericanos viven menos que os habitantes de Europa occidental e a súa mortalidade infantil é maior, dobre da de Suecia, superior á de Eslovenia e só lixeiramente inferior á de Lituania. Todo isto a pesar de que o 15% do PIB norteamericano vai para atención sanitaria. Suecia gasta o 8% do PIB na sanidade. Un contraste semellante dáse na educación: o que Norteamérica gasta no ensino básico non ten réplica no mundo pero os seus índices de alfabetización e aritmética non dan superado os da UE.

OS EUROPEOS TRABALLAN MENOS E MELLOR

Non é novidade que os europeos distribúen mellor a riqueza que os norteamericanos.

Recoñecéndoo, os defensores do modelo americano lembran que a creación de riqueza é previa ao seu reparto e aseguran que Norteamérica supera os europeos no que consideran a súa especialidade: a multiplicación do capital. Sobre este lugar común hai moito que dicir: os europeos traballan menos pero cando traballan parece que se aplican máis e mellor. En 1970 o produto interno bruto por hora de traballo na Unión Europea estaba un 35% por baixo dos Estados Unidos. Hoxe, esta distancia é menor do 7% e leva trazas de se igualar. A produtividade por hora de traballo en Italia, Austria e Dinamarca é similar á dos Estados Uni-

dos. Por riba dos Estados Unidos están as de Irlanda, Holanda, Noruega, Bélxica, Luxemburgo, Alemaña e Franza.

A duradeira vantaxe norteamericana en salarios e produtividade decaece con consecuencias previsíbeis para a dominación norteamericana no panorama internacional dos negocios. A moderna economía norteamericana non está en sintonía coa banca internacional. A débeda externa dos Estados Unidos está en 3,4 billóns de Euros o que representa o 28% do PIB. Máis aínda, é unha economía que está a cambiar de man. No ano 2000, o investimento directo da UE nos Estados Unidos excedeu en case dous quintos o que investiron os norteamericanos en Europa. Entre moitas outras empresas de cabeceira norteamericanas que xa son propiedade dos europeos, están entre outras Brook Brothers, DKNY, Ramdom House, Kent, Dove, Chrysler, Bird's Eye e Penzoil.

Aos europeos dáselles mellor a creación de pequenas e medianas empresas e de feito hai máis compañías de porte medio na UE ca nos Estados Unidos e xeran máis postos de traballo. Pequenas e medianas empresas crearon o 65% dos empregos novos do 2002 na UE; nos Estados Unidos só o 46%. As axudas que estas e outras empresas prestan ás traballadoras por baixa maternal, por exemplo, van dende os tres meses de Portugal, co 100% do salario, ás sesenta e catro semanas de Suecia. O goberno federal norteamericano non dá cousa.

Outro alfo da crítica norteamericana son os atrancos fiscais e burocráticos que estorban á produción. O curioso é que a UE semella desenvolverse ben nese suposto marasmio. As subas dos seguros médicos privados norteamericanos, por exemplo, son xa unha carga moi semellante aos seguros sociais públicos europeos, coa diferenza de que os dos Estados Unidos non garanten beneficio social ningún. O economista Nicholas Barr, profesor da LEE (London School of Economics) coida que os compromisos do Estados do Benestar son "un mecanismo eficiente contra os fracasos do mercado".

Churchill aseguraba en marzo de 1943 que "non podía haber mellor investimento para beneficio do común que a entrega de leite aos nenos". Os seus seguidores en Norteamérica repugnan intervencións desta caste. O 1% dos norteamericanos máis ricos controla hoxendía o 38% da riqueza e repártaa conforme os seus intereses. Aplicando a definición de pobreza da OCDE (unha renda inferior nun 50% ao salario mínimo) un norteamericano adulto de cada cinco vive na pobreza. Compárese coa situación de Italia, que ten un pobre por cada quince adultos. ♦

‘Os norteamericanos viven menos que os habitantes de Europa occidental e a súa mortalidade infantil é maior, dobre da de Suecia, superior á de Eslovenia e só lixeiramente inferior á de Lituania’

A nova guerra do opio

GUSTAVO LUCA

O golpe de Estado clásico que vén de suceder no Quirguistán ten que ver coa promoción que o departamento de Condoleezza Rice fixo do grupo Hizb ut Tahrir nas terras quirguizas que pertencen ao norte do val da Fergana, adicado baixo a protección armada desta tropa ao cultivo do opio. Hoxe, os primeiros produtores de opio no mundo son os afgáns. A saída natural dos fardeis coa resina que, tratada nos laboratorios dará a heroína urbana de occidente, é dende Afganistán a través deste val até a fronteira de China.

O golpe contra o meu santo Baquiev ten dous obxectivos. O primeiro remover un gobernante respectado, nacionalista e culto, o home que sinalou Chingiz Aitmatov coma o máis capaz para os primeiros anos de independencia de Quirguistán. Aitmatov describira na personaxe de Damiar, da súa famosa historia de Xamila, esa combinación de carácter destemido, agudeza e xenerosidade recoñecida en Baquiev (desconfien das axencias de prensa que o chaman corrupto) agora enganado polos seus amigos. O segundo é defender os cultivadores de opio igual que fixeran antes os norteamericanos en Afganistán e moito antes coas tribos Meos de Tailandia, contra os vietnamitas. Non importa que estes especialistas na adurmidreira apoiem os wahabitas que resisten no Iraq a invasión norteamericana porque, polo de agora, os beneficios da droga van en boa medida para a resistencia chechena e contra Putin.

Cos rusos en decadencia, Quirguistán está invadido polo comercio da China, coa que ten fronteira. A base aérea norteamericana (con presenza española) que leva o nome de Peter J. Ganci (xefe de bombeiros de Nova York, morto cando o das torres) é un enclave crítico para o cerco da China. O que alí se prepara é unha nova guerra do opio. Da primeira, a mans dos británicos, en 1840-42, díxose que non podían as bombas contra os chineses, gañábo a droga que metían os cultos ingleses en nome do comercio honrado. Gloria a Victoria e Alberto. ♦

Rainiero III conseguiu salvar o principado medieval da Europa unida

Mónaco, paraíso fiscal con *glamour*

CÉSAR LORENZO GIL
Agoniando Rainiero III de Grimaldi, o seu longo principado supón unha lección de sobrevivencia dun exíguo territorio que logrou manterse independente case permanentemente desde o século XIII.

Mónaco agarda a morte do seu príncipe Rainier. Os seus 30.000 habitantes honrarán a memoria do seu xefe de Estado, unha especie de alcalde de cidade turística costeira que se converteu nunha altísima figura da prensa do corazón e salvou o seu territorio da crise económica atraendo os focos do *glamour* e os fondos opacos das máis irregulares empresas. Ese instinto de sobrevivencia vénlle á dinastía dos Grimaldi de vello e a historia do rochedo está chea de episodios onde a astucia do cativo salvou o pequeno enclave das ansias das grandes potencias que o ardeaban.

Os Grimaldi levan reinando en Mónaco desde o século XIII. O primeiro da saga era un nobre xenovés obrigado a fuxir da súa cidade durante o conflito entre os xibelinos (partidarios do Emperador xermánico) e güelfos (acólitos do papado) durante a Guerra das Investiduras que arrasou Italia. Francesco Grimaldi aliouse con toda caste de piratas para manterse no poder.

Amparados na fortaleza dos montes que rodean este territorio, os Grimaldi resistiron grazas a xogaren habilmente con avinzas e traizóns, unhas veces contra Francia, outras ao seu favor, nas múltiples guerras que asola-



Rainiero reformou os tratados con Francia para manter a independencia de Mónaco.

ron Europa. Que Francisco I de Francia quería invadilos, pois aliábanse con Carlos I de España. Que os españois querían vendelos a Savoia, pois asían un protectorado con Luís XIV.

Monaco só pertenceu a Francia durante a época da Revolución Francesa, cando o goberno republicano a conquistou e a rebañizou co nome de Rochedo de Hércules. Coa queda de Napoleón, os Grimaldi volveron gobernar baixo a protección de Sardeña e comezaron a renovar para poderse asegurar un futuro. A cambio de ceder o 80 por cento do seu territorio, no 1860 Mónaco volveu á órbita de Francia. Carlo III funda Montecarlo e converte o principado en colonia de vacacións coa fundación da Sociedade

de Baños de Mar. A partir de entón, ao sol da Costa Azul, a decadente clase alta francesa do Segundo Imperio distrae o seu tempo libre entre o casino, os museos científicos e novos entretementos, caso do automobilismo, área na que os monegascos foron pioneiros. É entón cando se eliminan os impostos directos.

Esta era dourada rematou coa Segunda Guerra Mundial. A reestruturación de Europa ameazaba o futuro do rochedo. Mais Luís II tivo unha idea xenial: ideou un casamento de conto de fadas –o de seu neto Rainiero coa actriz norteamericana Grace Kelly– ao tempo que abría o seu principado ao mercado de armas e drogas, convertendo Mónaco nun paraíso fiscal e de *glamour*.

Rainiero III disque lle vendeu a rocha a Aristoteles Onassis e dispuxo que cada día no seu país fose unha festa: festivais de circo e de televisión, gran premio de fórmula un, especulación inmobiliaria gañando varias hectáreas no mar para facer mansións de luxo...

Cada ano, Mónaco recibe un millón de visitantes e o seu PIB é de máis de 25.000 euros per capita. Os bancos monegascos florecen e a pesar da competencia das Illas Caimán, as redes dos negocios ilegais están ben ancorados no principado. Preguntado anos atrás pola posíbel integración de Mónaco na UE, Rainiero botouse a rir. "Isto non é Europa. Isto nin parece parte do mundo que o ardeado. A xente vén aquí xustamente por iso". ♦

Aquí fóra

Kirguizistán: A man 'negra' da democracia

XULIO RÍOS

Tal como se vaticinara por diferentes medios, a febre de Ucraína, e antes de Xeorxia, a "revolta", xurdiu agora, cunha lea inmensa de denominacións e de cores, en Kirguizistán, de resultados, parece ser, da presunta fraude de nas eleccións parlamentarias de 27 de febreiro e de 13 marzo, en segunda volta. En Belarús tamén houbo protestas da oposición e en Moldava, o presidente Voronin, preferiu curarse en saúde anunciado unha virada en redondo a tempo. Rusia queda lonxe e Putin cada vez máis solitario na torre do Kremlin.

Manipulación electoral? Seguro que si. Manipulación exterior? Seguro que tamén. Pero a nova versión do Gran Xogo atopa tereiro esterocado en moitos casos, con situacións facilmente manexábeis ante a desesperación e miseria na que malviven moitos cidadáns. O caso é que despois de trece anos de existencia, esta República de Kirguizistán viviu, en 2004, o seu ano máis tranquilo, afirma un experto da zona, René Cagnat. Os problemas, naturalmente, existían, pero sen conseguir alterar unha situación que define como de atonía xeral. A propia *bonanza* económica relativa facía presaxiar que o calendario electoral (despois das parlamentarias de febreiro virían as presidenciais en outubro) non rexistraría modificacións. A economía kirguiza medrou en 2004 un 7%, as exportacións crecían en máis dun 40%, a inflación foi dun 0,2%, bos resultados na agricultura, etc. Akaiev podía presentar un

balance minimamente satisfactorio, se ben con algúns buratos negros importantes: a débeda externa representa máis do 100% do PIB, aínda que os organismos internacionais aseguran que a política financeira do seu goberno ten sido exemplar, quizais sexa porque Rusia é un acreedor principal. E en materia de corrupción outro tanto cabería dicir: posición 133ª (de 146 países) no índice de Transparencia Internacional. A falla de autoridade do Estado favoreceu a expansión do crime organizado, con ramificacións de diverso tipo, especialmente a droga. A pobreza é un fenómeno sen medida que afecta a un quinto da poboación, deixando un ermo fácil para o ascenso do movemento relixioso –sostido por musulmáns pero tamén polas seitas estadounidenses– e a emigración, que lle afecta xa a un 10% da poboación. Un cadro, pois, bastante complexo, a pesar da boa marcha dos grandes índices, que ignoran unha realidade especialmente dura. Para completar o escenario, Reporteiros sen Fronteiras situaba este país como o primeiro da CEI en canto a respecto da liberdade de expresión (?).

Do exterior, tres potencias teñen interese substancial no país: Rusia, a China (como

mercado, pola enerxía hidroeléctrica, e pola posición xeoestratéxica) e os EE UU. Non estaba claro que Akaiev, o presidente refuxiado en Rusia, tentara presentarse de novo, pero os EE UU levaban tempo promovendo

unha alternativa, o Movemento Popular de Kirguizistán, un bloco creado na primavera pasada e que reúne, arredor de Bakaiev, nove partidos e organizacións da oposición. Biskek debe ser a única capital do mundo que

acolle unha base aérea rusa e outra americana, instalada a raíz do 11-S. A situación en Afganistán calmoso pero a base estadounidense vaise ampliando e dispoñendo para quedar. Alguén tiña dúbidas ao respecto? Esa presenza cada vez ten menos que ver coa represión da ameaza terrorista. Nos últimos tempos, os EE UU, por diversas vías, influíron en diferentes sectores a través dunha xenerosa e calculada política de axudas.

Pero isto en Afganistán, con Karzai, non pasa, porque alí a democracia funciona tanto e tan ben que todo o mundo entende que as eleccións se apracen sucesivamente. Até que a vitoria correcta sexa segura. ♦

XULIO RÍOS é director do IGADI (www.igadi.org)

Lendoiro reconece contactos
co presidente do Chelsea na busca de investimentos

O desembarco inglés no Deportivo

CÉSAR LORENZO GIL

O Deportivo precisa investimentos urxentes para se poder manter na elite europea. Tal e como reconeceu Lendoiro, logo de que o adiantase o xornal *La Opinión*, ese diñeiro podería chegar de empresarios estranxeiros relacionados co presidente do Chelsea inglés, Roman Abramovich.

Tal e como adiantou *La Opinión* da Coruña, Augusto César Lendoiro viaxou a Londres para estreitar os contactos co grupo empresarial que dirixen Roman Abramovich e o iraniano Pini Zahavi, MSI, que posúe a maioría das accións do Corinthians de São Paulo (Brasil) e iniciou un novo sistema de transferencias no mercado internacional. O presidente deportivista considera que o mundo do fútbol está pendente de profundas mudanzas que reducirán drasticamente o número de equipos financeiramente capaces de se manter en elite. E para buscar fondos, unha vez reconecida a súa incapacidade para recadar apoios entre as institucións e empresas galegas, parece decidido a permitir a entrada de capital estranxeiro no club. O xeito de facelo aínda é unha incógnita.

Para Lendoiro, este paso ten dúas virtudes. Por unha banda, sementa a inqueda entre a propia base social, presiona principalmente as institucións local,

provincial e galega para que dean un apoio económico de envergadura. Pola outra, examina a Uefa para coñecer se a organización internacional vai permitir este tipo de operacións internacionais que poderían violar as competicións.

Contra a idea de moitos clubs medios de cidades máis grandes que A Coruña (Sevilla e Betis, Zaragoza ou Celta), o Dépor non quere pasar polo "inferno" da crise antes de mudar de estratexia empresarial. Se eses equipos tiveron que descender para se daren conta de que facía falta aforrar e permitir, en maior ou menor medida, que fose a canteira o motor do equipo, Lendoiro prefere gardar o seu actual modelo buscando diñeiro onde sexa. A pesar de que a cidade e a base de socios parece ter chegado ao seu límite e fica de lingua fóra na competencia co Madrid, o Barça e o Valencia, a directiva branquiazul resístese a ficar fóra da poxa sen espremer todas as posibilidades. ♦



César Augusto Lendoiro, presidente do Deportivo.

O mito comprometido

MANUEL PAMPÍN

Para millóns de persoas (especialmente en Argentina) é superior a Deus. Un mito vivente. Gañou el soño un mundial (México 86) e hai ducias de publicacións que desmiúzan ao detalle os seus 45 anos de vida. No buscador da internet *Google* hai un millón e cuarto de entradas co seu apelido: Maradona.

Estes días anda por Venezuela e reiterou que o presidente Hugo Chávez é un fenómeno; igual que cando eloxia a Fidel Castro, co que vive un verdadeiro idilio; de feito, reside longas temporadas en Cuba.

Cada un pode pensar o que lle pete sobre Chávez, Fidel ou o Papa, pero eu valoro o compromiso do "pelusa"; outros grandes deportistas de elite non se mollan aínda que diluvie. E Maradona faino desde unha beira incómoda; desde o apoio a líderes que non gozan precisamente da simpatía xeral; é a historia da súa vida; quedou co proletariado de Boca e renegou da burguesía de River. Saír da miseria dunha familia humilde imprime carácter.

Fillos ilexítimos, disparos a xornalistas, drogas... as andanzas de Diego non son precisamente as de Teresa de Calcuta, pero xa o dicía Billy Wilder en *Con saias e a rachar*: "ninguén é perfecto".

Nun dos numerosos libros sobre él

-*Maradona. Iconografía de la patria*- o autor fai un paralelismo entre o ídolo e os heroes da Grecia clásica; o seu deambular entre a gloria e o olvido; entre a éxtase e a amargura. É o destino dos elixidos; a vida ao límite para o bon e para o malo.

Acaba de someterse a unha operación para reducir o estómago; ten que perder case 50 quilos e libra unha dura batalla contra a cocaína. Di que o vai conseguir. Diego Armando Maradona: único e irrepelible. ♦

www.anosaterra.com



Unha porta
aberta ao mundo.



Descarga
os números
atrasados en PDF.

Dános a túa opinión.
Participa nos foros,
interésanos
saber o que pensas.



Cada semana os contidos de
A NOSA TERRA
ao teu alcance en calquera lugar.

E MÁIS! Fondos de escritorio,
buscador, eurocalculadora, especiais...



Fernán-Vello premio Irmandade do Libro

O editor e escritor Miguel Anxo Fernán-Vello vén de ser galardoado co Premio Irmandade do Libro que cada ano outorga a Federación de Libreiros de Galicia. Nesta décima cuarta edición o xurado quixo recoñecer os máis de vinte anos nos que desenvolveu unha ampla produción literaria así como os seus esforzos para apoiar sectores minoritarios da literatura, especialmente a poesía. O dous de abril outorgáranse os premios nas categorías de medios de comunicación, mellor libro, libreiro, institución e centros de ensino. ♦



Ciclo de cine brasileiro na Coruña

O venres 1 de abril iníciase no Centro Galego de Artes da Imaxe da Coruña o ciclo cinematográfico *Terra Brasil 95-05. O renacemento do cine brasileiro*, no que se recupera unha ampla representación do cinema feito no Brasil nestes dez últimos anos. Durante os meses de abril e maio proxectaránse un total de 18 películas a maioría inéditas en Galicia. O CGAI proxectará obras destacadas na recente produción brasileira como *Ónibus174*, de Jose Padilha, *Justiça*, de María Ramos e *Edifício Master* de Eduardo Coutinho, entre outros. ♦



Homenaxe a Charlie 'Bird' Parker

A Fundación Pedro Barrié, na décima edición do seu ciclo de Jazz, homenaxeará ao saxofonista Charlie 'Bird' Parker. Coincidindo co 50 aniversario da súa morte, na Coruña reuniranse entre o 7 e o 23 de abril primeiras figuras do panorama internacional que presentarán os seus espectáculos no Auditorio da Fundación e no Palacio da Ópera, entre eles Benny Golson e Randy Brecker, a Hard-Bop All Stars, o Anthony Braxton Sextet, Laika Fatien Quartet, Paquito D'Rivera Quinteto, Phil Woods Quartet e o pianista Lorraine Desmarais. ♦



Cancións para sentir de Ángeles Ruibal

Acompañada polo músico arxentino Daniel Seminario á guitarra e aos coros, a artista pontevedresa Ángeles Ruibal actuará no auditorio do Centro Cultural Caixanova en Vigo no recital *Cancións para sentir*. A cantante, que viviu en Buenos Aires a metade da súa vida e que gravou ao seu regreso poesía de Federico García Lorca, de Pérez Bellas e Miguel Hernández, ofrece en Vigo composicións orixinais, que darán conta dunha voz chea de matices e da fonda preocupación da artista polos problemas que afectan á humanidade. ♦



Máis de cincocentas persoas asisten, en Pontevedra, á XXII Semana de Filosofía que organiza a Aula Castelao e que este ano está dedicada á sustentabilidade. Os participantes vulgan que nesta época de velocidade e noticias que se superpoñen é preciso detese a reflexionar. PACO VILABARROS

En Xangai xa coñecen algo máis do cinema galego. Alí se exhiben arestora tres títulos relacionadas con Galicia, por ser escenario de rodaxe e porque neles participaron produtores galegos. *A vida que che espera*, de Manuel Gutiérrez Aragón, *Hotel Danubio*, de Antonio Giménez-Rico e *A lingua das bolboretas*, de José Luis Cuerda, forman parte da delegación da Sociedade Xeral de Autores e Editores. Outra galega relacionada co cine, e tamén co teatro, María Casares, recibe tamén unha homenaxe do Instituto Cervantes de París. A actriz coruñesa, de moitísima sona en Francia, será lembrada

con mesas redondas, mostras de fotos e a proxección dos seus máis importantes filmes. Tamén recibe homenaxes Nélica Piñón. A escritora galegobrasileira foi nomeada filla predilecta de Cotobade e presenta agora dúas obras editadas en Galiza, *Vozes do deserto*, publicada directamente en portugués por Candeia e *A república dos sonhos*, tradución ao galego da súa máis famosa obra. En Francia tamén lembran a Jules Verne no centenario da súa morte. Todo o país recorda un escritor indispensable para todos os rapaces ávidos de lecturas que fixo pasar o seu mítico capitán Nemo polas augas da ría de Vigo. ♦

Críticas á política mediambiental na XXII Semana de Filosofía

O conflito de ENCE presente en varias intervencións dos relatores

A.N.T.
A XXII Semana de Filosofía de Pontevedra estase celebrando en Pontevedra co transfondo da polémica sobre a Celulosa de Pontevedra, que directamente foi mencionada en diversas sesións polos ponentes.

Ademais das intervencións de Carne Adán e Francisco Lores, recollidas neste mesmo número, na primeira xornada interviñeron Augusto P. Alberti, Yann Moulrier e Alberto de Co. Alberti, catedrático de xeografía da Universidade de Santiago denunciou o uso que se está a facer do territorio e declarou que "Galicia é un bo exemplo de insustentabilidade, cunha política ambiental que non é críbel, que é pura propaganda". Segundo el, "en Galicia xa non quedan ríos en estado natural, quedan estanques". A desfeita do territorio comezou, na súa opinión, nos anos 60 e 70, "cando a terra perde o seu valor de uso e pasa a ter valor de cambio, emprézanse a ocupar espazos que antes non se terían ocupado e imponse o uso mercantilista do territorio e non se valora socialmente o medioambiente". Ata ese momento, segundo Pérez Alberti, "no sistema tradicional de ordenación había un uso sostible do territorio, e en función deste uso construíronse paisaxes características adaptadas ao medio".

Na mesma xornada Alberto de Co, do Centro de Investigacións Mariñas de Corón (Vilanova), Alberto de Co, manifestou hoxe na Semana Galega de Filosofía que a fábrica de papel de Ence "é incompatible co desenvolvemento sostible" e cualificouno como un erro histórico levado a cabo polo réxime franquista. Segundo a súa opinión, "o máis aconsellábel é un traslado acordado por todas as institucións, sen xenerarlle problemas nin aos traballadores nin á empresa". Ademais, subliñou, "a súa presenza física provoca un deterioro na imaxe de marca da ría de Pontevedra e no resto das rías". Este biólogo considera que o modelo desarrollista, que impulsou a súa instalación na ría de Pontevedra non só estragou o medioambiente senón que "tam pouco resolveu o atraso económico de Galicia, porque os sectores de máis futuro foron bloqueados por este modelo".

De Co propugnou un desenvolvemento compatible co cuidado do entorno que supere o modelo económico dos anos 60, "que é moi antigo e xa non serve". Na súa opinión habería que crear un plan que potencie outros sectores alternativos que aínda están por explorar en Galicia, como o turismo de calidade, o comercio marítimo, os sectores con vanta-



PACO VILABARROS

xes comparativas –citando como exemplos o marisco e o peixe– e a explotación forestal que, "máis aló do monocultivo do eucalipto, aínda está en culeiros".

A lección inaugural correu a cargo de Yann Moulrier, que definiu a mundialización como a terceira fase do capitalismo, denominada polo "capitalismo cognitivo". Segundo o pensador francés, esta nova etapa caracterízase por unha economía baseada no coñecemento, no que entran en crise os dereitos de propiedade e que supón a fin do desenvolvemento industrial.

Aposta pola alta tecnoloxía

Salustiano Mato, vicerrector da Universidade de Vigo e especialista en I+D+i, apostou na súa intervención por unha economía sustentábel que potencie as empresas de base tecnolóxica, "porque crean moito valor engadido cun baixo impacto ecolóxico". Mato, catedrático de Zooloxía,

considerou fundamental para o futuro do país potenciar a investigación por ser "clave para xerar riqueza" e afirmou que "se Galicia se quere conformar con empresas de servizos, teremos perdida a batalla". Neste sentido, apostou por potenciar empresas de alta tecnoloxía, como as farmacéuticas, as relacionadas co mundo da informática, a automoción e as comunicacións, estudando os exemplos doutros países pequenos, como Irlanda, Dinamarca ou Finlandia, pero creando un "modelo propio, adaptado ás características galegas".

Pola súa banda, Alicia Puleo, catedrática de Filosofía da Universidade de Valladolid, achegou a perspectiva de xénero á educación medioambiental. No seu relatorio, esta pensadora propuxo unha educación ecolóxica que incorpore os sentimentos e os valores e se integren co coñecemento científico, como conceptos ligados ao feminino que normalmente son rexeitados por seren considerados subxectivos.

Lucila Izquierdo, que actualmente é investigadora do Grupo de Análise de Sistemas Enerxéticos do CIEMAT afirmou que "neste momento estamos nunha situación moi crítica porque o consumo é imparábel, pero eu creo que é soluciónábel, aínda que vai esixir cambios nos usos sociais (...) a tecnoloxía pode axudar a solucionar o problema, pero sen cambiar os hábitos de consumo non será suficiente". Tamén considerou que non é xusto esixirle control aos países en vías de desenvolvemento, polo que afirmou que é unha responsabilidade do chamado "Primeiro mundo".

Na terceira xornada o filósofo Jorge Álvarez Yáñez comezou a xornada do mércores da Semana Galega de Filosofía cunha crítica ao "biopoder", o que el chama ao conxunto das institucións e empresas que "controlan as nosas vidas sen que os cidadáns poidamos facer nada". Neste sentido, referiuse á farmaindustria, "que non lle permite a determinados

países acabar cunha enfermidade simplemente porque eles son os donos dunha patente".

Contra o monocultivo do eucalipto

Pola súa banda, Francisco Díaz-Fierros, catedrático de Edafoloxía da Universidade de Santiago, fixo un diagnóstico da situación das árbores e da auga en Galicia e chamou a buscar alternativas na xestión dos montes galegos, xa que considerou o monocultivo do eucalipto como un perigo para a biodiversidade e a sustentabilidade. Na súa opinión, esta árbore provoca o empobrecemento do solo e consume grandes cantidades de auga, polo que reclamou un replantexamento das políticas forestais na procura de saídas máis sostibles para o contorno.

En canto á auga, Díaz-Fierros considerou que aínda que en Galicia temos cantidade suficiente, hai que racionalizala e controlar a súa calidade, xa que sofre unha certa contaminación bacteriolóxica. Tamén recomendou non incrementar o número de encoros nos ríos galegos, "porque que rompen o ciclo biolóxico" e chamou a atención sobre o problema da despoboación do rural galego, "xa que sen xente difícilmente se pode manter un equilibrio sustentábel".

O escritor Santiago Alba pechou a xornada do mércores cunha crítica contra a sociedade actual e o capitalismo que, na súa opinión, é "unha batidora que fai papilla con todo". Segundo el, "vivimos nun período de corrupción estética e moral" onde a sociedade está determinada pola sucesión en tempo real de "imaxes-mercado" e onde o modelo económico promove a renovación acelerada e continuada dos produtos. ♦

Filosofía e sustentabilidade

CARME ADÁN

Hoxe é unha cuestión ética e política de que xeito definimos á natureza. Para algúns a natureza segue a ser unha esencia inmutábel totalmente allea aos seres humanos e cun marcado carácter sagrado; tamén é moi común entender a natureza como un recurso explotábel ao servizo dos intereses do capital; non faltan entre as comunidades académicas os que ven na natureza un constructo cultural que debe toda a súa realidade a vontade da razón humana; e, por último aínda ao prezo de simplificar en exceso, podemos indicar unha cuarta percepción da natureza como aquela que se concibe como un híbrido entre o dado e o construído.

O certo é que a palabra natureza é de uso cotiá e recurrimos a miúdo a denominar de natural a unha mancha de eventos, situacións ou estados de cousas que a pouco que deteñamos a mirada os atopamos atravesados

polos vectores da tecnoloxía e o capital entre outros. Entón, cando falamos de natureza, ¿a que nos estamos a referir? A un espazo imaxinario que non existe, romantizado polos soños dunha cultura fortemente destructora ou, máis ben a natureza é o espazo que se constrúe desde a cultura, o lugar para pensarmos como seres humanos que necesitan un espazo físico e biolóxico para subsistir, o lugar para tecer unha inmensa rede de discursos que como nun xogo de lentes devólvennos unha imaxe transformada, cargada de significados, desa materialidade.

De entre todos os discursos posibles, o imperio da ciencia e da tecnoloxía, da man do desenvolvemento económico, conseguiron cristalizar unha política da natureza enraizada nunha concepción do progreso como acumulación de verdade, destrezas para a intervención e riqueza. Unha concepción do progreso

ilustrada que hoxe devén cuestionada non só na súa dimensión de desvelamento da verdade senón, prioritariamente, pola súa incapacidade para ser un motor de liberación.

De feito, interrogarse polo carácter "sustentábel" do desenvolvemento é cuestionar o noso réxime de verdades e accións e asumir que o coñecemento é un acto de responsabilidade, non exento de valores sociais e políticos. Así, as guerras polo recursos, as fontes enerxéticas ou a auga desenvólvense en paralelo á proliferación de supostos desastres naturais, os cales deben a súa magnitude e repercusión a concepcións tal vez un tanto erradas da nosa relación co entorno no que vivimos. ♦

Extracto da intervención inaugural de CARME ADÁN VILLAMARÍN, Coordinadora da Aula Castelao de Filosofía.

PILAR PALLARÉS

Ao meu tío Pepe –oitenta e tantos anos– creo que ninguén o ha convencer nunca para ir de excursión co Imerso ou a bailes de vellos. Con tanta viaxe a enchentas e outras festividades o único que se pretende é, segundo el, ver se hai algún accidente e así uns cantos da “terceira idade” deixan sitio para os máis novos. Cousas de labrego afeito ao importante: axudar á vida, pular por ela na corte e nas leiras, ser cómplice da natureza. Cousas de quen, cando as forzas faltan e xa non é posíbel continuar a se bañar no río verán e inverno, escolle o refiro digno, a altivez dos anos. Melancolicamente, iso sí, sobre todo porque non hai quen tome o relevo, quen aproveite a experiencia e o saber herdados século tras século.

Pensaba nisto, historias sobre a dignidade e sobre a súa perda, vendo o outro día un novo filme arxentino, *Conversaciones con mamá*, cunha marabillosa China Zorrilla. A nai é unha vella de tamén oitenta e tantos anos, coa gravidade dos anciáns antigos e as ansias de morder a vida para a zugar que por veces cremos reservadas aos mozos. Nada que ver coa infantilización dos vellos en manda, paseados sen tregua, levados e traídos compulsivamente, vestidos de hawaianos, remedando un erotismo “de charanga e pandeira”, encirrados a faceren o ridículo, inquizados.

No 2003 estiven no Festival de Poesía de Barcelona. Hai varias imaxes fixadas na memoria: a dunha praza na que recitamos coa luz mediterránea dun solpor de Maio, Patti Smith e a súa voz magnética, os poemas e relatos en lingua bassa de Werewere Liking, da Costa de Marfín. Tamén se alporzaron algunhas cousas: o estúpido derroche de auga, deitada con mangueiras contra a fachada do Palau de la Música para simular a choiva (?), e as poses supostamente xuvenís de John Giorno, un dos superviventes da xerazón “beat” á que en parte se dedicou o festival central. Estábao vendo falando e movéndose como un adolescente a destempo tentando imaxinar o que pensaba naqueles momentos Werewere Liking, acostumada á dignidade da vellice africana. Lembrábame tamén de Carvalho Calero, de Dieste, de Jenaro Marín del Valle, de Carmen Muñoz. Dos vellos e vellas sabios, lúcidos, apaixonados, vitais, que me ofreceron o galano dos seus anos. Como os tíos labregos. ♦

Fobias e O ano do Cometa repártense os principais galardóns dos María Casares de Teatro

MARIA ÁLVARES

A novena edición da gala dos premios María Casares 2005 celebrada no Teatro Rosalía Castro da Coruña para conmemorar o Día Mundial do Teatro premiou a comedia *Fobias* da compañía Lagarta, Lagarta cos galardóns de mellor espectáculo, mellor actriz principal e mellor texto orixinal. *O ano do Cometa* do Centro Dramático Galego, gran favorita e candidata a once galardóns, levou, finalmente, seis xerriñas correspondentes aos apartados técnicos. Tamén resultaron premiadas *O encoro*, *Indignos* e *As laranxas mais laranxas de todas as laranxas*. O premio de honra Marisa Soto foi para o xornalista Luís Álvarez Pousa.

A gala celebrada o pasado 27 de marzo premiou os mellores espectáculos teatrais do 2004 e estivo dirixida por Avelino González. A presentación correu a cargo de Mabel Rivera e transcorriu nun ambiente agradable e divertido no que participaron diversas personalidades do ámbito cultural do país para entregar os premios das diferentes categorías. Antón Reixa, Suso de Toro, o debutante Miguelanxo Prado ou Antonio Durán “Morris” contribuíron a que a cerimonia tivese unha maior transcendencia.

A polémica surtiu nas diferentes alusións durante a recollida dos premios á retrasmisión en diferido da cerimonia pola TVG.

A organización dos premios, que corre a cargo da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia (AADTEG), decidiu repartir os galardóns e outorgar un equilibrio entre as obras que aspiraban a un maior número de candidaturas. *O ano do cometa*, a

cuarta obra de Cunqueiro que puña en escena o Centro Dramático Galego, conta a historia de Paulos, que tras gañar as oposicións para astrólogo da ci-

Premios completos

Espectáculo

Fobias, da compañía Lagarta lagarta.

Dirección

Xulio Lago, por *O encoro* (Teatro do Atlántico).

Actor protagonista

Roberto Leal, por *Indignos* (María a Parva).

Actriz protagonista

Rosa Álvarez, por *Fobias* (Lagarta lagarta).

Actor secundario

Toño Casais, por *O encoro* (Teatro do Atlántico).

Actriz secundaria

Susana Dans, por *O ano do cometa* (CDG).

Texto orixinal

Xosé Luís Prieto, por *Fobias* (Lagarta lagarta). ♦



Rosa Álvarez gañou o premio a Actriz Protagonista por *Fobias*, de Lagarta Lagarta.

dade de Lucerna descobre, a través dos seus oráculos, que un tirano oriental soña conquistar todas as cidades con ponte, entre elas Lucerna. A obra, dirixida por Quico Cadaval, levou os premios á mellor actriz secundaria e aos apartados máis técnicos (música orixinal, adaptación e tradución, escenografía, iluminación e vestuario).

Para *Fobias*, unha comedia de situación que xira a redor de catro mulleres que acoden ao psiquiatra, foron os galardóns ao mellor texto orixinal e mellor actriz principal (Rosa Álvarez).

O premio ao mellor actor principal foi para Roberto Leal, que protagoniza *Indignos*.

O encoro resultou premiada coa mellor dirección (Xulio Lago) e o mellor actor secundario (Toño Casais).

Finalmente o premio de honra Marisa Soto foi para o xornalista Luís Álvarez Pousa pola actividade que desempeñou á fronte da Dirección Xeral de Cultura en 1984, tempo no que puxo en andamento o Centro Dramático Galego e polo seu labor ao fronte da revista *Tempos Novos*. ♦

XERAIS FÓRA DE XOGO

Todo vai ir ben
Silvestre Gómez Xurxo

1979-2004
XXVX
VINTE E CINCO
ANOS DE
EDICIONS
XERAIS DE GALICIA

Todo vai ir ben
Silvestre Gómez Xurxo

Novela que aborda con delicadeza e profundidade humana o tema do cancro, dende a experiencia dunha adolescente que está abrindo os seus ollos á vida e se ve obrigada a compartir o sufrimento e a loita contra a enfermidade grave da súa nai. Novela realista, artellada no xogo de dúas voces narrativas, proporciona unha visión informada e de lectura emocionante sobre algúns dos problemas aos que inevitablemente se enfrontan moitos seres humanos.

XERAIS

xerais@xerais.es • http://www.xerais.es

NARRATIVA

Do gótico ao iconoclasta

Dous títulos orixinais de Alberto Fortes e Xoán C. Rodríguez

Títulos: Tristemil / Occidencia.
Autores: Alberto Fortes / Xoán C. Rguez.
Edita: Sotelo Blanco.

Os números 2 e 3 da recentemente aberta Colección Literaria da editorial Sotelo Blanco, representan dúas formas de narrar distintas, á vez que ambas son portadoras de fórmulas de transición dunha a outra, nas que se atopan implícitos dous diferentes pactos de lectura, dous diferentes métodos de apropiación do discurso.

Estes dous títulos da nova colección de Sotelo Blanco representan dúas formas de narrar distintas, pero conectadas.

A de Alberto Fortes, *Tristemil*, é unha novela breve na que percibe a tensión da transición entre o formato narrativo longo, a novela, e aquel máis breve do conto. De primeiras isto. Mais non só. A novela posúe un corpo fragmentado, está integrado por catro capítulos que son catro unidades tensionais que operan dentro da mesma trama. Unha trama que se ambienta entre as pedras de pazos e igrejas, nas que se crea unha envolvente atmosfera obsesiva que preside o discurso desde inicio ao remate, que nos traslada deica o século XIX para contarnos a historia dunha familia, os Soutomaior, concretamente dunha parte desa familia, os señores de Tristemil, que tamén é a historia dunha maldición da cal o esclarecemento nos levará deica o século XIV, nas mesmas raíces da familia. É pois, unha desas historias que deron en ser chamadas góticas. Unha historia de terror, detrás da cal non é difícil adiviñar a presenza de E.A. Poe, ou do Stevenson de *Dr. Jekyll and mister Hyde*.

Unha vez lido o primeiro capítulo, os tres restantes son ampliacións na procura de explicar o misterio antes creado, dosificándose a información de xeito que o suspenso non esmoreza mentres a atmosfera de obsesión e misterio medra con cada novo dato que se nos achega, *tour de force* no que non fracasa o narrador, mais tampouco logra escribir unha novela, nin o resolve con tanto éxito como para que esquezamos a dimensión real da historia. O que si logra Alberto Fortes é amosar unha vontade de estilo infrecuente, demostra que ampulosidade do narrar en estilo elevado domina perfectamente. Esa é outra razón para quedarnos co primeiro capítulo, pois das restantes voces narradores, a do prior parece moito á primeira e logo tampouco se ofrecerá nada



Ilustracións de portada de *Tristemil* e *Occidencia*.

de particular. Unha infrecuente vontade de estilo mais na que se conta cos dedos das mans o léxico patrimonial, fonda pexa que deixa un discurso de estilo brillante (no comezo) mais plano, pouco dúctil, alén dun mellorábel uso pronominal.

A lectura de *Tristemil* realízase de xeito convencional, é unha decodificación horizontal na que a acumulación de datos nos fai donos da historia. Pola contra, na outra lectura que propoñemos hoxe, no lugar da acumulación, o discurso, ou discursos, caracterízanse por unha brevidade extrema na que non cabe contexto e obriga ao lector a extraer o significado do que sub e supra xace no texto. Con todo, tamén Xoán C. Rodríguez dispuxo unha fórmula transitoria, e acompañante, desde a cal as brevidades non estrañen tanto. Fórmula transitoria que consiste na interpolación de

narracións, tamén ultrabrevs (é dicir, o texto non excede dunha páxina, ou faino minimamente), nas que se presenta a vida como peregrinaxe, á vez que o xogo de máscaras empregado deixa constancia non só da despersonalización da personaxe clásica, senón da súa completa destrución.

Occidencia é peregrinaxe a ningunha parte, encrucillada no medio do deserto, eterno regreso a onde residen todas as respostas, ou ningunha. Travesía literaria na procura de ti, nin sequera dalgunha suposta mensaxe, só de ti, do interlocutor, da única verdade, aquela que quebra a soidade, a imposibilidade de comunicación.

Travesía literaria fundamentada irónica na procura de desesperada da terra, da autenticidade, do natural, *Occidencia* é tamén unha remota fisterra na

que ecoan ondas reivindicadoras dos valores culturais occidentais.

Xoán C. Rodríguez, hai vinte anos estaba integrado no Colectivo Ronseltz, que alén dun dos poucos manifestos da literatura galega, deixounos esa xoia do *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados*, título de referencia obrigada dentro dos movementos vangardistas. E a fe que se nota aquel espírito iconoclasta, experimental, aquela escrita sen concesións é tamén perceptíbel nesta *Occidencia*, que cobreguea entre a poesía e a prosa, como adoita facer a microliteratura ou literatura mínima, ese des-xénero alternativo que pula por se popularizar e do que botaron man Celso Emilio Ferreiro, Cunqueiro, Fole ou Castelao. E sendo posíbel achar ecos manuelantonianos aquí, as luces que mellor axudan na súa interpretación son o mencionado *Unicornio*, a poesía de Chus Pato e toda a estética (tamén ética) que se move no seu ronsel.

Eis un dos títulos senlleiros da literatura moderna, un tipo de escrita que non admite medianías, e na que só se triunfa cando o autor é hábil, como neste caso, inducindo a suxestión. Para meirande claridade non nos resistimos a citar esta: "Herdaremos a terra e, aínda que non a saberemos fecundar, teremos caseiros" (11), maxistral encarnación verbal da identidade e da distancia nun único segmento semántico. Iso si, vai sendo hora xa de deixar de presentar produtos literarios desta estirpe como deconstrucións. Non porque non o sexan, senón porque se crea a falsa impresión de seren cascallo, simple produto da desfeita. En tanto non aprendamos a velos como construtores de seu tampouco non os saberemos valorar transcendendo o tópico espírito transgresor, lúdico e marxinal. ♦

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. VEU VISITARME O MAR. Rosa Aneiros. *Xerais*.
2. AS GALERAS DE NORMANDÍA. Ramón Loureiro. *Xerais*.
3. OS OLLOS DA PONTE. Ramiro Fonte. *Xerais*.
4. FADO DE PRINCESA. Xosé Ramón Pena. *Galaxia*.
5. A XEIRA DAS ÁRBORES. Teresa Moure. *Sotelo Blanco*.

NON FICCIÓN

1. A ESTRELA NA PALABRA. CONVERSAS CON X.M. BEIRAS. F. Pillado e M.A. Fernán Vello. *Espiral Maior / Liovento*.
2. A TERRA QUERE POBO. Xosé Luís Barreiro Rivas. *Galaxia*.
3. A POLÍTICA ECONÓMICA DA XUNTA DE GALICIA. Manuel Cao. *A Nosa Terra*.
4. CÁRCERE DE VENTAS. Mercedes Núñez. *A Nosa Terra*.
5. OS ANOS ESCUROS. Xosé Luís Franco Grande. *Galaxia*.

LIBRARÍAS CONSULTADAS: *Cartabón* (Vigo). *Coxeiro* (A Coruña). *Michelena* (Pontevedra). *Pedreira* (Santiago). *Souto* (Lugo). *Torga* (Ourense). *Central Libreira - Dolores 2*. (Ferrol)

XOSÉ M. EYRÉ

CONTA DE LIBROS

Seminarios

Pesca, acuicultura y marisqueo e Sociabilidade e librepensamento son os dous primeiros volumes da colección 'Seminarios' editados polo Instituto de Estudos Políticos e Sociais. No primeiro, diferentes expertos analizan o sector pesqueiro en Galiza desde o punto de vista da seguridade alimentaria. No segundo, Alfredo Erias, Xosé Luís Barreiro e Eliseo Fernández, entre outros, analizan o nivel de laicismo e librepensamento da historia de Galiza. ♦



Ler na pantalla

Liovento publica *As bibliotecas dixitais*, de Carme Fernández e Anxos Saavedra. As autoras analizan a tecnoloxía da internet que permite a configuración de bibliotecas. Concretamente, analizan tres bases de datos bibliográficas, dúas delas, galegas. ♦



Esquerda en movemento

A esquerda podería vivir momentos de inmovilismo, de pasividade, de falta de acción, o que estaría a restarlle interese para as novas xeracións e para o conxunto da sociedade. Así o pensa Eugenio del Río, que publica en Talasa *Izquierda y sociedad*. O autor esixe da esquerda unha actitude realista para entender a sociedade e transformala. ♦



O nacional catolicismo

Xosé Ramón Rodríguez Lago publica *La Iglesia en la Galicia del franquismo*, libro baseado na súa propia tese de doutoramento. Trátase dun estudo histórico sobre as características da Igrexa que apoiou o réxime de Franco e se beneficiou de grandes privilexios durante a ditadura. Tamén se explica a ideoloxía de acción católica como influencia política naquelha época. Edita Do Castro. ♦



Periférica

Nº 2. Inverno do 2005. 4 euros.

Dirixe: Rui Ángelo Araújo.

Edita: Grupo Desportivo e Cultural de Vilarelho.

A portada deste número é obra do artista Hanoch Piven, creador de *collages* pop. Inclúense fotografías de Pedro Guimarães e de Manuel Vilariño, acompañadas estas

por un texto inédito de Manuel Rivas. Fernando Gouveia entrevista a artista Alice Geirinhas e

Rui Araújo conversa coa deseñadora Guta Moura. João Pedro George reflexiona sobre a publicidade das editoriais. Ademais, seccións de opinión e creación, tanto de narrativa como de poesía. ♦



A micro pechado

Nº 59. Marzo do 2005.

Edita: Espazos Radiofónicos Galegos en Catalunya.

Ana Belén Real entrevista o conselleiro de Emigración, Aurelio Miras. Fernán daFrieira recorda o

entroido tradicional galego. Xosé

Manuel Fernández reflexiona sobre a misoxinia no refraneiro. A publicación

inicia unha nova sección sobre onde comer con sabor galego en Barcelona. Ademais, recóllese a axenda do mes e as principais noticias da comunidade galega en Catalunya. ♦



Vianova

Nº 4. Marzo-abril do 2005. 3,50 euros.

Dirixe: Alberto Canal.

A revista de viaxes do Eixo Atlántico achégase ao Club dos Viaxeiros Solitarios, un modelo de viaxar, promovido polo vigués Manuel

Fernández, con grande éxito. Alberto Canal achéganos ás dunas de Corrubedo, ao balneario do río Pambre e a Rio de

Onor, vila antiquísima do Parque Natural de Montesinhos. Eugénio Pinto lévanos a Caminha e a Viana do Castelo. Domingo Bobillo recoméndanos o pan de Cea. María Alonso presenta o chocolate de Astorga. O entrevistado é o cocineiro Flavio Morganti, que ofrece as súas receitas. ♦



Cultura

Nº 1.169
Do 31 de marzo ao 6 de abril de 2005
Ano XXVIII

ANOSA
CULTURA
27

INFANTIL-XUVENIL

O fantástico mundo de Gianni Rodari

Kalandraka publica *Confundindo historias*, unha revisión dos vellos contos de fadas

Título: *Confundindo historias*.

Autores: Gianni Rodari e Alessandro Sanna.

Edita: Kalandraka.

A imaxinación do Gianni Rodari deu un bon monllo de contos para o lecer ao tempo que forneceu de material didáctico os profesionais do ensino para poder traballar na aula conceptos fundamentais como os valores empregando a imaxinación, o desenvolvemento dun mundo propio e fantástico alicerzado na

palabra. Palabras que os máis novos eran quen de posuír, mesmo de dominar, creando deste xeito un mundo de seus contos clásicos, canle para chegar ao mundo fantástico e persoal ao través do xogo. Neste vieiro está *Gramática da fantasía* (Xerais), libro imprescindible que non se debería encorsetar como material para os profesionais; tamén é un xogo excepcional que podemos empregar no fogar cos cativos e unha porta aberta a todo aquel

O libro unha nova versión da Carapuchiña Vermella, disparatada, imaxinativa, esgazadora.



Gianni Rodari nunha fotografía da mocidade.

que sinta paixón pola escrita. Pode servir de peir para un taller literario.

Kalandraka vén agora de editar na colección Tras os

Montes –que se fixa nomeadamente no que se produce alén das nosas fronteiras– un novo libro de Rodari, escrito no 1962, que se presenta agora

coas ilustracións coloristas de Alessandro Sanna en volume independente. *Confundindo historias* é unha nova versión da Carapuchiña Vermella, disparatada, imaxinativa, esgazadora, onde o lector é unha parte importante da obra, a súa participación é imprescindible, converténdose deste xeito o libro nun ente vivo que toma corpo tan pronto abrimos a primeira páxina: “Había unha vez unha nena chamada Carapuchiña Amarela...”

Rodari baséase no personaxe para construír unha historia divertida e de íntima cooperación cos lectores, lonxe de *A Carapuchiña Vermella* de Jacob e Wilhem Grim editada por Xerais ou a visión personal do conto que nos presenta Carme Blanco no seu libro de relatos *Vermello con Lobo*. O italiano o que fai é esnaquizar o mito e a tradición para construír das cinzas un libro novo sen o aspecto moralizante do relato clásico, unha aventura onde os máis novos van entrar nun territorio inexplorado, na narración compartida tendo como peir un personaxe tirado dos contos xa coñecidos. ♦

XOSÉ FREIRE

POESÍA

Sobriedade e beleza de María Lado

Título: *Berlín*.

Autor: María Lado.

Edita: Edit. Compostela/Concello de Santiago.

Moitas veces na poesía o tempo escurece os atributos máis supostamente expresivos e brillantes. O garabateo monótono e a elegancia envisa máis pronto ou máis tarde son arcaicos, mentres fican vivas formas e imaxes menos

aparentes: figuras, matices ou presenzas máis estábeis, de perfís máis evauidos e máis sobrios, máis afíns á intuición e ao sentimento, ao ritmo e á sensación. María Lado, en *berlín* (prólogos de David Rubín e Suso Bahamonde), a fuxir da exhibición ofufana e do decorado inútil, agás a flora que abrolla nalgún verso, íntima e absorta, evocadora, con singular soltura tenta fixar a sensación fugaz, a imaxe efémera e a turbación, a desorde dos sentidos: os sinais do tempo nos sentimentos e nos soños, nas

rúas e nas prazas, no brillo serodio das lembranzas e no apagado rumor dos sons cotiáns.

Ofrece a intuición emocionada, o impulso –*alí agochei as paisaxes que fixeron medrar o meu sorriso/ onde ti camiñabas entre a xente/ sen saber da nosa historia*–, a demorada intimidade do instante –*o día abre de mercerías e ultramarinos/ e nós aquí/ ao sol deste poema/ neste anaquiño de ceo que recortan as antenas*–, a melancolía e o fastío, a soidade –*e que os días de despois/ son moi tristes/ que me esquece o sorriso/ e non me sae dicirche nada lindo/ só outono*–, o rumor do tempo –*é a cidade quen dispón das choivas/ coa puntualidade das coroas nos cabodanos*–, o ritmo e a ternura.

María Lado perfila con singular acento as sensacións, serena e sobria, debuxa a intuición e a lembranza, fráxil e íntima, amosa a emoción e a soidade e revela, espida e fonda, a turbación e o sentimento en poemas morosos e sensíbeis. ♦



XOSÉ MARÍA COSTA

María Lado.

González Garcés na poética cidade da Coruña

MANUEL XOSÉ NEIRA

Un sente estimación pola lírica garcesiana, nome semellante a garcilasista, garcilasiano. O clásico e requintadísimo poeta Miguel González Garcés, amigo de "Aturuxo", non sei se de aturular nas carballeiras dos deuses pagáns, telúricas e profundas de carrixa, coucelo e musgo. Pídeme o moi amigo de vello Xulio López Valcárcel unha impresión sobre Garcés e no meu apartamento elurdiano un golpe de azas de gavotasponse a salmodiar unha cántiga de amor ou amigo, un himno á Galiza verde e profunda. Á moi amada Galiza nosa. Nunha visita á cidade da Coruña merquei, extemporaneamente, o volume *El cuervo en la ventana* na librería Arenas. Antes fá moito pola Coruña e cada xardinciño da cidade lembrárame o amoroso ser do poeta, os textos de Garcés. Amigo do meu venerado Eduardo Moreiras, un vate sempre mal comprendido no país... O marido da poeta Luz Pozo Garza, esa Ana de Noailles como conta Ánxel Fole. Moreiras ou o valor da Galiza recóndita, poética e misteriosa. Un anxo protector de meu coma Luís Pimentel, o dos recantíos e ancós de anxos policromos en cada cantío de Lugo. Garcés era unha voz elegante, distinta, seriada. Gozosa, sensitiva, sensual. Dubitativa, tremerosa. Sempre nel o paso fugaz das horas. O tempo irremediábel, irreparábel. Dime Xulio que Garcés era amigo de Álvaro Cunqueiro por quen un sente a estimanza da súa requintada e brillantísima pluma do ano mil e pico de ave en Mondoñedo. Mellore do que os poemas se cabe. Os poemas de Cunqueiro, sendo pretensiosos non acadan a altura e perfección técnica, a elaboración e remates da súa prosa. Ánxel Fole vela as súas armas de mente "arredada, afastadiza" como a cualificou Luz Pozo na altura da cidade enigmática de Lugo como emporio ultramoderno coa súa antigüidade ao pé dos Ancares que eu vexo desde o meu apartamento nas primeiras estribacións de Neira de Xusá, de Baralla. Unha cida-

de onde campa aínda un abafante ar de mendicidade decimonónica ao pé, no adro pequeniño coma un ninfeo (o de Bóveda) na de San Roque, capeliña da entrada dos bispos, da entrada triunfal dos bispos á cidade sacramentada. Alí, na capeliña, eran recibidos. San Roque pode ser capeliña do século XVII ou do ano 17 do século XX.

Garcés mantíña a distancia da elegancia natural da Coruñcos do grupo "Aturuxo" de Ferrol. O grupo "Aturuxo" (á sazón senón a mellor das mellores revistas de Galiza) era servidor de Pimentel, e debedor del. Mantíña a distancia a respecto da poesía social-realista. Garcés era o arquetipo do poeta anti-Celso Emilio Ferreiro. Unha voz moi aguda, esteticista (o gusto estético nel devíña nunha posición e postura éticas). Os seus volumes que máis admiro son *Nas faiscas do sono*, un título espléndido e o *Claridade en que a tentas me persigo*. Un leu moitos artigos de Garcés, especialmente en *La Voz de Galicia* arredor da burbulleante cuestión das artes, en especial a plástica. Unha pluma moi decorosa, moi douta. Un home moi culto e cultivado coma un xardín coruñés, pletórico de rosas e rosíñas. Abrocha xa a primavera humilde e franciscana nos abruñeiros e outras arboriñas de Lugo. Falamos de Garcés, na santa Catedral de Lugo con Manuel Álvarez Tomeiro arredor dun seu título coído que póstumo *Un home só na néboa* que alguén grafa como *Un nome só...* Tomeiro clarificame na primeira acepción. A néboa ou nebra en Galiza sempre é Fole. A imprecisa, misteriosa, malfadada, plástica, quase brillante e fermosísima néboa luguesa e por extensión galega. Tamén o corvo, o corvo na ventá é mal agoiro. Exconxurémolo! Por certo que este libro foi publicado en italiano.

Recordo que o amigo Xulio Valcárcel, en vida do poeta e sabendo este vello mestre da miña admiración, tiña en mentes enviar algun volume da súa produción e entrar en contacto



Monumento a Miguel González Garcés na Coruña.

XAN CARRALLA

comigo. Non puido ser. A morte arrebatárono. Sempre de por medio a exquisita non por requintada senón por exquisita en

‘A obra de Garcés prodúcese entre o proceso imaxinativo e estralido verbal de Cunqueiro e a ascese e rigor extremado do galeguismo de Eduardo Moreiras’

me que está en Plaza y Janés e trátase dunha cuase soberbia antoloxía. Chea de anxos nas carballeiras verdecentes. O "Paso soa de luz" ten algo de José Ángel Valente polo sintético da expresión, polo esmero técnico e tersura de toda laia. Trátase dun libro que engancha para adquirir lectores ao galego. A outra antoloxía feita en *Nonlós* é cualificada e xustificada porque nela aparece unha sorte de excelsa sustiza poética nos recompilados, nos antologados.

O "Paso soa de luz" ten o ritmo galeguizante e sobre ese librillo discutía eu con Ramón Reimunde Noreña na librería Souto de Lugo. Unha presentación ben facturada como libro é a de *El libro y el verso* na colección Atu-

me que está en Plaza y Janés e trátase dunha cuase soberbia antoloxía. Chea de anxos nas carballeiras verdecentes. O "Paso soa de luz" ten algo de José Ángel Valente polo sintético da expresión, polo esmero técnico e tersura de toda laia. Trátase dun libro que engancha para adquirir lectores ao galego. A outra antoloxía feita en *Nonlós* é cualificada e xustificada porque nela aparece unha sorte de excelsa sustiza poética nos recompilados, nos antologados.

O "Paso soa de luz" ten o ritmo galeguizante e sobre ese librillo discutía eu con Ramón Reimunde Noreña na librería Souto de Lugo. Unha presentación ben facturada como libro é a de *El libro y el verso* na colección Atu-

ruxo mercada tamén, a prezo carísimo, na Coruña. O libro amoso principal de Garcés é *Claridade en que a tentas me persigo*. O título máis belido é *Nas faiscas do sono*. Antes tiña un xa meritiro *Bailada dos anxos* en Galaxia. Ao non coñecer a dimensión do Garcés home (á sazón amigo de Cunqueiro e Moreiras) debe inclinarme pola dimensión culta (nos xornais) e libresca: como gran poeta e fino tradutor, en Galiza non sobrados desta última especie. Como poeta non é difícil calibralo, auscultalo pois que a súa obra vai desde un certo surrealismo, coído que moi importante esta veta nel, á poesía sensitiva e corporal, pasando por unha natureza italianizante, clasicizante, renacentista, para chegar a un verbo entrecortado, cheo de conceptos, conceptual. A súa "Misa de Bach en Saint-Eustache" é primorosa. E os "Poemas a Albertiño". Eu coma se dun monxe medieval se tratase, teño copiado a Garcés a man. Agora, non sei a razón, xorden dous poetas enguedellados, entrelazados. Valente e Garcés.

A súa poesía semella non estar articulada polo valor dado primordialmente ao substantivo en detrimento do adxectivo. Únese a esta condición o enxalzamento que fai do valor sonoro do substantivo como forma pura. Coñece moi ben a tradición cultural europea. O seu léxico galego é primoroso, moi escolleito, coma unha fascinación pola verbalidade galega. A súa obra require un estudo completiño. Ese surrealismo que a percorre paréceme definitorio. Nel apenas a esculca de raizame existencialista. A súa poesía parece invocar a Galiza interior pero intelectualizada, seria, sen concesións ao tremendismo. Chamoume a atención que nunha antoloxía feita por el saísen tres poemas de Camilo José Cela.

A obra de Garcés prodúcese entre o proceso imaxinativo e estralido verbal de Cunqueiro e a ascese e rigor extremado do galeguismo de Eduardo Moreiras. ♦



MEMORIA DE FERRO

Antón Patiño Regueira

Relatos dun home que quere salvar a memoria e non esquecer a liberdade. Para devolvela con flores. E se puidera ser, daquelas que había no xardín dos Boedo. Na casa ledra do pai e a nai de Pucho Boedo. Roseiras, xeranos vermello, alhelís brancos, begonias e margaridas sempre na conta dos que defenderon a liberdade coa cultura e o ferro.

Prólogo de MANUEL RIVAS.

A NOSA TERRA

Xosé Ramón Pena

'Houbo xente, a finais dos setenta, que deixou de crer nun Deus para crer en varios'

M.V.

Xosé Ramón Pena (Betanzos, 1956) é autor de varias novelas (recibiu o premio Xerais en 1987) e tamén de diversos ensaios. Dirixe o suplemento de cultura de *Faro de Vigo* e vén de presentar a súa última creación: *Fado de princesa* (Galaxia). Aquí fálanos desta ficción, mais tamén deixa ver o seu oficio de crítico literario e profesor de literatura.



PACO VILABARROS

Levaba sete anos sen editar unha novela. Encóntrase lonxe dos que publican libro por ano.

Non son un escritor de fin de semana. Escribir é o meu oficio, o que sucede é que dentro dese oficio hai varias modalidades e prioridades que non escolle un só. Eu dirixo un suplemento de cultura, publiquéi ensaios sobre literatura medieval e sobre lingua que tiñan data de entrega, ademais son profesor. Facer unha novela leva tempo e logo vendes o que se vende neste país. Escribir un artigo semanalmente, por exemplo, resúltame máis gratificante, tanto desde o punto de vista da relación co público como economicamente.

Considérase un escritor realista?

Depende dos casos. *O reverso do espello* era unha parodia da novela de aventuras. *Para despois do adeus* era realista con elementos de realismo máxico. *Paixóns privadas* tiña unha historia realista e outra con compoñentes de misterio ou intriga. *A era de acuario* é realista.

Déixase influír polos autores que lle gustan?

Son devoto de García Márquez e en *Para despois do adeus* díxéronme que se notaba. Pero, cando escribo non tento seguir a liña de ningún. Ademais hai autores cos que disfruto e outros dos que só me interesa a técnica. Do Onetti de *O estaleiro* ou do Auster de *A noite do oráculo* interésame a técnica, pero disfruto máis co Joseph Roth de *A lendra do santo bebedor* ou con J. Le Carré, aínda que nunca escribín nada na súa liña. Con Blanco Amor disfruto e tamén me interesa a súa técnica. *A Esmorga* é a gran novela galega que algúns andan buscando.

Por certo, de *Fado de princesa* poderíase dicir que é unha confesión diante dunha psiquiatra ausente.

Xa mo dixeron. Dinme conta, cando estaba acabando, de que se podía facer ese paralelismo co *A Esmorga*.

Foille difícil meterse na personaxe dunha muller?

Iso pode parecer difícil pensando no debate de se existe unha literatura de xénero, mais como narrador resúltame máis difícil meterme na pel dun asasino, por exemplo. Na segunda historia de *Paixóns Privadas* o narrador era gai e eu non son gai. Pero non se trata diso. A literatura non é un ensaio sociolóxico. O mérito dunha novela non está na verosimilitude de meterse no papel dunha muller, senón na verosimilitude do que narras e en se o fas coa técnica adecuada. Poñerse no lugar de outro forma parte do oficio de escritor, igual que redactar ben ou dominar o idioma. Ese non debe ser o obxecto da crítica. O meu desafío nesta novela non é que seña unha muller, senón que seña unha muller singular.

Ese estilo de confesión persoal obrigouno a prescin-

dir case totalmente do rexistro culto.

Saber escribir en estilo requintado ou en estilo popular forma parte, como antes dicía, do oficio. O difícil é mantelo até o final. Din que a xente en xeral tende a narrar, de primeira intención, en ton ampuloso, parécelle que a sinxeleza non vai ter forza expresiva. Esa é unha confusión sobre o estilo que aínda perdura no común.

Desta novela pódese dicir que, estilisticamente, é coherente de principio a fin.

Iso para min é o fundamental. Un crítico dixo que a literatura é ficción, acción e, sobre todo, tensión da linguaxe. Lograr as tres cousas garante unha obra de calidade. Outra cousa é que a un lector concreto lle interese o tema. Tamén está claro que para que resulte unha obra mestra falta outro compoñente

que é o da xenialidade, pero ese está en máns da providencia.

Hai nesta novela bastantes alusións á cultura francesa, sobre todo á música. É gusto persoal?

Non, para nada. A min de Moustaki, por exemplo, gústame unha canción e pouco máis. Tampouco comparto as opinións da protagonista sobre Santiago ou sobre Otero. Pero penso que eses gustos son crí-

beis nunha muller de 41 anos, como corresponde á personaxe.

Fado de princesa pode considerarse o relato dunha desas persoas que chamabamos *progres*, que se fai adulta a finais dos setenta, que posúe unha certa dose de transgresión, mais tamén de contradicións e de inmadurez.

É correcto. Pero eu non tentei retratar unha xeración, en primeiro lugar porque se o intentas non che sae. Tampouco este libro é un ensaio. Ora ben, cando xa escribira bastante e ao relelo, dinme conta de que podía representar a unha xeración ou tribu. É a rapaza de vila, de boa familia, á que lle sucede algo, que se mete no mundo *progre* e que vive a *movida* en Vigo. Deixa de crer nun Deus para crer en moitos, pasa por un campo de minas e non lle estala por casualidade. Foi educada cuns valores, logo asumiu outros e agora dubida de todos. Tenta darlle unha explicación racional á vida, pero fáltanlle pezas para compoñer o puzzle. Tamén se pregunta se existe realmente unha explicación ou se debemos acostumaros a vivir sen ela. ¿Canta xente que militou en opcións radicais non acabou na dereita, en país de familia tradicionais, en historias místicas ou tirados? Viviron unha época de cambios impredecíbeis que deron lugar a isto.

O de falar ante unha psiquiatra dalle un ton normal, racional, ao narrado, aínda cando se tratan asuntos escabrosos. Pero no fondo hai un drama.

Para min a escolla do punto de vista é moi importante. Pensei que esta historia só se podía contar en primeira persoa e que había que botarlle valor para meterse nela. A historia ten elementos dramáticos e cómicos, pero a protagonista tería que vivilos como dramáticos, o cómico só llo ven os demais. O feito de ter que falar diante dunha psiquiatra obriga á protagonista a usar un ton coitá. Se tivese escollido a terceira persoa para narrar teríame resultado unha traxedia de principio a final. O de poñerse ante a psiquiatra tamén obriga a protagonista a esforzarse por ser obxectiva, por facer unha pequena análise de todo o que lle sucede, aínda que logo se lle vexan as contradicións e unha fobia por un feito traumático contra o que loita.

Sofre tamén un trauma por acumulación de traumas.

Sofre e asegúreme, consultando a psiquiatras, que até a medicación que toma seña a correcta e a lóxica para o seu problema. Pero iso tampouco é un mérito. É unha obriga do escritor asesorarse. Se unha novela é realista ten que ser realista. Pode haber certas licencias, aínda que non tantas como as d' *O código da Vinci*, onde unha personaxe golpea a outra, por exemplo, cun lenzo de Leonardo, e logo vas ao Louvre e ves que non se trata dun lenzo senón dunha táboa. ♦

DAMIÁN VILLALAIN



Xurxo Coira recibe o premio ao Mellor Director. Á dereita, Isabel Blanco entégalle a estatuaña a Xavier Veiga polo seu papel n'O ano da carracha.

O ano da carracha acapara os Mestre Mateo con oito galardóns

MAR BARROS

Cun cheo total no Teatro Sala de concertos de Caixanova de Vigo celebrouse o pasado domingo 20 de marzo a gala de entrega dos Premios Mestre Mateo 2004. Unha noite na que a longametraxe *O ano da Carracha* sumou un total de oito galardóns, resultando a produción máis premiada. A serie televisiva *As leis de Celavella*, a curta de animación *Minotauromaquia*. *Pablo no labirinto* ou a longa documental *Un bosque de música* foron outras das obras protagonistas nunha gala con aires de cabaré.

Confirmáronse as previsións. A ópera prima en cine do director lucense Xurxo Coira, *O ano da carracha*, foi a gran triunfadora na gala de entrega de premios Mestre Mateo 2004, uns galardóns que concede a Academia Galega do Audiovisual aos traballos máis destacados realizados neste eido o ano anterior. En total oito foron os premios que recibiu a película, entre eles o de Mellor Longametraxe, nunha edición que por vez primeira na historia destes recoñecementos tivo como escenario a cidade de Vigo.

Cunha comedia na que se narran os problemas que sofren os máis novos á hora de independizarse, Xurxo Coira subía ao escenario do teatro para recibir o premio á Mellor Dirección. O que comezara coa anécdota dunha conversa nunha noite de copas por Compostela, converteuse no filme máis premiado. Producida por Filmanova e coproducida por Lugo Press, a película desenvolve a historia de Fran, un aprendiz de "carracha", un membro "desaxeración de chupópteros que lle chuchan o sangue aos seus pais até a morte". Con vinte e oito anos e acabado de licenciar en Bioloxía, os seus intereses xiran en torno ás series americanas, a música disco dos setenta e oitenta e o festival de Eurovisión.

Outro dos premios que foron engrosar o currículo da película de Coira recaeu nas mans do actor e cómico Xavier Veiga. O que se dera a coñecer ao gran público grazas ao programa de humor *El Club de la comedia*, recibía o pasado domingo o premio á Mellor Interpretación Masculina polo seu traballo no papel de Morgan, un personaxe particular, fillo dunha familia acomodada, he-

terosexual e misóxino. Xunto a el, Luís Zahera era galardoado co premio á Mellor Interpretación Masculina Secundaria e nesta mesma categoría feminina o premio fallábase en favor de Camila Bossa.

A Mellor dirección de Producción, a Mellor Maquillaxe e Perruquería e a Mellor Montaxe, foron os outros premios que recibiu *O ano da carracha* así como o da Mellor Produción Interactiva pola web do filme www.garrapatalapelicula.com, realizada pola empresa Interacción CIM.

A outra película que recolleu o resto dos galardóns no que se refire á cine foi a produción do director Manuel Gutiérrez Aragón, un filme que arranca coa morte violenta de Severo a mans do seu veciño Xildo, cunha trama de investigacións que acabará en romance. Deste xeito, Ángeles González Sinde e Manuel Gutiérrez Aragón gañaron o premio ao Mellor Guión e Marta Etura o de Mellor Interpretación Feminina Protagonista.

Con *C de Cultura* foi galardoada con tres premios: o de mellor programa, mellor comunicador e mellor realización.



Con C de Cabaré

O sabor á cabaré e o aforo completo foron as notas dominantes da gala, unha cerimonia que foi conducida por Moncho Borrado, María Castro, Sonia López e Monti Castiñeiras e que xirou ao redor do musical, o humor e os premios.

No ámbito da televisión o nome de Xurxo Coira volveu rebulir entre o público. A serie que dirixe, *As leis de Celavella* foi galardoada con dous premios, o de Mellor Deseño de Vestiario, para Ruth García, e o de Mellor Dirección Artística, para Antonio Pereira.

O programa producido pola TVG *Con C de Cultura*, acapara tres dos premios, o de Mellor Programa de TV, Mellor Realización e o de Mellor Comunicador, que recaeu en M^o Xosé Arroxo.

O documental realizado por Ignacio Vilar sobre o grupo coruñés de música folk Luar na Lubre, *Un bosque de Música*, acadou os tres galardóns aos que optaba. Esta película, producida pola vaguesa Vía Láctea Filmes, foi seleccionada e premiada nos apartados de Mellor Longametraxe Documental, Mellor Banda Sonora, para Luar na Lubre, e Mellor Son, que foi parar a mans de Nani García e Xabier Ferreiro.

Outra das triunfadoras da noite foi a produtora Filmanova, de quen o documental *Tu-*

cho Bouza, o emperador do Bronx recibiu o premio ao Mellor Documental.

Outro dos que subiron ao escenario foi Domingo González, o director do Centro Territorial da TVE en Galiza, quen recolleu o premio á mellor serie por *A catástrofe do Prestige, dous anos despois*.

Picasso animado

Partía como favorita e non se fixo agardar. A curta de animación dirixida por Juan Pablo Etcheverri, *Minotauromaquia. Pablo no labirinto*, na que o director amosa a súa particular visión da vida e da obra de Picasso, foi merecedora, á luz da academia, do premio á Mellor Curta de Animación. Xunto a ela, *A boa caligrafía*, de Alex Sampaio foi a outra curtametraxe premiada, esta no apartado de ficción.

Os restantes galardóns, o de Mellor Dirección de fotografía e o de Mellor Produción de Publicidade recaeron respectivamente en Suso Vello, por *Camión de Santiago. A orixe* e para a empresa EAF Producións.

A do pasado domingo converteuse na III edición dos Premios Mestre Mateo dende que a Academia Galega do Audiovisual asumiu en 2002 a produción e a dirección, uns galardóns que con anterioridade recibiran o nome de Premios Chano Piñeiro e Premios Agapi.

Recoñecementos especiais

Este ano o premio especial Fernando Rey recaeu no Equipo Lupa, polo seu labor a prol do audiovisual na súa extensa traectoria, que foi recollido por un dos seus fundadores, o escritor Euloxio Ruibal e o galardón José Sellier foi entregado á Escola de Imaxe e Son da Coruña. O momento emotivo da noite veu da man da entrega do Chano Piñeiro, que foi concedido de xeito honorífico ao propio Chano Piñeiro, sendo recollido pola súa viúva no décimo cabodano da súa morte. ♦

Non hai probablemente unha palabra máis sedutora e narcotizante que "futuro". Non hai tampouco palabra máis falaz e enganosa. É, porén, a palabra máis utilizada e vendida na política, como parece lóxico nunha actividade á cal lle resultan consubstanciais a sedución e o truco verbal. Hai outra palabra tamén moi usada e aínda estrañamente prestixiosa: "ilusión". Futuro e ilusión fan boa parella, pois ámbalas están construídas con algo aínda máis intanxíbel ca o fume. Son só sons. Palabras que teñen como única referencia real o inexistente. As dúas esixen case de forma natural a compañía doutro vocábulo, "proxección", suxeridor de horizontes aos que se chega por camiños ben trazados e mellor pensados. "Un proxección ilusionante" e "un proxección de futuro". Expresións redundantes e pleonásmicas que todos os partidos, independentemente da súa ideoloxía, incorporan, repiten e machacan, como se non houbera outra cousa que proclamar nin outra idea que proferir. A retórica política convértese así nun exercicio de converxencia na nadería dunha mensaxe indistinta, nun dicir alicaido e banal que non incentiva a participación da cidadanía e que trasloce a desconfianza en que esta poida comprender algo diferente á inercia das palabras mil veces enunciadas.

Supoño que o PP, por razóns obvias, intentará buscar outra idea clave para as próximas eleccións autonómicas. E imaxino que, non podendo vender cabalmente demasiado futuro, botará man do pasado, é dicir da loia electoralmente magnificada do conseguido nos moitos anos de sucesivos gobernos encabezados por Manuel Fraga. O promisorio campo do futuro vai quedar reservado esta vez para socialistas e nacionalistas, que se verán así obrigados a moverse no ámbito do consabido "proxección ilusionante", no terreo dun futuro tamén abusivamente coloreado. Caerán na tentación de vender con retórica manoseada e vella as sempre frescas e xuvenís arelas de cambio? Lograrán equilibrar os vehementes desexos de renovación dunha parte da poboación co prudente e indecisa reserva dese "centrismo", case máis existencial que ideolóxico, omnipresente en Galicia?

As imaxes e as palabras clave son sempre de grande importancia nas campañas electorais. Pero nas eleccións de outubro van ser xa non importantes, senón decisivas. Todos os partidos van ter que esforzarse para escapar da frase feita tanto como da excesivamente novidosa. Do conservadorismo sen horizonte tanto como do futurismo retoricamente conservador. Vai ser un apaixonante combate político, pero tamén un estimulante desafío publicitario. ♦

Xosé Ramón Gaioso

'A xente da cidade esquece que seus pais viñan da aldea'

PERFECTO CONDE

Nos últimos días de marzo, o programa *Luar* da Televisión de Galiza celebrou a súa edición número 500. Comezou a emitirse en setembro de 1992. Xunto ao *Supermartes*, que é tres meses máis vello e *El Telderete* da televisión canaria, o programa que presenta Xosé Ramón Gaioso é un dos máis veteranos de todas as televisións do Estado.

Nos tempos que corren debe ser un mérito aguantar tanto tempo.

Merecer a atención e a fidelidade da xente é algo que satisface. Sobre todo, tendo en conta que tivemos que competir en horarios e temáticas moi difíciles.

Onde está o segredo de *Luar*?

Empezouse emitindo os mércos e pasamos aos venres en 1993, ano no que apareceu *Quien sabe donde* e nos borrou a todos do mapa. Despois competimos co 1,2,3 de Chicho Ibáñez Serrador, e até hoxe. O noso segredo estivo en buscar sempre a conexión coa xente. Ao principio, viñan os vellos das vilas e parroquias de toda Galiza, e a xente cantaba e bailaba. No medio de todo aparecía Latoya Jackson cantando a súa canción, e logo viñan as pandeireteiras de Bergatiños. Todo aquilo provocaba unha situación moi curiosa porque nin Latoya sabía nada das pandeireteiras nin as de Bergatiños sabían nada da norteamericana. A posta en escaea era o que facía José María Iñigo hai corenta anos, pero os contidos xa non eran os mesmos.

Tamén lles chegaron as críticas. Como as encaixaron?


Había e aínda hai xente que nos dicía: "Se fose a túa aboa, seguro que non a levabas ao programa". Nós pensamos que sempre respectamos exquisitamente a nosa audiencia e a todos os que participan no programa. Coido, por outra parte, que sen *Luar* hoxe non existiría gran parte de todo o movemento folk galego. Pouco a pouco, fomos introducindo eruditos como Mercedes Peón. O gaieteiro foi moito en Galiza, pero a súa estima fora decaendo. Pasou de ser o mozo da película -aí está o de Soutelo- a quedar despreixiado. Con nós, o gaieteiro volveu sacar peito. Evidentemente, o que fixemos foi recuperar o folklore, un libro completamente aberto.

De onde lles choveron as críticas?

Dos sectores máis tradicionalistas. As bandas de gaitas non son algo tradicional xa que non naceron até os anos setenta. Antes había cuartetos ou quintetos. Somos cinco e tocamos coma trinta, dicían os de Trives. Moitas das críticas procederon tamén das grandes urbes. A xente da cidade esquece que seus pais viñan da aldea. Aínda agora, hai autoodio e unha certa vergoña. Sen ir máis lonxe, deberíamos mirar máis para Irlanda e ver como se sinten orgullosos dos seus vellos.

É de supoñer que lles custou traballo prender a mecha dun programa tan peculiar.

Cando traíamos charangas en directo e abríamos o baile, a xente nova saía á pista e bailaba ao



P. CONDE

rítmo da música, pero custáballes facelo coa súa roupa habitual. Custounos traballo convencelos, e agora é algo que fan encantados. Como homenaxe, trouxemos xente maior, e bailaban que morrían. Coido que isto fixo medrar o orgullo de sentírense galegos.

Vostede é un home que fa para avogado e rematou de showman. Como foi iso?

Quizais *showman* non é a palabra. Eu, dende pequeno, fui moito á casa do meu pai en Cabanes, perto de Nabela, a carón de Lugo, e aínda que era un neno de cidade porque nacín e vivo na Coruña, sempre lle tiven apego á cultura popular. Licencieme en Dereito e traballei de avogado en Madrid, no despacho de Luis Zaraluqui, que entón formaba parella con Elsa Baeza. Ocupábase de asuntos matrimoniais e así pode presumir de salvar da separación a catro matrimonios. Lémbrome que alguén me dixo

daquela que fa por mal camiño con estas palabras: "Este é un negocio para desfacer parellas, non para facelas". Eu falaba moito con Elsa Baeza, e coido que iso meteume no corpo o virus do espectáculo. Naquel tempo tamén preparei oposicións á Xudicatura, por influencia dun maistrado que había no Supremo, que se chamaba Antonio Fernández Rodríguez.

Estaba empeñado en que eu servía para xuíz. Non sabía ben canto se equivocaba.

E virou vostede o rumbo da súa vida.

Dinlle o que se pode chamar un bó golpe de timón. Eu tivera tamén unha experiencia persoal coa música, como afeccionado. Non

sei música, pero compoñía cancións e cantaba algo. O caso foi que me decatéi de que a miña vida non tiña nada que ver co Dereito.

E saltou á televisión.

En 1985 comezou a andar a Radio Galega. Un día chamoume Xosé Luis Blanco para facerme unha entrevista. Eu díxenlle: E iso da televisión como é? El deume un número de teléfono e chamei.

Atendeume Mariano Martín, un home que trouxera Luis Losada de Madrid para organizar a cousa, e cando lle dixen que o único que podía facer era cantar algo e tocar a guitarra, díxome que só había unhas probas para seleccionar locutores. Foi polo mes de maio de 1985. Presenteime, seleccionaron a dez

e asistín a un cursoño que deu a locutora Blanca Álvarez. Daquelles dez quedamos cinco: Dolores Bouzón, Eva Veiga, Xosé Manuel Maseda e máis eu.

Tempos aqueles!

Foi unha época moi bonita porque non tiñas idea de nada e había que aprendelo todo.

Vostede vese eternamente presentando *Luar* ou gustarille facer algunha vez algo diferente?

Estou moi a gusto onde estou porque teño a sorte de facer algo que me satisface e que me axuda a comprender mellor o mundo no que vivo. Se está a preguntarme que me gustaría facer, aparte de *Luar*, respóndolle inmediatamente que estaría encantado facendo un programa de televisión adicado á divulgación da ciencia. A min non me pregunte como funciona a televisión, o teléfono apenas sei utilizalo, pero son un tipo inmensamente curioso ao que lle sigue parecendo un misterio que lle poidas dar á billa e saia auga. Gustaríame facer algo que servise para entender as pequenas cousas da ciencia e da tecnoloxía.

Lémbrese daquel catalán que se chamaba Lluís Miratvílles? Parece querer emulalo.

Non me importaría facer algo que fose tan bo como o que el fixo no seu tempo. ♦

de SEMANA

A catástrofe como arte

MAR BARROS

Inundacións, afundimentos, catástrofes de todo tipo e accidentes malfadados son un bo caldo de cultivo para os artistas contemporáneos. Estes días pode verse un bo exemplo da fascinación da arte polo fatídico na Fundación Luís Seoane da Coruña.

Como aconteceu co devastador tsunami na costa asiática ou co afundimento de petroleiros como o *Prestige* nas costas galegas, os accidentes traumáticos están cada vez máis á orde grazas a difusión dos medios de comunicación xerando ao seu redor toda unha sorte de espectáculo. O catastrófico e a ruína crea por veces unha verdadeira sedución á que non se resisten moitos dos artistas contemporáneos.

Neste sentido, baixo o título *Seducidos polo accidente* acaba de ser inaugurada na Fundación Luís Seoane da Coruña unha exposición na que se recollen toda unha serie de obras que presentan como fio central o desastre. En total a mostra engloba unha trintena de pezas que afrontan o tema coas perspectivas máis diversas, desde o submarino bombardeado do artista portugués Miguel Palma até os restos do naufraxio preparados polo chipriota Andreas Savva na súa instalación.


A mostra tamén achega a reflexión sobre o clima de pasividade da sociedade ante as catástrofes así como a maior proximidade coa que cada vez se perciben estes accidentes, presentados na mostra a través da ollada diversa dos artistas, traxedias que, en ocasións, son lembradas

a través da iconografía artística contemporánea. Antoni Abad, Leonor Antunes, Gabriele Basilisco, Arturo Fuentes, Cristina Lucas, Jorge Macchi, Roman Signer ou Diego Santomé son algúns dos creadores que tentan dar resposta a unha das preguntas que está no punto de mira de investigadores e teóricos: por que sentimos atracción polo catastrófico?

A face máis irónica queda presente grazas a videoinstalação de Artemio na que o artista mexicano combina os debuxos animados do oso Winnie the Pooh con escenas da película de Coppola *Apocalypse Now*.

Outras actividades

Paralelamente á exposición, todos os venres do mes de abril na Fundación Luís Seoane desenvolverase o ciclo de conferencias *Seducidos polo accidente*, no que figuras destacadas do xornalismo, a socioloxía, a filosofía, a crítica ou a arte contemporánea abordarán a atracción pola catástrofe da sociedade actual. Ignacio Ramonet, Benjamín González, Alberto Ruiz de Samaniego, Fernando Rodríguez de la Flor ou Jean-François Chevrier son algúns dos relatores que achegaran a outra cara do accidente. ♦



Derradeiros desexos (1995),

de Antoni Abad.

Videoproxección continua no teito.

Enxeños e criaturas

San Xulián do Aloia e San Telmo de Tui

San Xulián foi bispo de Toledo. Combateu contra os herexes e, cando lle chegou a hora, morreu. Máis tarde, os musulmáns invadiron a península, o reino dos godos desapareceu e as reliquias do santo viñeron parar a Galicia. Abandonáronas no monte Aloia, en Tui. Ou eso, polo menos, di a lenda que asegura que cando os mahometanos conquistaron Galicia, as xentes de Tui fuxiron ó Aloia e levaron canda eles os corpos de San Xulián, de San Epitacio, primeiro bispo da vila, e doutros moitos santos. Tantos, tantos santos, que pode afirmarse que as entrañas do monte están ategadas deles, e por eso hai un lugar que se chama Campo dos Mártires. Recollen a lenda, que debe ser antiquísima, un escrito do rei D. Afonso de Portugal, de 1169 e un diploma da catedral de Tui de 1095.

Pero hai outra lenda que supón que o santo, Xulián, foi veciño de Tui e marchou como eremita a vivir no monte Aloia. Alí, nun descampado do cumo, durmía sobre unha laxa, que hoxe é chamada a *cama de San Xulián*. É unha pedra cunha fenda e nela nunca medra a herba. Como noutros lugares onde hai as chamadas camas de santo e camas do home, por exemplo a que está en Taboadelo, Pontevedra, esa pedra ten a propiedade de que as parellas que teñen re-

lacións nelas conseguen ter fillos, é dicir, son lugares apropiados para combater a infertilidade. Pronto Xulián tivo discípulos, numerosísimos anacoretas que o seguían e practicaban as súas ensinanzas. Nesto chegaron os mouros e matáronos a todos, mesmo a Xulián, despois de martirizalos. Por eso o lugar se chama campo dos Mártires, e hai tantos que se se puidese espremer o monte, zugaría sangue a cachón e o Miño converteríase nun río vermello.

Na romaría de San Xulián (noutras partes de Galicia chamado Xillao, Xiao ou Xián) os romeiros subían o monte polos banzos da escaleira que vai desde a fonte ata a capela, rezando en cada chanzo un avemaría, pois era sabido que debaixo de cada un reposaban os restos dun santo mártir.

San Xulián é un santo que protexe contra o mal tempo e favorece a agricultura. Pódese lle pedir que vaia sol ou que chova, segundo lle conveña ó labrego ou ó mariñeiro. Para eso o Aloia ten dúas pedras, as chamadas *pedra de auga* e *pedra de sol*. A pedra do sol mira cara ó nacente. Se se quere sol, lévase ata ela a imaxe do santo en procesión e pousaselle enriba. A pedra de auga mira cara ó mar. Se se quere chuvia lévase a imaxe de San Xulián e pónselle enriba. En calquera caso, alí, tan alto, está o bo do Xulián nunha incomparable paisaxe, nun inimitable anaco da natureza, rodeado de paxariños, como as laverças, as alaudas, que lle deron nome ó lugar e que, se cremos na voz da tradición, transportan cos seus trilos os santos ó Paraíso.

De Pedro González Telmo, nacido en Astorga sobre o ano 1190 e morto en Tui no 1246, recoñecido como santo pola

Igrexa, cóntanse máis cousas que de ningún outro santo galego. Realmente é prodixiosa a súa biografía oficiosa, que daría para encher moitas páxinas dunha nova Lenda Dourada, se Santiago della Voráxine estivese vivo. Veremos a continuación algunhas das súas andanzas e aventuras.

Refírese a lenda tudense que Pedro Telmo foi frade dominico, o que é certo, e que naceu en Tui, no mesmiño lugar onde hoxe está a igrexa que leva o seu nome. Pedro fíxose predicador, e foi levar a palabra de Deus entre os ribeiras, subindo polas beiras do río Miño. Fixo vida de ermitán. Como lles aconteceu a outros ermitáns, nomeadamente a Santo Antonio, tivo que sufrir as tentacións do demo. Nunha ocasión, alá por Chantada, unha moza de bo ver foi buscado e ofreceulle os seus favores sexuais. Telmo botou a capa enriba dunha fogueira de lume acceso, deitouse nela e convidou a muller a deitarse con el. Non é necesario dicir que a moza fuxiu e acabou por converterse e que Telmo non sufriu nin a máis leve das queimaduras. Ben se ve que a súa capa era máxica, unha capa de mago auténtico, como máis tarde veremos.

Pedro nunca se afastou demasiado do río e do mar. A súa relación coas augas marcou a súa vida, os seus feitos e mesmo foi máis alá da morte. Nunha ocasión Telmo quixo cruzar o Miño. Un barqueiro negouse a cruzalo na súa barca. Daquela Pedro Telmo botou a súa capa no río e, empregando a caxata a xeito de remo, atravesou as augas. Pero, pola razón que sexa, de af en diante decidiu que nin a capa lle facía falta. Así que, imitando a Cristo, paseaba directamente andando sobre as augas. Porén, o común da xentes non podía facer o memo e

queixábanse amargamente de que, estando tan perto dos seus veciños e familiares, tivesen que dar tan longa volta para poder velos. Telmo fíxose daquela pontífice e amañador de camiños, como contan tamén de Santo Domingo de la Calzada. PEDIU ESCOLAS e construíu a ponte de Tui, el só cuns cantos voluntarios, traballando coas súas mans. Para alimentar os seus axudantes, Telmo, patrón de todo canto hai nas augas, facía que os peixes do Miño viñesen manseliñamente a deixarse coller.

A sonda de Telmo medrou tanto que viñeron buscado doutros lugares para que lle fíxese pontes. E así fixo a da Ramallosa, entre Baiona e Nigrán, sobre o río Miño (por certo, esta é unha das máis belas pontes que se poden contemplar). Ademais, un día que estaba predicando Telmo e se xuntara unha gran multitude, comezou unha tremendísima treboada. A xente espantouse e botouse a fuxir desatinadamente. Telmo, porén, cos seus esconxuros, partiu a gran masa de auga en dúas metades que descargaron cadansúa chuvia a ambos os lados da moitedume, deixando seca a zona onde estaba a xente, que non se mollou nin un cabelo.

En Ribadavia, sabendo o que acontecera, chamaron tamén por Telmo. El foi, fíxolle a ponte e retirouse a vivir de anacoreta nos montes próximos. Mentres vivía de anacoreta, secretamente, foi traendo paseniño os mananciais das tres burgas cara á cidade. Telmo quería que as tres Burgas manas en Ribadavia. Pero enfermou, e unha serie de acontecementos interromperon os seus desexos. Mais, como o artigo se alonga moito, deixaremos esa historia e outras do noso santo para un seguinte. ♦

Xosé Miranda



Fran Pérez 'Hai que buscar un público amplo'

Na Coruña, o vindeiro 7 de abril, regresa á escena o espectáculo *Ao pé da letra*, no que se combina o hip-hop, música electrónica, pop, rock e folk a cargo de diferentes grupos como NARE, formación que vostede lidera. Como xorde o proxecto?

Nace como unha iniciativa da produtora Nordesfa, Carlos Santiago e Uxía Pedreira para darlle cobertura ás propostas alternativas que estaban a xurdir en Galiza. A primeira actuación tivo lugar o pasado ano no ciclo *Sons da diversidade* que se celebrou en Compostela. Sen afán de continuidade puxéronse en contacto con grupos de diferentes estilos como Marful, Non Residentz, Guardi Galego, Safari Orquestra, Xabier Díaz e DJ Two Faces, que tiñan como denominador común o idioma. O segundo concerto tivo lugar en Vigo e agora estase valorando a idea de iniciar unha pequena xira por toda Galiza. É necesario negociar coa realidade e buscar un público amplo ante a dificultade de que os programadores aposten por grupos descoñecidos.

Hai vida despois do folk?

Claro que hai. Esa é unha das preguntas que formula DJ Two Faces, encargado de presentar e conducir o espectáculo dando paso aos diferentes grupos. A reposta é o propio espectáculo. Moita da xente que participa en *Ao pé da letra* provén do folk pero busca unha nova vía de expresión. Este é un dos obxectivos que busca a iniciativa, abrir camiños en círculos e non establecer unha soa liña. Con todo non pretendemos colgarnos a etiqueta de músicos dunha nova xeración.

Non é habitual que un espectáculo dure tanto tempo.

Porque naceu coa idea de morrer na mesma noite. O que acontece é que resultou ben, a acollida foi moi boa e reformulouse a duración da iniciativa. Conseguiuse que fose un espectáculo fluído e dinámico, de calidade, que non dá oportunidade ao aburrimiento. Calculo que aínda durará toda unha temporada. ♦

DE OURENSE A HOLLYWOOD PASANDO POR VENEZUELA

MAR BARROS

Unha das películas con máis éxito da historia do cine de Venezuela, *Punto y raya*, seleccionada ademais para representar ese país nos pasados Oscars, conta con participación galega e por partida dupla. Dunha banda a de Xosé Sousa, como produtor asociado, e doutra a de Xosé Ramón Novoa como produtor.

Unha comedia dramática na que dous soldados, un colombiano e outro venezuelano establecen unha forte amizade dentro dun mundo de conflitos e de intolerancia, foi a causante da nova incursión do ourensán Xosé Sousa no cinema venezolano como produtor asociado. A película levará por título *Punto y raya* e superou en pouco tempo todas as previsións iniciais.


O proxecto de *Punto y raya*, que se converteu na película con máis éxito de público de Venezuela xurde despois de que Xosé Ramón Novoa, produtor tamén de orixe galega, e a directora Elia Schneider, recibisen o guiño realizado por Henry Herrera. Interesados en levalo ao cine pónense en contacto co ourensán, natural de Ramirás, e director da produtora Xenon Films, unha empresa centrada en traballos documentais, publicidade e programas de televisión, para contar coa súa colaboración no proxecto.

Deste xeito comeza a andaina de *Punto y raya*, longametraxe que foi unha das seleccionadas para representar a Venezuela nos Premios Oscar. Xosé Sousa súmase así á lista de coprodutores que participan neste novo traballo de Elia Schneider, directora preocupada polo tema da intolerancia e os dereitos humanos, xunto con Chile, Uruguai e España.

A película narra a historia dun caraqueño, encarnado por Roque Valero, e un campesiño colombiano, interpretado por Edgar Ramírez, que se atopan na fronteira de ambos países. Os dous son soldados, mais un está disposto a morrer pola patria e o outro ten a firme convicción de desertar. A selva serve de escenario para as situacións máis diversas con membros da guerrilla, dos exércitos e do narcotráfico. Nesta fronteira, os dous protagonistas establecen unha forte amizade até que a realidade ponos a proba cando deben cumprir o seu deber.

Con música de Pablo e Víctor Escalona a película ofrece unha nova visión do problema fronteirizo entre Colombia e Venezuela, na que se resaltan os valores da amizade e a solidariedade nun contexto de conflito. Ademais das composicións destes músicos, a película inclúe como fondo musical dunha das escenas de combate un canto de guerra da etnia Wayuu.

Nesta nova cinta de Elia Schneider, os actores Edgar Ramírez e Roque Valero están acompañados por un elenco de destacados actores de Venezuela, como Daniela Alvarado, Dora Mazzone,



Cartaz promocional da película. Abaixo, un fotograma. Á dereita, Xosé Sousa, produtor asociado e natural de Ramirás (Ourense).



Daniela Bascopé, Laureano Olivarez ou Pedro Lander.

Profusamente premiada en festivais de todo o mundo *Punto y raya*, aínda non atopou acomodo nas salas comerciais do Estado español, a pesar de se estreir mundialmente o pasado verán. Non embargante o filme tivo moi boa acollida tanto en Colombia como en Venezuela, país onde acadou unha importante recadación económica.

Este segundo filme da direc-

tora Elia Schneider tamén vén avalado polo crítica favorábel de diferentes xurados internacionais, que deron recoñecemento como o de Mellor Película no Festival Latino de Los Angeles, Mellor director no Festival Internacional de Bogotá, Mellor Película no Festival Iberoamericano de Montreal e no de San Francisco así como o Mellor guiño no Festival de Huelva ou o Premio Especial do Xurado de La Habana.



Debut dixital

Xenón Films, a produtora de Xosé Sousa, foi a encargada de realizar todo o proceso de posprodución e foi de aí mesmo de onde partiu a idea de realizar toda a película en formato dixital, convertendo a *Punto y raya* nun dos primeiros filmes realizados deste xeito en Venezuela.

Esta non é a primeira vez que o produtor Xosé Ramón Novoa e a directora Elia Schneider traballan nun mesmo proxecto. Matrimonio de cineastas destacados do seu país teñen no seu haber toda unha serie de películas nas que desenvolven alternativamente os labores de dirección. A súa última obra conxunta leva por título *El don*, longametraxe que se estreará este ano en Latinoamérica.

Como curiosidade a película, cun gran número de escenas bélicas desenvolvidas na selva fronteiriza, contou coa colaboración do exército venezolano á hora de escollo como armas que cumpría empregar para darlle ao filme maior realismo así como as tácticas de guerra que era necesario recrear. ♦

DEZ ANOS DE CÓMIC EN ARTEIXO

MAR BARROS

Películas de animación, cómic internacional, feira, seminarios, exposicións e tres mil euros en premios. Con estas premisas arranca o vindeiro 8 de abril a X Semana de Banda Deseñada de Arteixo, un dos certames máis destacados do sector.

Os afeccionados á banda deseñada e á animación teñen unha cita en Arteixo entre o oito e o catorce de abril na Semana de Banda Deseñada. Con dez anos ás costas esta nova edición do evento, un dos máis destacados que se celebran no país e cunha importante contía en premios, parte coa proxección dalgunhas das películas de animación galegas máis destacadas, con diversas exposicións e coa presentación dun fanzine ademais do concurso nas súas diferentes categorías.

Esta décima edición da Semana preséntase ademais con moitas novidades. Unha delas é a exposición *O Mundo do Cómic*, unha mostra coa que o Departamento de Xuventude, organizador do certame, quere "achegar ao público os traballos que se están a realizar fóra das nosas fronteiras, con pezas que van máis alá do tópico e das grandes producións que de cada potencia do cómic chegan a Galiza". Deste xeito, o Centro Cívico Cultural do concello acollerá algunhas das obras do debuxante cubano Aristides Hernández 'Ares' así como traballos de toda unha serie de representantes da animación cubana das últimas décadas. Israel, Nova Zelandia, Panamá e Dinamarca son outros dos países que terán presenza nesta mostra a través dalgun dos seus autores máis destacados.

Paralelamente ao concurso, no que se repartirán entre as diferentes categorías unha contía que ascende a tres mil euros, a Semana de Banda Deseñada in-

clúe toda unha serie de actividades diversas que abarcan dende talleres de animación até presentación de diferentes fanzines.

Fincapé na animación

Outra das novidades que presenta o certame para este ano é a potenciación da curtametraxe en formato animado. Neste sentido, unha das actividades máis destacada é a proxección o 11 de abril de películas como *O visgo máxico*, de Lhosca Arias, *Minotauromaquia*, a curta de Juan Pablo Etcheverry que foi finalista dos premio Goya 2005, *Con que a lavarei* gañadora do Berlina 2005, *Regarei con bágoas os teu pétalos*, gañadora do Goya 2004, *Manipai*, de Jorge Datas e *O enigma do mozo croqueta* de Pablo Llorens, entre outras.

Continuando a andaina iniciada o pasado ano, celebrárase dentro da Semana a II Mostra de Literatura e Animación Xuvenil, unha sorte de feira na que expositores de tendas e de empresas galegas do sector mostrarán os seus produtos.

O programa completábase con diversos seminarios a cargo das produtoras como Lúa Films, IBCinema ou Continental Producións, nos que se abordará o proceso de animación e nos que se amosarán os proxectos que cada unha ten en marcha. Ademais presentarase o fanzine *Certame de Cómic de Arteixo*, no que, por primeira vez, se recollerán na mesma publicación todas as obras presentadas a concurso en 2004.

Despois de dez anos, Xosé



Pormenores da obra gañadora, na categoría de Adultos, da edición do pasado ano.

Ramón Castro, un dos directores do proxecto, fai un balance positivo da década de vida do certame, un tempo no que "a Semana

creceu en medios, en instalacións, en público, en participantes e en premios e foi parada de debuxantes galegos agora con-

sagrados". Con todo, agárdase que este ano a afluencia de público supere as cifras acadadas na pasada edición. ♦

Ó Bardo na Brêtema

Rudesindo Soutelo

Ícone e transcendência

Escutar as seis Suites para Violoncelo Solo de Johann Sebastian Bach (1685-1750) numa sessão de algo mais de duas horas é muito saudável para o cérebro, porque favorece a regeneração das conexões neuronais, estimula o pensamento abstracto, conceptual, ao tempo que desenvolve a capacidade emocional e nos envolve num sublime prazer. É um grande desafio expressivo para os violoncelistas e que poucos chegam a dominar. Um zénite na história da música pura e que outros intérpretes invejam. Recordo a Frans Brügger tocando-as na flauta doce. Bach suporta múltiplas interpretações e é o único autor que supera inclusive a dura prova dum má execução, tal é a solidez da sua construção matemática que qualquer leitura se torna expressão.

A genialidade de Bach era demasiado abstracta e inovadora para ser compreendida pelos seus contemporâneos. As Suites de Violoncelo foram escritas em 1720 e não se puderam tocar em concerto até que o violoncelista catalã Pau Casals (1876-1973) o

fez em 1909, depois de passar vincolo Solo de Johann Sebastian Bach (1685-1750) numa sessão de algo mais de duas horas é muito saudável para o cérebro, porque favorece a regeneração das conexões neuronais, estimula o pensamento abstracto, conceptual, ao tempo que desenvolve a capacidade emocional e nos envolve num sublime prazer. É um grande desafio expressivo para os violoncelistas e que poucos chegam a dominar. Um zénite na história da música pura e que outros intérpretes invejam. Recordo a Frans Brügger tocando-as na flauta doce. Bach suporta múltiplas interpretações e é o único autor que supera inclusive a dura prova dum má execução, tal é a solidez da sua construção matemática que qualquer leitura se torna expressão.

Bach é a "alma mater" dos avanços musicais do século XX e vai continuar a sê-lo por muito tempo. Arnold Schönberg, e mais ainda o seu discípulo Anton Webern foram expressões puramente bachianas, tanto na elevada transcendência da sua música como na arquitetura e forma. Programar Bach num concerto junto com obras dos seus coetâneos é quase um insulto para a inteligência, porque ainda que viveu no barroco foi expulso da história da música pelos cães-cérbero da música, e

os seus manuscritos espalhados ao menos entre 172 famílias. Mas permaneceu vivo na memória dos grandes génios como alimento espiritual, técnico e intelectual. Felix Mendelssohn lutou contra das intrigas reaccionárias para conseguir oferecer em 1829, cem anos depois da criação e única interpretação, a "Paixão segundo Mateus" e aí começa a lenta recuperação do legado de Bach. Ainda agora, este 20 de Março, estreou-se em Tóquio uma "Cantata de Nupcias", a BWV 216, reconstruída por Joshua Rifkin a partir de oito páginas com duas vezes que apareceram entre os bens deixados pela pianista japonesa Chieko Hara, falecida em 2001 e viúva de outro grande violoncelista catalã, Gaspar Cassadó (1897-1966), quem teria recebido o manuscrito da família de Mendelssohn com a qual tinha uma estreita relação.

Na acta do 21 de Fevereiro de 1706 do Consistório de Lübeck consta uma repreensão a Bach por ter feito "assombrosas variações" nos corais e introduzido "tonum peregrinum" e até "tonum contra-

rium". Quando se candidatou à vaga de Cantor ou Kapellmeister -director de música da Igreja- de São Tomás de Leipzig em 1723, o júri, com evidente desprezo para Bach, manifestou: "já que não conquistamos os melhores, teremos de aceitar os medíocres". E mesmo P. I. Chaikovsky mostrava a sua incapacidade para a música quando dizia que as "Paixões" de Bach eram "uma tortura autenticamente clássica", o qual explica que muita gente considere que o único defeito do compositor russo é a sua música. Só um génio, ou senão um estúpido, escreve música que ninguém pode tocar. O estúpido passará a vida a dizer que é um génio incompreendido, enquanto o génio utilizará a força criadora para facilitar a compreensão da vida e possibilitar assim o avanço das ideias. Bach tinha um sentido da transcendência tão elevado que se adiantou ao menos dois séculos ao seu tempo. Agradeço o emocionado correio que recebi dum estudante de jornalismo, Gerardo, pela descrição do processo criativo no artigo anterior. E

ilustra-me sobre o algoritmo que utiliza o serviço de notícias dum popular pesquisador da internet para dirimir o que é notícia, concluindo que o mais citado, a simples repetição do existente, isso é o noticioso. O axioma nazi de "uma mentira, repetida mil vezes, torna-se uma verdade inquestionável" também não era original.

O reaccionário confunde o espectáculo vácuo dos efeitos sonoros com a expressão musical e assim quando escuta obras como "Carmina Burana" de Carl Orff crê que está a desfrutar dos prazeres da arte moderna. Hitler considerava essa obra como o modelo a seguir frente da "arte degenerada" dos grandes criadores exilados. Essa doutrina do exílio para os compositores "degenerados" é compartilhada pelo governo galego que mimetiza os gestos e até os títulos, como bem realça o Carminha Burrana da in-cultura deste império, ou Reich, autónomo.

Apropriaram-se do ícone mas não podem impedir a transcendência das ideias de Bach. ♦ ant@soutelo.com

A Ucha das Horas

Felipe Senén

Pascua

FRANCISCO CARBALLO

Dúas veces ao ano podes asomarte ás prazas e aos blogs, porque verás xentes en acción e a reflectir sobre o cristián. Con acerto ou con extraviado, de todo.

A memoria da Pascua é decisiva para cantos cren que Xesús de Nazaré é un significativo. Os hebreos non sabían memorizar o seu pasado sen aludir ao exodo-saída de Exipto. Máis aínda os cristiáns: imposible expresar a súa condición sen a crucifixión-resurrección, de Xesucristo.

O autor do Evanxeo de Xoán arrastra as páxinas até que a Gloria se manifestou na cruz: *consumatum est*. A iso segue un intento literario de identificar o Resucitado co Xesús de Nazaré profeta, envanxelizador, irmán.


Atención: "irmán", os seguidores de Xesucristo son unha fraternidade co irmán Xesús. Este é o irmán maior, primeiro, primoxénito. Todos os humanos estamos convocados á fraternidade = igrexa.

Na vida dos cristiáns hai sempre unha tensión íntima e insuperábel: de seren cidadáns do mundo sen seren do mundo, porque a súa fe non llea deus a familia, a parentela, o país, senón o Espírito –a forza irruente na conciencia que reconeceu en Xesús ao enviado, modelo, condición da verdade da creación.

A Igrexa, esa fraternidade, atravesa situacións diferentes; responde aos retos de forma diferente. Acerta, erra, pide perdón, cambia. Mais sempre se algo é, se algo da e para algo serve, é porque acaba por recuperarse grazas ao rescaldado memorial da pascua de Xesucristo. ♦

En ocasións, interesadamente, os documentos menten, para sobre eles construír e defender falsidades. A investigación en permanente dialéctica, como o contraste das múltiples fontes, poden ser a mellor práctica para acadar unha resposta máis auténtica. A historia, como ciencia obxectiva, ten o mérito de poder ser revisábel en calquera intre; aínda mellor dende unha máis ampla perspectiva temporal e liberdade de acceso ás fontes, para ir contextualizando os acontecementos no seu espazo, tempo e sociedade. A historia como suma de acontecementos, secuencia de causas e efectos con subefectos, é produto de intereses e incluso azares, non fáciles de explicar fóra do seu ambiente orixinal. Feitos e desfeitos que pesan sobre os seus artifices, os actores da historia, pero tamén sobre os que a contan, os seus autores, os historiadores. A política, como un xeito de organización, de xestión, media en toda cuestión social. Segundo as versións que se sigan un pode reconstruír o acontecer ao seu xeito, tanto dende a óptica heroica dos vencidos, como dende a arrogancia dos vencedores. En toda sociedade hai os que determinan e os da oposición, como os que non se dan por enterados e "pasan". Asumimos tamén que a visión da historia pode ser tanto dende as torres dun nacionalismo periférico, como dende os *bunkers* dun nacionalismo centralista, ou –se de arrobos de terra e poder se trata– dende os satélites dun campante imperialismo global *democraticamente* á súa comenencia. A historia escrita –que non o verdadeiro acontecer– constrúese segundo o prisma dende o que se mira e a cor do que a escribe, normalmente esperpentizando o que non convén e aproveitando e adornando o que interesa.

Sabemos que, interesadamente, moitas cousas poden quedar nos tinteiros, omisións que poden axudar a descubrir e analizar a manipulación e *reguísados* de datos. Julio Caro Baroja tense referido ás *Falsificaciones de la historia*, tamén Ricardo de la Cierva en *No nos robarán la historia*. Efectos da excitación piadosa cando se trata de cuestións relixiosas, tamén da eferescencia nacional ao referirse a cuestións de territorio, como de intereses macroeconómicos para o mundo da globalización do mercado e do poder. A pesar da dificultade e dos intereses, existe historia tratada con rigor, con base e conclu-



O soterramento do apóstolo Santiago constitúe unha das falsificacións históricas de maior alcance.

sión no contraste de todo tipo de fontes. Pola contra, tamén existe a fraude, a adulteración, a mala historia, mal documentada, mal interpretada, manipulada, con anecdóticos e falsidades inspiradas noutras falsidades, sobre as que se irán montando outras historias sucedáneas. Na historia fundámanse identidades, créanse símbolos e mitos colectivos, que se non son certos poden crear un acontecer certo. Valla o exemplo do celtismo galego, coa súa conseguinte celtofilia e celtofoobia, de símbolos e estética, que anovaron o decadente panorama dos *souvenirs*; cando, na Idade do Ferro, "celta" tiña matriz en Centroeuropa. Soubérono ben os nefastos reconstrutores do nazismo ario. Valla tamén, como exemplo, a errónea idea da *Hispania* romana, forzada pola historiografía tradicional española e cinguida aos líndeiros da silueta da pel de touro, cando esta abraguía boa parte da actual Europa occidental, e África, tendo Gallaecia e Lusi-

tania a súa personalidade propia. Valla igualmente que se as reliquias veneradas en Compostela non son as do Santiago, íntimo amigo do Cristo, si é certa a arqueoloxía dunha importante cidadela romana. Como é certo o mesmo debate da investigación, Pedro de Mezonzo, o Pórtico da Gloria, Xélmirez, o Obradoiro, os Fonseca... e canta gloria naceu do berce do mito do sartego apóstólico. Algúns historiadores escamotean deste occidente o reino suevo, o máis antigo reino cristián de Europa, como no século XI o nacente Reino de León e Galicia, xermolo do Reino de Castela, resultado das partixas do rei galego Alfonso VII, ao deixarlle Castela-Toledo a Sancho e Galicia-León a Fernando. O protagonismo de Galiza-León no mediovo é escamoteado interesadamente polos historiadores do século XX, igual que as cuestións de independencia portuguesa, as que teñen arranque nas cuestións oligárquicas de Galiza. Galiza-León

e Castela-Toledo únense teoricamente no 1230 con Fernando III, fillo do rei galego Alfonso VIII... O Rei Sabio, Alfonso X - coordinador dunha escola autora de moitas cousas, entre elas as *Cantigas de Santa María*, pero tamén da *Crónica Xeral* –parte da Biblia, a que toma como referente "científico" de base: o Tubal civilizador, fillo de Jafet, neto de Noé, asentárase en Iberia... continuada polas aventuras de Hércules e o seu encontro co xigante Xerión... Os cronicóns complementan etapas cos seus datos a tal historia novelada, na que tamén interveñen e atopan acomodo héroes da *Iliada* e da *Odisea*. A Castela mítica, imperante, adornárase con misións "civilizadoras", simbolizada por aguías trunfantes, toisóns e mausoleos reais. No 1833, ao tempo de nacer o Estado Liberal, un Real Decreto suprime a organización do Estado en Reinos, para crear artificialmente a xeometría das actuais provincias: dende a "doma e castración, promovida polos Reis Católicos, e até entón, o Rei de España sumaba entre outros o de Rei de Galicia. Deste feito naceu e madurou o galeguismo nos chanzos de provincialismo, rexionalismo e logo nacionalismo. Algo que interesadamente se enchapapoteou en confusións.

Ergueranse pináculos sobre torres de falsificacións: os frades amanuenses, seguidores da norma bieita, transcribían ao seu xeito os vellos documentos herdados e reinterpretaban topónimos, heráldicas... e velaí que a un lugar pino, penedío, pinario, puxéronlle como emblema un piñeiro... e velaí como *pecata minuta* algunhas outras confusións entre *besteiros*, os que vivían das bestas e *baesteiros* de bésta en man... Tamén hai algún historiador que confunde o *Libro do Tombo* como atopado nunha tumba, e non como *tommo* ou túmulo, amoreamento de documentos antigos. E máis curiosamente, non esquecemos aquel historiador que describe o arco esquerdo do Pórtico da Gloria, falando de que un "bravo toro oprime a los representante de las doce tribus de Judá"... mala interpretación do "toro" (tourada en galego), como bocel arquitectónico, (símbolo románico da opresora *Ley Mesíasica*)... Non é fácil quitar as orelleras e as gafas mentais do pasado, seguramente para poñer outras posmodernas. ♦

As Bioinvasións na Galiza

Xurxo Pérez Pintos - Xosé Bouzó Fernández

Colección: NÓS OS GALEGOS

OS CENTOS DE ESPECIES QUE COLONIZARON GALIZA: A ROLA TURCA, O ARGAZO, O VISÓN AMERICANO OU A COTORRA ARGENTINA. TAMÉN A MIMOSA, O EUCALIPTO OU A PERCA AMERICANA. CASOS DA AMPLA NÓMINA DE BIOINVASIÓN QUE SOFRE A NOSA TERRA E UNHA AVALIACIÓN DOS SEUS RISCOS CERTOS.

A NOSA TERRA



O Trínque

20 anos de Radio Galega

Acender o transistor e escoitar radio feita en galego segue a parecer un milagre. Vinte anos despois daquel 29 de marzo do 1985 no que comezou a emitir a canle pública

de Galiza, a Radio Galega enriqueceuse con dúas novas propostas, Radio Galega Música e Son Galicia Radio. Todas elas poden seguirse pola internet (www.crtvg.es). ♦



Betanzos

EXPOSICIÓNS

JUAN CARLOS MESTRE
O artista berziano presenta, na galería CIEC, unha mostra de augafortes e augatintas, plétóricas de forza, desde este venres 1 ate o 30 de abril.

Cangas

EXPOSICIÓNS

A CARÓN DO MAR
Os traballos de **Manolo Figueras** poden ollarse na galería de Arte Contemporánea (pza. do Progreso 2, 1º) de mércores a sábado.

Cea

EXPOSICIÓNS

MOSTEIRO DE OSEIRA
O *Antigo Comedor* do ilustre edificio acolle, até o venres, unha mostra de fotografías.

A Coruña

ACTOS

SEDUCIDOS POLO ACCIDENTE
Parellamente a esta mostra, que se desenvolve na *Fundación Luis Seoane*, durante todos os venres dos meses reputados especialistas aportarán a súa opinión sobre o tema. Este venres 1 ás 20 h. vai falar o xornalista **Ignacio Ramonet**, e o vindeiro venres 8 á mesma hora intervirá o crítico de arte contemporánea **Jean-François Chevrier**.

ARQUITECTURAS AUSENTES
Este ciclo de conferencias, organizado pola *Fundación Barrié* como actividade complementaria da mostra do mesmo nome, preséntanos a **José Manuel López Pelaez**, o martes 5 ás 20 h., que impartirá a charla **Erik Gunnar Asplund. Exposición Universal de Estocolmo, 1930**.

CINEMA

CGAI
O *Centro Galego de Artes da Imaxe* proxecta, dentro do ciclo *Hammer Films*, este xoves 31 ás 20:30 h. a fita *El experimento del Doctor Quatermass* (1955), de **Val Guest**. Máis información en www.cgai.org.

EXPOSICIÓNS

BRIGADAS INTERNACIONAIS. IMAXES RECUPERADAS
Até 28 de abril, a *Fundación Caixa Galicia* acolle a reconstrución, a través de imaxes de reporteiros gráficos da altura de **Robert Capa**, **David Seymour** e **Agustí Centelles**, da grande aventura das Brigadas Internacionais na Guerra Civil. As imaxes, moitas inéditas, evocan a vida e loita destes voluntarios, así como a repercusión que o conflito tivo en todo o mundo.

SEDUCIDOS POLO ACCIDENTE
A *Fundación Luis Seoane* acolle, até o 19 de xuño, esta mostra na que unha trintena de pezas teñen un mesmo fio condutor, a seducción que mostran os creadores contemporáneos por acontecementos accidentais ou catastróficos. Os accidentes móstranse matizados pola intencionalidade dos artistas que, ás veces, supón unha vía de escape fronte ás tragedias.

LI ZHENSHENG
Podemos ollar as súas fotografías no *Quisque Alfonso*.

ESENCIAS DE ANIMACIÓN
Mostra didáctica que podemos visitar, até o 13 de abril, no *Centro On de Caixa Galicia*.

ARQUITECTURAS AUSENTES DO S. XX
Esta mostra organizada pola *Fundación Barrié* e o Ministerio de Vivienda amosa 21 obras que foron proxectadas pero non construídas, ou que foron construídas e perdura-

ron un breve espazo de tempo, ben polo seu derrubo ben por ser concebidas como temporais. Proxectos de **Alvar Aalto**, **Wales Gropius**, **Le Corbusier**, **El Lissitzky**, **Adolf Loos**, **Mies van der Rohe**, **Alejandro de la Sota**, **Giuseppe Terragni** ou **Frank Lloyd Wright**, que poderemos admirar até o 15 de maio. Obradoiros didácticos para escolares e visitas guiadas para adultos. Máis información en www.fbarrie.org.

GALICIA EN ARQUITECTURA XXI
Mostra da *Fundación Barrié* na que se fai un percorrido pola creatividade e produción arquitectónica no noso país, desde as orixes da arquitectura moderna até a actualidade, con obras de 51 profesionais, entre os que se pode atopar a **Alejandro de la Sota**, **Ramón Vázquez Molezún**, **Peter Eisenman**, **Enric Miralles**, **Aldo Rossi**, **Álvaro de Siza**, **Arata Isozaki**, **Manuel Gallego**, **Victor López Cotelo** ou



Carteleira

KINSEY. Historia de Alfred Kinsey, o biólogo que revolucionou a sociedade norteamericana ao estudar os seus usos sexuais á marxe dos convencionalismos sociais e que loitou contra numerosos tabús. Película que dá todo o que pode dar de si unha biografía.

A MEMORIA DOS MORTOS. Un home dedícase a montar películas sobre a vida dos mortos despois de retirarlle un implante que grava todas as súas experiencias desde a nenez. Mais hai un movemento que trata de rematar con estas prácticas.

LONGO DOMINGO DE NOIVADO. Unha parella sepárase porque o noivo ten que ir combater na I Guerra Mundial nas filas francesas. Intenta desertar e é condenado a morte. A súa moza nunca cre a versión oficial e comeza unha investigación para saber se continúa vivo. Grande interpretación de Audrey Tautou (*Amélie*). Recomendábel.

O AFUNDIMENTO. Berlín, abril de 1945. Nun búnker os delirios de Hitler ante un fin inminente atopan a adhesión fanática dalgúns dirixentes nazis e a oposición máis racional dalgúns xenerais, que procuran unha rendición que evite sufrimentos á poboación civil. Un tanto agónica.

OS PAIS DEL. Non é preciso contar o argumento desta película chea de famosos (De Niro, Hoffman, Sarandon, Streissand, Stiller). Ningún deles se cre o papel que interpreta. Diversión a base de sal gorda. Xa saben: protese mamaria, peidos, etc.

A RAPAZA DO MILLÓN DE DÓLARES. O último Clint Eastwood presenta unha nova versión dos Karate Kid, en liña feminista, ategada dos tópicos do xénero. Por baixo das súas demais producións como director.

ALEXANDRE MAGNO. Fita histórica que

narra a biografía do gran heroe macedonio visto polo seu xeneral Ptolomeo. O director, Oliver Stone, opta por unha narración por etapas da vida do rei heleno entre as que hai moitas lagas. Céntrase demasiado na condición sexual do protagonista.

CLOSER. Os amores, ciúmes, traizóns e reconciliacións de dúas parellas que se intercambian entre si. Diálogos intelixentes, actitudes melodramáticas e cinismo nunha película que non evita tratar o sexo como o que é.

OS RAPACES DO CORO. Historia dun internado na Francia de posguerra. Melodrama pedagóxico, agradábel de ver. O profesor mao é moi mao e o bo é moi bo.

SÓ UN BICO. Ken Loach preséntanos unha película de amor entre unha irlandesa católica afincada en Escocia e un paquistaní de Glasgow. A intolerancia relixiosa e racial difi-

cultan a relación entre os dous rapaces. Comedia romántica.

A VIDA É UN MILAGRE. O iugoslavo Emir Kusturika (*Papá está en viaxe de negocios*) dirixe unha das mellores películas da temporada. Ambientada na Servo-Bosnia, reúne humor, música, paisaxes, política, boas interpretacións, excelente guiño e a marca persoal, felizmente excesiva, do director.

DÚAS IRMÁS. Dúas irmás chegan á casa da súa madrastra, unha muller coa que teñen unha mala relación a consecuencia dun pasado escuro que non se remata de aclarar. Ademais, na casa comezan a suceder fenómenos estraños.

DOPO MEZZANOTTE. Un ladrón de coches, a noiva, a compañeira de piso desta e un vixilante do museo do cinema forman dous triángulos amorosos cunha intriga policial polo medio. Comedia romántica. ♦

leCER

Coordinación: Xesús Vaamonde Cid
GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

La Costa Brava

Membros de **Australian Blonde** e de **El niño gusano** xuntáronse nesta banda, a máis prolífica no panorama pop actual. Presentarán os temas do

seu disco *Llamadas perdidas* este venres 1 na sala *Mardi Gras* da **CORUÑA** ás 22:30 h; e o sábado 2 na *Iguana* de **VIGO** ás 00:30 h. ♦

Lamatumbá



A banda ourensana está de xira para presentar o seu novo disco *Lume (para que saia o sol)*. Este xoves 31 toca na sala *Capital de COMPOSTELA*; o venres 1 estará no *Clavicémbalo* de

LUGO; o sábado 2 estará na sala *Star-luz* de **PONTEVEDRA**; o vindeiro venres 8 chega á *Iguana Club* de **VIGO**; e o sábado 9 o concerto celebrárase na *Mariligrás* da **CORUÑA**. ♦

Alberto Conde


Dá un concerto de música galega contemporánea por piano este xoves 31 na *Casa da Cultura* de

FENE ás 20 h; en **BURELA** fará o venres 1 ás 21:30 tamén na *Casa da Cultura*. ♦

Danza Contemporánea do último verán. Este xoves 31 a partir das 21 h. no *Forum Metropolitan* por 9 euros, con *Druida Danza*, Coreografía Meltemi/Damián Muñoz, Corpore Música, Beatriz Pérez, Armando Marten e Alexis Fernández, Katerina Varela e Alexis Fdez, David Loira e Ruth Balbís, Sergio Zeareta, Carlota Pérez e Blanca Blanco, Blanca Blanco e Katerina Varela e...

MÚSICA CON RAÍCES
O ciclo de concertos promovido polo Concello e *Caixanova* presenta ao portugués **Rodrigo Leão**, este sábado 2 ás 21 h. no *Pazo da Ópera*. Entradas á venda na billeteira, ou no telf. 902 434 443, por 15 e 18 euros.

AO PÉ DA LETRA
Un espectáculo na boca da realidade o próximo xoves 7 no teatro *Rosalía de Castro* ás 21 h. Hip hop, música electrónica, pop, rock, folk... nesta festa de Norde-sía Producións coa música popular urbana de **Marful** (Ugía Pedreira, Pedro Pascual e Marcos Teira), a fonética, poética, acústica e rock de **Narf** (Fran Pérez), as rimas de **Non Residentz**, a voz e guitarra de Berrogiotte, **Guadi galego**, os kamikazes electrónicos e house-jazz de **Safari Orquestra** (Emilio López, Xermán Viluba e Arturo Vaquero), as músicas de mestre de **Xabier Díaz** e, como sempre de cerimoniais, o **DJ Two Faces**. Un trínque de singularidades, unha conxura de voces única na escena musical galega.



Unha mostra fotográfica da Fundación Curme ocupa a Casa da Xuventude de VIGO.



relación do individuo contemporáneo cos medios de comunicación de masas.

FOTOGRAFÍA CONTEMPORÁNEA
As melloras imaxes pertencentes á *Colección de Telefónica* exhibense até o 5 de xuño na planta baixa do MARCO.

COLECCIÓN CAIXANOVA
A planta primeira do Centro Social da entidade acolle unha escolma de máis de 120 obras da súa colección particular, entre as que destacan as adquisicións máis recentes, onde a fotografía ten un lugar relevante.

20 DESARRANXOS
O MARCO acolle unha mostra sobre o *Panorama da arte brasileira*, formada por 57 obras en todo tipo de soportes, como instalacións, intervencións, obxectos, pinturas, gravados, esculturas, vídeos, etc... concebidas a partir da idea do desarranxo artístico de estruturas, materiais, da dimensión formal ou do contido das mesmas.

MÚSICA
BURNING
A *Iguana Club* ten unha apertada axenda de concertos. Este xoves 31 ás 22:30, con entrada a 12 euros, tocará o grupo madrileño de rock; ese mesmo día a partir das 2 e con entrada libre estará o DJ **Miguelito Superstar** (Fundación Tony Manero). O venres 1 a partir das 00:30 e con entradas a 5 euros, tocarán **Murays** e **The New Rippers**; e o sábado 2, tamén ás 00:30 e con entradas a 8 (antecipada) e 10 euros, está **La Costa Brava**.

MIRO CASABELLA
En concerto este sábado 2 ás 23 h, na sala *Manteca* (Caral 3, a carón da Porta do Sol). O cantante, que pertenciu a Voces Ceibe e ao grupo Doa, cun longo currículo de concertos ao longo, dá este concerto, organizado pola *Asemblea Republicana de Vigo*, dentro dos actos conmemorativos da República. Entradas xa á venda, 6 euros, na propia sala.

XOÁN CURIÉL
Presenta un espectáculo de bossa nova composto por versións de autores brasileiros e composicións propias en galego, así como algún tema doutros países da área lusófona, este xoves 31 ás 19:30 h no *Universitas Caf*

do Campus Universitario.

ANGELES RUIBAL
Este venres 1 ás 20:30 h. no *C.C. Caixanova* vai dar un recital de canto no que interpretará obras de Lorca, Ferrero ou Alberti entre outros, acompañada á guitarra por **Daniel Seminario**. No mesmo lugar gozaremos o luns 4 ás 20:30 h co concerto de viola de gamba da man do músico **Jordi Savall**, acompañado do seu grupo *Hesperion XXI*.

TEATRO
ONDAS
Obras de teatro nun cuarto de baño, a compañía **Nove Dous** presenta no *Ensalle* (Chile 15) unha montaxe con este argumento, escrita e dirixida por **Maxi Rodríguez**. Este sábado 2 ás 22:30 h. e o domingo 3 ás 21:30 h. Máis información en www.teatroensalle.com.

EL CANTO DEL CISNE
Manuel de Blas, Cristina Higuera, Juan Díaz, Carolina Solas e Raquel Rivera representan esta obra, adaptación de **Emilio del Valle**, baseada na homónima de **Chejov**, este sábado 2 ás 20:30 h. no *C.C. Caixanova*. As entradas poden mercarse no telf. 986 110 500 ou en www.caixanova.es.

Vilagarcía
ACTOS
EMILIO X. INSUA
O vindeiro xoves 7 ás 20:30 na librería Arousa (Edelmiro Trillo 18) presenta o seu libro de poesía *Acontece ás veces a ternura*, que mereceu o premio *Prados Ledesma 03*, do Concello de Viveiro e que acaba de editar Espiral Maior. Ademais do autor intervirán o poeta **Carlos Negro**, o editor **Miguel A. Fernán Vello** e o ilustrador **Saúl Otero**.

EXPOSICIÓN
FRANCISCO PAZOS
As súas esculturas poden admirarse na *Casa da Cultura*.

Xinzo de Limia
EXPOSICIÓN
XOSÉ MANSO
Mostra de esculturas en raíces de árbores na *Casa da Cultura*.

Anuncios de balde

- **Xa tes un novo medio de comunicación ao teu alcance na rede galega:** www.xente.mundo-r.com/arroutaida. Entra e enterate do que pasa en Galiza. Contacta con nós en arroutaidainforma@mundo-r.com.
- **Alégase apartamento en Viveiro** (en xullo e agosto) con dous cuartos, baño, salón, cociña, ampla terraza, luminoso. A 50 m. da praia, do paseo marítimo e do parque. Telf. 982 562 498 polas noites
- **Solicítase perruqueira na Coruña** para atender perruquería. Chamar ao 981 122 112.
- **Véndese apartamento no antigo Gran Hotel de Mondadiz**. Telf. 986 211 287.
- **Véndese piso de 120 m² en Viveiro**. Tres cuartos, dous baños, salón, cociña, terraza, luminoso. A 50 m. da praia, do paseo marítimo e do parque. Telf. 982 562 498 polas noites.
- **En Lira-Carnota alégase apartamento ao carón da praia**, con terraza e vistas ao mar, completamente equipado para 4 persoas. Semana Santa 300 euros, 1ª quincena de xullo 420 e a 2ª, 500. Dispoñíbel todo o verán. Interesados chamar ao 981 761 114 ou ao 666 843 997.
- **Véndense traballos de artesanía en pedra do país:** fontes, pías, pináculos, cruceiros, etc... Chamar ao telf. 686 482 967.
- **Clases de Ikebana (arte floral xaponesa) en Santiago ou na Coruña**, para descubrir unha forma distinta de valorar as flores e a natureza. Telf. 654 834 280.
- **Mozo de 34 anos ofrécese para traballar en Vigo como conserxe, peón para a construción ou para empresas de limpeza**. Preguntar por Alberto no telf. 616 870 908.
- **Alugo piso na Coruña de 100 m², to-**

- dos os cuartos con vistas ao mar**, totalmente equipado e reformado, por 500 euros ao mes. Preguntar por Xulia no 660 278 534 ou, ás noites, no 981 606 273.
- **Ofrécese, gratuitamente, instalación ou Montaxe** para sá de arte, colexio, museo, etc. Elementos estruturados en ángulo recto. Metales-aporte de madeira tratada con xeso. Aplicación de cores polo procedemento de *action painting*. Técnica mixta con aglutinación de pó de mármore. A instalación conforma un recinto con pequeno corredor de acceso. Para os nenos: as táboas permiten ver, desde dentro, o que hai fóra. Telf. 986 482 540 (Xesús).
- **Música clásica para vodas**. Chamar ao 650 829 491 ou ao 981 507 925.
- **Alégase casa para fins de semana ou vacacións en Nogueira de Ramuín**, na Ribeira Sacra. Totalmente equipada e con garaxe. Telf. 986 376 022 ou 661 642 070.
- **Alugo cuarto a moza en Santiago**. Zona Avda. de Lugo - Fontiñas. Piso novo con dereito a cociña e televisión. Telf. 652 885 048.
- **Véndense escudos da Galiza de Castelaos feitos en madeira de cedro e cocobolo**. Económicos. Tifs:699 103 510-687 315 234
- **Ofrécese rapaza responsábel para coidar crianzas por horas en Vigo**. Tlf: 687 315 234.
- **Psicólogo galego-argentino atende consultas de emigrantes**. Crise na reintegración, na familia, na escola. Primeira consulta de balde. Psicoterapia breve. Organización de grupos de reflexión en cidades galegas. Pedir cita no telf. 981 134 144.
- **Coidance nenos e anciáns e faise limpeza de fogar en Vigo** a calquer hora. Chamar ao 655 976 180 ou ao 986 403 492.

- **Busco unha muller solteira e sen compromisos**, preferiblemente entre 25 e 35 anos, que sexa honesta, sensíbel e teña uns ideais progresista e galeguistas, para amizade e compartir momentos, aficións e o que xurda. O meu correo electrónico é galizanacion1965@yahoo.es
- **Alégase cuarto en Vigo**, na Travesía de Vigo. Telf. 670 528 678 / 986 250 144.
- **Mudanzas e trasladados con eficacia e seriedade** en Vigo. J.J. Herbón, telf. 647 047 790.
- **Véndese Subaru** traído dos Estados Unidos, con catro cilindros e motor de 1.8 por 3000 euros. Preguntar por Alfonso no 986 584 911.
- **Merco Dicionario de usos Castellano-Galego** de Xosé M^o Freixedo e Fe Alvarez Carracedo. Ofertas ao telf. 986 204 774.
- **Cóidance nenos e anciáns en Vigo**, persoal especializado en educación e con experiencia na atención de persoas maiores. Preguntar por Rosana Pérez no telf. 667 545 033.
- **Realizo animación de festas infantís** con xogos, deportes e bailes, e **adestramentos persoais** para distintas idades **para manterse en forma física en Vigo**. Interesados contactar con Emiliano no telf. 667 545 033.
- **En Meira, Lugo, alégase casa rural, perto do nacemento do río Miño**. Tres cuartos dobres con baño, cociña, calefacción e 10.000 m² de finca. Fins de semana ou temporada. Telf. 982 331 700, 686 753 105 ou www.distridido.com
- **Merco violoncello 1/8**, de madeira maciza. Chamar ao 629 955 152.
- **Véndese lote de móbiles antigos e variados**. Preguntar por Fátima no 665 386 661. ♦



Barcelona

ACTOS
ERNESTO GONZÁLEZ SEOANE
O decano da Facultade de Filoloxía da U. de Santiago, investigador do ILG e un dos expertos que fixou a normativa da concordia, falará sobre *A estandarización do galego moderno: debates arre-*



dor da norma o venres 8 ás 19 h. no Edificio Histórico, aula 111 (Pati de Lletres) da Gran Via de les Corts Catalanes 585. Organiza Filologies Gallega i Portuguesa.

Porto

MÚSICA
FESTIVAL INTERCÉLTICO
Coa primavera chega déci-

mo quinta edición deste reputado evento, que este ano conta con cinco sedes diferentes. Comeza este venres 1 ás 21:30 h. en **Praia da Vitória**, co concerto dos grupos portugueses **Ronda da Madrugada** e **Roldana Folk**; o sábado 2 tocará no mesmo lugar a banda da illa de Madeira **Xarabanda** e a gaiteira galega **Susana Seivane**. A galega recibe actuación o vindeiro xoves 7 á mesma hora no teatro *Thvoli* do Porto, xunto cos portugueses **Quadrilha**; o venres 8 ollaremos aos lusos **Galandum Gulundaina** e aos irlandeses **North Cregg**; e o sábado 9 aos **Xarabanda** e máis aos irlandeses **Danú**. Estes tocan o xoves 7 en **Lisboa**, e o venres 8 estarán na capital os galegos de **Luar na Lubre**. O programa complétase cos concertos de **Quadrilha**, o venres 8, e de **North Cregg**, o sábado 9 en **Aros de Valdevez**; e cos de **Danú** e **Luar na Lubre** en **Montemor-o-Novo**, neses mesmos días. Máis información en www.discantus.pt.

Lisboa

EXPOSICIÓN
GULBELKIAN
A galería de Exposicións Temporáreas do edificio da sede da Fundación C. Gulbelkian acolle a mostra *Looking both ways. Das esquinas do ohar. Arte da diáspora africana contemporánea*, con obras de **Fernando Alvim, Ghada Amer, Oladé A. Bamgboye, Allan de Souza, Kendall Gers, Moshekwa Langa, Hassan Musa, N'Dilo Mutima, Wangechi Mutu, Ingrid Mwangi, Zineb Sedira** e **Yinka Shonibare** até esta segunda feira 3 de abril; neste mesmo lugar podemos contemplar a obra fotográfica de **Eduardo Nery**, titulada *Metamorfoses*, até o 20 de xuño. No CJAMP están os deseños de **Ana Hatherly** até o 20 de xuño; e as gravuras de **Mully Possoz** até o 13 de xuño. De 10 a 18 h, fecha as segundas feiras. ♦

A Rede



GALICIA ENCANTADA
www.galiciaencantada.com

A enciclopedia da fantasía popular na Galiza nesta páxina electrónica. Con lendas de todo o país, relatorio de seres míticos, demos, fauna, ritos, etc. Admite lendas remitidas polos internautas. Moi completa. ♦

Miro Casabella toca e canta este sábado 2 en VIGO.

O Museo do Mar en VIGO alberga unha mostra sobre a cestería do mar. Na imaxe, o Areal vigués hai anos.

Unha pequenísima cadea de moléculas de ADN di todo o que hai que dicir de nós. Un detalle cotián abonda para retratar a Galiza do PP. Os organizadores da pasada Feira do Viño

de Sober convidaron a Carlos Falcó a facer o pregón. O Marqués de Griñón non asistiu e, para estupefacción dos asistentes, enviou un vídeo no que dicía que bebera todos os Amante que lle envia-

ran (gratis), pero que non podía acudir porque estaba moi ocupado. Así é esta Galiza que convida e lle paga ao señorito foráneo e logo soporta que este se ría dela, con cara de ampada. ♦



Director: Alfonso Eiré López. Empresa XORNALÍSTICA EDITORIAL: Promocións Culturais Galegas S.A. Presidente: Xosé Fernández Puga. Príncipe, 22, planta baixa (36310) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 930*. Redacción 986 433 986 - 22 24 05. Fax 986 223 101. info@anosaterra.com
Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr/m²

Xosé Méndez

'Fíxenme músico aos sesenta anos'

A. EIRÉ
É seguramente un caso único. Ten dúas invalideces totais. A primeira desde 1978 como representante de comercio. A outra desde hai uns anos como mecánico. Agora só pode traballar oficialmente de porteiro de fincas, caixeiro, administrativo ou recepcionista... Pero decidiu meterse músico. O que arelaba desde meniño. Aos 55 anos entrou no conservatorio sen nunca ter collido un instrumento nas mans. Desde que fixo os 60 toca na banda de Cabral.

A vostede acábele o "de vello gaiteiro". Facerse músico aos sesenta anos...

Desde rapaz xa quería ser músico, pero tiven que aprender o que querían os pais. Teimaron en que fose mecánico pero eu o que arelaba era ser músico, barbeiro ou xastre. O meu pai dicíame: "ti só escolles oficios de mangante. Queres ser músico para traballar só pola tarde".

Os oficios de xastre e barbeiro sempre estiveron relacionados coa música.

Estiveron, pero eu tiven que ser mecánico e esquecerme da música. Cando colles moza xa te esqueces dos outros instrumentos. Logo veñen as cargas familiares e hai que procurar a vida. Nunca cheguei a tocar nin a ter sequera un instrumento nas mans.

Pero non esqueceu a teima de ser músico.

Non. Aos 55 anos, coas tres fillas xa criadas dixen: chegou a hora de que aprenda a tocar o saxofón.

Por que o saxofón. Seríalle máis doado, por exemplo, o bombo?

Con certeza. A miña muller dicíame: non che servirá unha



PACO VILABARROS

das guitarras que deixaron as rapazas por aí arrombadas? Sobre todo cando soubo que o saxo tenor que merquei, un Yamaha, me custou case catrocentas mil pesetas. Pero eu sempre quixen tocar o saxo desde pequeniño, non quería outro instrumento.

Mire que colleu zuna con el... E a darlle a matraca na casa e aos veciños...

Nada diso. Matriculeime no conservatorio Mayeusa e fíxenme catro anos de saxofón e tres de solfeo. Quixen ser un verdadeiro mú-

sico, non tocar de ouvido, entre outras cousas porque á miña idade iso é moi difícil. Teño que dicir que teño bastante forza de vontade.

Pero tería que ensaiar, dedicarlle horas...

Na casa aínda non ensaiaba moito. Algunhas veces cando me poñía a exercitar as notas sostenidas, escoitaba os do taller de abaixo arremedarme xa coa boca. Pero teño unha finca perto de Samil. Alí é onde practico, non molesto a ninguén. Agora nin sequera escapan as gaiotas.

Quería ser artista?

Só quería aprender a tocar. Tocar para min. Cumprir o meu desexo de rapaz. Era algo tremendamente persoal.

Pero acabou nunha banda aos sesenta anos.

Nunca se me pasara pola cabeza. Pero o meu profesor no conservatorio é o director da banda da Asociación Cultural de Cabral e díxome que lle facía falta un saxo e alá fun. Estiven oito meses ensaiando antes de tocar. Cando tocas só, aínda que perdas unha nota non pasa nada, pero nunha banda...

O seu debú coa banda sería un gran día...

Nunca tan nervioso me vira. Nin sequera vía a xente que estaba ao redor. Foi precisamente nun certame de bandas en Pontevedra, co que iso representa.

Agora xa é un profesional da música.

Profesional? A min o que me gusta é pasalo ben, tocar. Ensaíamos dúas veces por semana e saímos tocar unha ducia de veces ao ano fóra de Vigo. Non cobramos nin un céntimo. Damos as camisas e gravatas pero temos que mercar o resto do traxe. Tanto me ten, pero aos rapaces novos, que son a maioría, deberíanos de axudar máis. Pero, claro, a banda vive das axudas.

E a facer de avó tamén na banda.

Cando eu cheguei o maior tiña 40 anos. Lévome moi ben con todos

Non será todo tan feito-queiro, ou?

Pois non, o que máis mal levo son as procesións. Sobre todo ao comezo. Tes que desfilar, soprar, tocar... Cando son nunha subida. Eu que estou coxo! Pero todo sexa pola música. ♦

O sangue dos Cortiña

MIGUEL ANXO FERNÁNDEZ



As terras do Ribeiro acolleron unha epopea, mais tamén unha guerra tan cruel como descoñecida. A rápida e áxil invasión de Galiza polo exército napoleónico transformouse, pouco a pouco, nunha irredenta guerra de guerrillas contra o invasor da terra. *O sangue dos Cortiña* é un relato privilexiado daqueles anos de ocupación francesa e tamén da mítica da solidariedade e da grandeza dunha loita de liberación.

Sociedad e civil

XOSÉ RAMÓN POUSA

Agora que industrialización non é incompatible coa destrución paisaxística e o caos urbanístico, senón máis ben ao contrario, os galegos, con moita máis capacidade de decisión que nunca na historia, aínda que sexa pouca e demandemos máis, estamos destruíndo o territorio, estragando a paisaxe, sen ser capaces de crear riqueza. Esta é a impresión que calquera galego pode tirar despois de percorrer unha ampla franxa costeira entre Ribadeo e Tui. É de feito a reflexión que se fan moitos visitantes que expresan a súa decepción polo paraíso natural que Galicia está deixando de ser a cambio de nada. Sen moita industria, con pouca pesca e cunha agricultura minguante, pero iso si con moito asfalto e excesivo cemento, os galegos camiñamos polo século XXI abocados a un proceso de autodestrución que, unido ao tamén imparábel cambio climático, pode situarnos antes do previsto ao nivel del calquera república bananeira.

Pararse un pouco. Deter todo isto é necesario. Isto é unha obriga da Xunta que, en vinte e cinco anos, non foi quen de construír un modelo de ordenación territorial, pero tamén da sociedade civil que, no caso galego, se esquece constantemente das súas obrigas. Existen espellos próximos nos que mirarse. Non xa Finlandia ou Irlanda, capaces de medrar sen destruír a cultura tradicional, incluíndo arquitectura e paisaxe. Catalunya conta dende hai anos coa Fundación Territori i Paisatge, impulsada por La Caixa, principalmente, e con moitas empresas detrás.

Neste momento, esa fundación é propietaria do 3 por cento do territorio do país, mercado en só sete anos. Para qué? Para edificar?, para explotar urbanisticamente? Para especular? Pois non. Para todo o contrario. Dispoñen xa de oito mil hectáreas en 19 parques naturais privados. O que pretenden é impulsar un singular cambio de planeamento en materia de conservación do territorio en Catalunya, desterrando o tópic de que a protección debe ir da man da propiedade pública, senón que ademais intenta expandir entre os propietarios privados a idea de que preservar a riqueza natural pode ser un valor engadido ao patrimonio familiar ou particular que permite explotar outras vías alternativas aos rendementos tradicionais. Sociedade civil. ♦